

I. Disposicións xerais

MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

14467 *REAL DECRETO 1775/2004, do 30 de xullo, polo que se aproba o Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas. («BOE» 187, do 4-8-2004).*

I

A disposición adicional cuarta da Lei 46/2002, do 18 de decembro, de reforma parcial do imposto sobre a renda das persoas físicas e pola que se modifican as leis dos impostos sobre sociedades e sobre a renda de non-residentes, na redacción dada pola disposición derradeira décimo oitava da Lei 62/2003, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, habilitou o Goberno para elaborar o texto refundido da Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado por Real decreto lexislativo 3/2004, do 5 de marzo.

En relación co dito texto refundido, o Consello de Estado, en ditames do 16 de outubro de 2003 e 26 de febreiro de 2004, observou que debía procederse a refundir nun único corpo normativo todas as disposicións regulamentarias vixentes, aproveitando a ocasión para realizar unicamente os axustes relativos a remisións e nova numeración de artigos.

Atendendo a observación do Alto Órgano Consultivo elabórase este real decreto, polo que se aproba o Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, co fin de contribuír á necesaria claridade das normas tributarias e á seguridade xurídica da Administración tributaria e, especialmente, dos contribuíntes.

II

O Real decreto 214/1999, do 5 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, que agora se derroga, contiña as disposicións regulamentarias que desenvolvían a Lei 40/1998, do 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias.

Este real decreto, desde a súa entrada en vigor, experimentou diversas modificacións, entre as que cabe citar as introducidas polas seguintes normas:

O Real decreto 1968/1999, do 23 de decembro, que introduciu modificacións que afectan, basicamente, a obriga de declarar, as retencións e ingresos á conta sobre rendementos do traballo e a determinadas obrigas de subministración de información.

O Real decreto 1088/2000, do 9 de xuño, que modificou o importe das retencións sobre determinados rendementos do capital inmobiliario.

O Real decreto 1732/2000, do 20 de outubro, que introduciu modificacións en materia de retencións e ingresos á conta sobre rendementos do traballo.

O Real decreto 579/2001, do 1 de xuño, para incorporar, basicamente, a exclusión da obriga de reter ou ingresar á conta a respecto dos rendementos do capital mobiliario procedentes da devolución da prima de emisión de accións ou participacións e da redución de capital con devolución de achegas e outras modificacións no cálculo das retencións ou ingresos á conta sobre rendementos do traballo.

O Real decreto 594/2002, do 28 de xuño, que introduciu modificacións en materia de exencións, rendementos do traballo e do capital mobiliario, deducións, suspensión do ingreso da débeda tributaria, retencións e ingresos á conta sobre rendementos do traballo.

Finalmente, as modificacións incorporadas polo Real decreto 27/2003, do 10 de xaneiro, que desenvolvía regulamentariamente as melloras introducidas pola Lei 46/2002, norma esta que orixinou a reforma máis substancial no texto da Lei 40/1998 desde que entrou en vigor.

O Real decreto 27/2003 desenvolveu regulamentariamente as seguintes materias: redución por mobilidade xeográfica, plans de previsión asegurados, dedución por maternidade, obrigas de subministración de información, regularización da entrega de opcións de compra sobre accións, procedemento especial de retención para perceptores de prestacións pasivas e procedemento para determinar as retencións sobre os rendementos do traballo por cambio de residencia, á vez que adaptou o texto regulamentario ao texto legal, dando nova redacción aos correspondentes preceptos.

III

No Real decreto que agora se aproba dáse nova numeración aos artigos do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas e introdúcense modificacións técnicas de referencias efectuadas no texto anterior debido á recente aprobación dalgunhas normas, tales como a Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal, a Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, o Real decreto 1496/2003, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, ou o Real decreto 1041/2003, do 1 de agosto, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan determinados censos tributarios e se modifican outras normas relacionadas coa xestión do imposto sobre actividades económicas.

Así mesmo, incorpóranse os novos supostos que determinan a obriga de declarar, nas condicións xa establecidas regulamentariamente, que afectan os contribuíntes que teñan dereito a dedución por conta aforro-empresa ou que realicen achegas a patrimonios protexidos das persoas con discapacidade ou a plans de previsión asegurados.

Inclúese no artigo 46 do regulamento aprobado por este real decreto a definición de descontos ordinarios ou

comúns, que foi incorporada na Lei do imposto pola Lei 62/2003.

Recóllense as obrigas de reter e ingresar á conta dos representantes designados polas entidades aseguradoras e polas sociedades xestoras de institucións de investimento colectivo, que operen en España en réxime de libre prestación de servizos, de acordo co disposto no artigo 86.1 e a disposición adicional décimo sétima da Lei 30/1995, do 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados, e no artigo 55.7 e a disposición adicional segunda da Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo, respectivamente.

Finalmente, convertéronse en euros os importes que aínda figuraban en pesetas.

IV

Este real decreto estrutúrase nun artigo, unha disposición adicional, unha disposición transitoria, unha disposición derogatoria e unha disposición derradeira.

En virtude do seu artigo único apróbase o Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas.

As normas contidas neste regulamento encontran habilitación tanto nas remisións específicas que a lei efectúa como na habilitación xeral contida na disposición derradeira segunda da Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas.

Na disposición adicional única dispónse que as referencias ao Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 214/1999, do 5 de febreiro, que se conteñan noutras normas, se entenderán realizadas aos artigos correspondentes ao regulamento que se aproba.

Na disposición transitoria única establécese que até o 1 de setembro de 2004, data de entrada en vigor da Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal, manterá a súa vixencia o artigo 12.1.e) do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas aprobado polo Real decreto 214/1999, do 5 de febreiro, tendo en conta o disposto na disposición transitoria primeira da citada lei.

Na disposición derogatoria única recóllense as normas que se derrogan por integrárense no Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas que se aproba.

Por último, na disposición derradeira única regúlase a entrada en vigor deste real decreto.

O texto que se aproba está composto por 110 artigos, agrupados en seis títulos, tres disposicións adicionais, cinco disposicións transitorias e unha disposición derradeira. Así mesmo, inclúe un índice do seu contido, cuxo obxecto é facilitar a utilización da norma polos seus destinatarios mediante unha rápida localización e localización sistemática dos seus preceptos.

O título I recolle o desenvolvemento de determinadas rendas exentas e da imputación temporal dos rendementos de actividades económicas.

O título II regula a determinación da capacidade económica sometida a gravame, desenvolvendo determinados aspectos dos rendementos do traballo, do capital inmobiliario e mobiliario, das actividades económicas e das ganancias e perdas patrimoniais, concreta as condicións que deben reunir determinados supostos que non constitúen retribución en especie, así como as regras de valoración e a base liquidable.

O título III dedícase ao desenvolvemento das deducións da cota por investimento en vivenda habitual e por rendas obtidas en Ceuta e Melilla, así como á regularización en caso de perda do dereito a deducir.

O título IV regula o procedemento para a práctica da dedución por maternidade e o seu pagamento anticipado.

O título V destínase á xestión do imposto, incorporando os novos supostos que determinan a obriga de declarar, que afectan os titulares de contas de aforro-

empresa e a quen realice achegas a patrimonios protexidos das persoas con discapacidade e a plans de previsión asegurados.

Finalmente, o título VI regula os pagamentos á conta.

Como disposicións adicionais do Regulamento incorpóranse as seguintes normas:

A disposición adicional terceira do Regulamento sobre a responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos de motor, aprobado polo Real decreto 7/2001, do 12 de xaneiro, sobre a exención das indemnizacións por danos persoais ocasionados con motivo da circulación de vehículos de motor, que se incorpora como adicional primeira.

A disposición adicional segunda do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 214/1999, do 5 de febreiro, que se inclúe como disposición adicional segunda.

A disposición adicional única do Real decreto 27/2003, do 10 de xaneiro, sobre obrigas de información aos tomadores dos plans de previsión asegurados, que pasa a ser a disposición adicional terceira.

Como disposicións transitorias do Regulamento incorpóranse as seguintes disposicións:

A disposición transitoria terceira do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 214/1999, do 5 de febreiro, que se inclúe como disposición transitoria primeira.

A disposición transitoria primeira do Real decreto 27/2003, do 10 de xaneiro, sobre reinvestimento de beneficios extraordinarios, que se inclúe como disposición transitoria segunda.

A disposición transitoria única do Real decreto 594/2002, do 28 de xuño, sobre regularización de deducións por incumprimento de requisitos, que se engade como disposición transitoria terceira.

A disposición transitoria cuarta do Real decreto 27/2003, do 10 de xaneiro, sobre dividendos procedentes de sociedades transparentes, que se incorpora como disposición transitoria cuarta.

Os puntos 5 e 6 da disposición transitoria primeira do Real decreto 2717/1998, do 18 de decembro, polo que se regulan os pagamentos á conta no imposto sobre a renda das persoas físicas e no imposto sobre a renda de non residentes e se modifica o regulamento do imposto sobre sociedades en materia de retencións e ingresos á conta, que se inclúe como disposición transitoria quinta.

Por último, a disposición derradeira única autoriza o ministro de Economía e Facenda para ditar as disposicións necesarias en desenvolvemento do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Economía e Facenda, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 30 de xullo de 2004,

DISPONGO:

Artigo único. *Aprobación do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas.*

Apróbase o Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, que se insire a continuación.

Disposición adicional única. *Remisións normativas.*

As referencias normativas efectuadas noutras disposicións ao Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 214/1999, do 5 de febreiro, entenderanse realizadas aos preceptos correspondentes do regulamento que se aproba por este real decreto.

Disposición transitoria única. *Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal.*

Até o 1 de setembro de 2004, data de entrada en vigor da Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal, conservarán a súa vixencia os artigos 12.1.e) e 52.3 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 214/1999, do 5 de febreiro. Así mesmo, os ditos preceptos serán aplicables aos procedementos concursais que se encontren en tramitación nesa data.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Salvo o disposto na anterior disposición transitoria, no momento da entrada en vigor deste real decreto quedarán derogadas, con motivo da súa integración no regulamento que se aproba por el mesmo, as seguintes normas:

1. O Real decreto 214/1999, do 5 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas.

2. A disposición adicional terceira do Regulamento sobre a responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos de motor, aprobado polo Real decreto 7/2001, do 12 de xaneiro.

3. A disposición transitoria única do Real decreto 594/2002, do 28 de xuño, polo que se modifica o Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 214/1999, do 5 de febreiro, en materia de exencións, rendementos do traballo e do capital mobiliario, deducións, autoliquidación e retencións.

4. A disposición adicional única e as disposicións transitorias primeira e cuarta do Real decreto 27/2003, do 10 de xaneiro, polo que se modifica o Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 214/1999, do 5 de febreiro.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», con excepción dos artigos 12.1.e) e 54.3 do regulamento, que o farán o día 1 de setembro de 2004, data de entrada en vigor da Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal.

Dado en Palma de Mallorca, o 30 de xullo de 2004.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente segundo do Goberno
e ministro de Economía e Facenda,
PEDRO SOLBES MIRA

REGULAMENTO DO IMPOSTO SOBRE A RENDA DAS PERSOAS FÍSICAS

ÍNDICE

Título I. Suxeición ao imposto: aspectos materiais, persoais e temporais.

Capítulo I. Rendas exentas.

Artigo 1. Indemnizacións por despedimento ou cesamento do traballador.

Artigo 2. Exención de determinados premios literarios, artísticos e científicos.

Artigo 3. Exención das axudas aos deportistas de alto nivel.

Artigo 4. Exención das gratificacións extraordinarias percibidas pola participación en misións de paz ou humanitarias.

Artigo 5. Exención dos rendementos percibidos por traballos realizados no estranxeiro.

Capítulo II. Imputación temporal.

Artigo 6. Imputación temporal de rendementos.

Título II. Determinación da capacidade económica sometida a gravame.

Capítulo I. Regras xerais.

Artigo 7. Concepto de valores ou participacións homoxéneos.

Capítulo II. Definición e determinación da renda gravable.

Sección 1.^a Rendementos do traballo.

Artigo 8. Axudas de custo e asignacións para gastos de locomoción e gastos normais de manutención e estadia.

Artigo 9. Gastos deducibles por cotas satisfeitas a sindicatos e colexios profesionais.

Artigo 10. Aplicación da redución do 40 por cento a determinados rendementos do traballo.

Artigo 11. Reducións aplicables a determinados rendementos do traballo.

Sección 2.^a Rendementos do capital.

Subsección 1.^a Rendementos do capital inmobiliario.

Artigo 12. Gastos deducibles dos rendementos do capital inmobiliario.

Artigo 13. Gastos de amortización dos rendementos do capital inmobiliario.

Artigo 14. Rendementos do capital inmobiliario obtidos de forma notoriamente irregular no tempo e rendementos percibidos de forma fraccionada.

Subsección 2.^a Rendementos do capital mobiliario.

Artigo 15. Disposición parcial en contratos de seguro.

Artigo 16. Tributación da rendibilidade obtida até o momento da constitución das rendas diferidas.

Artigo 17. Requisitos exigibles a determinados contratos de seguro con prestacións por xubilación e invalidez percibidas en forma de renda.

Artigo 18. Gastos deducibles en determinados rendementos do capital mobiliario.

Artigo 19. Reducións aplicables aos rendementos do capital mobiliario derivados de contratos de seguro.

Artigo 20. Rendementos do capital mobiliario obtidos de forma notoriamente irregular no tempo e rendementos percibidos de forma fraccionada.

Sección 3.^a Rendementos de actividades económicas.

Subsección 1.^a Normas xerais.

Artigo 21. Elementos patrimoniais afectos a unha actividade.

Artigo 22. Valores de afectación e desafectación.

Artigo 23. Atribución de rendas.

Artigo 24. Rendementos de actividades económicas obtidos de forma notoriamente irregular no tempo e rendementos percibidos de forma fraccionada.

Artigo 25. Métodos de determinación de rendementos de actividades económicas.

Subsección 2.^a Estimación directa simplificada.

Artigo 26. Ámbito de aplicación do método de estimación directa simplificada.

Artigo 27. Renuncia e exclusión ao método de estimación directa simplificada.

Artigo 28. Determinación do rendimento neto no método de estimación directa simplificada.

Artigo 29. Entidades en réxime de atribución.

Subsección 3.^a Estimación obxectiva.

Artigo 30. Ámbito de aplicación do método de estimación obxectiva.

Artigo 31. Renuncia ao método de estimación obxectiva.

Artigo 32. Exclusión do método de estimación obxectiva.

Artigo 33. Incompatibilidade da estimación obxectiva coa estimación directa.

Artigo 34. Coordinación do método de estimación obxectiva co imposto sobre o valor engadido e o imposto xeral indirecto canario.

Artigo 35. Determinación do rendemento neto no método de estimación obxectiva.

Artigo 36. Actividades independentes.

Artigo 37. Entidades en réxime de atribución.

Sección 4.^a Ganancias e perdas patrimoniais.

Artigo 38. Determinación do valor de adquisición.

Artigo 39. Exención por reinvestimento en vivenda habitual.

Artigo 40. Redución de ganancias patrimoniais para determinados elementos patrimoniais afectos.

Capítulo III. Rendidas en especie.

Artigo 41. Entrega de accións a traballadores.

Artigo 42. Gastos de estudo para a capacitación ou reciclaxe do persoal que non constitúen retribución en especie.

Artigo 43. Gastos por comedores de empresa que non constitúen retribución en especie.

Artigo 44. Gastos por seguros de enfermidade que non constitúen retribución en especie.

Artigo 45. Dereitos de fundadores de sociedades.

Artigo 46. Prezo ofertado.

Capítulo IV. Base liquidable.

Artigo 47. Redución por mobilidade xeográfica.

Artigo 48. Redución por coidado de fillos.

Artigo 49. Plans de previsión asegurados.

Artigo 50. Prazo de presentación das declaracións complementarias na disposición de dereitos consolidados de mutualidades de previsión social.

Artigo 51. Excesos de achegas a plans de pensións, plans de previsión asegurados e mutualidades de previsión social.

Artigo 52. Acreditación do número de socios, patrimonio e porcentaxe máxima de participación en institucións de investimento colectivo.

Título III. Deducións da cota.

Capítulo I. Dedución por investimento en vivenda habitual.

Artigo 53. Concepto de vivenda habitual.

Artigo 54. Adquisición e rehabilitación da vivenda habitual.

Artigo 55. Condicións de financiamento da vivenda habitual para a aplicación das porcentaxes de dedución incrementadas.

Artigo 56. Contas vivenda.

Artigo 57. Obras de adecuación da vivenda habitual por minusválidos.

Capítulo II. Dedución por rendas obtidas en Ceuta ou Melilla.

Artigo 58. Rendidas obtidas en Ceuta ou Melilla.

Capítulo III. Perda do dereito a deducir.

Artigo 59. Perda do dereito a deducir.

Título IV. Dedución por maternidade.

Artigo 60. Procedemento para a práctica da dedución por maternidade e o seu pagamento anticipado.

Título V. Xestión do imposto.

Capítulo I. Obriga de declarar.

Artigo 61. Obriga de declarar.

Artigo 62. Autoliquidación e ingreso.

Artigo 63. Fraccionamento nos supostos de falecemento e de perda da residencia en España.

Artigo 64. Comunicación de datos polo contribuínte e solicitude de devolución.

Artigo 65. Devolucións de oficio.

Artigo 66. Colaboración externa na presentación e xestión de declaracións e comunicacións.

Capítulo II. Obrigas formais, contables e rexistrais.

Artigo 67. Obrigas formais, contables e rexistrais.

Artigo 68. Outras obrigas formais de información.

Artigo 69. Obrigas de información das entidades en réxime de atribución de rendas.

Capítulo III. Acreditación da condición de discapacitado.

Artigo 70. Acreditación da condición de discapacitado e da necesidade de axuda doutra persoa ou da existencia de dificultades de mobilidade.

Capítulo IV. Declaracións complementarias.

Artigo 71. Prazo de presentación de declaracións complementarias.

Título VI. Pagamentos á conta.

Capítulo I. Retencións e ingresos á conta. Normas xerais.

Artigo 72. Obriga de practicar retencións e ingresos á conta do imposto sobre a renda das persoas físicas.

Artigo 73. Rendidas suxeitas a retención ou ingreso á conta.

Artigo 74. Obrigados a reter ou ingresar á conta.

Artigo 75. Importe da retención ou ingreso á conta.

Artigo 76. Nacemento da obriga de reter ou de ingresar á conta.

Artigo 77. Imputación temporal das retencións ou ingresos á conta.

Capítulo II. Cálculo das retencións.

Sección 1.^a Rendementos do traballo.

Artigo 78. Importe das retencións sobre rendementos do traballo.

Artigo 79. Límite cuantitativo excluínse da obriga de reter.

Artigo 80. Procedemento xeral para determinar o importe da retención.

Artigo 81. Procedemento especial para determinar o tipo de retención aplicable a contribuíntes perceptores de prestacións pasivas.

Artigo 82. Base para calcular o tipo de retención.

Artigo 83. Cota de retención.

Artigo 84. Tipo de retención.

Artigo 85. Regularización do tipo de retención.

Artigo 86. Comunicación de datos do perceptor de rendas do traballo ao seu pagador.

Artigo 87. Procedemento especial para determinar as retencións e ingresos á conta sobre os rendementos do traballo no suposto de cambio de residencia.

Sección 2.^a Rendementos do capital mobiliario.

Artigo 88. Importe das retencións sobre rendementos do capital mobiliario.

Artigo 89. Concepto e clasificación de activos financeiros.

Artigo 90. Requisitos fiscais para a transmisión, reembolso e amortización de activos financeiros.

Artigo 91. Base de retención sobre os rendementos do capital mobiliario.

Artigo 92. Nacemento da obriga de reter e de ingresar á conta sobre os rendementos do capital mobiliario.

Sección 3.^a Rendementos de actividades económicas.

Artigo 93. Importe das retencións sobre rendementos de actividades económicas.

Sección 4.^a Ganancias patrimoniais.

Artigo 94. Importe das retencións sobre ganancias patrimoniais derivadas das transmisións ou reembolsos de accións e participacións de institucións de investimento colectivo.

Artigo 95. Base de retención sobre as ganancias patrimoniais derivadas de transmisións ou reembolsos de accións e participacións de institucións de investimento colectivo.

Artigo 96. Nacemento da obriga de reter.

Artigo 97. Importe das retencións sobre premios.

Sección 5.^a Outras rendas.

Artigo 98. Importe das retencións sobre arrendamentos e subarrendamentos de inmobles.

Artigo 99. Importe das retencións sobre dereitos de imaxe e outras rendas.

Capítulo III. Ingresos á conta.

Artigo 100. Ingresos á conta sobre retribucións en especie do traballo.

Artigo 101. Ingresos á conta sobre retribucións en especie do capital mobiliario.

Artigo 102. Ingresos á conta sobre retribucións en especie de actividades económicas.

Artigo 103. Ingresos á conta sobre premios.

Artigo 104. Ingreso á conta sobre outras rendas.

Artigo 105. Ingreso á conta sobre dereitos de imaxe.

Capítulo IV. Obrigas do retedor e do obrigado a ingresar á conta.

Artigo 106. Obrigas formais do retedor e do obrigado a ingresar á conta.

Capítulo V. Pagamentos fraccionados.

Artigo 107. Obrigados ao pagamento fraccionado.

Artigo 108. Importe do fraccionamento.

Artigo 109. Declaración e ingreso.

Artigo 110. Entidades en réxime de atribución de rendas.

Disposicións adicionais.

Disposición adicional primeira. Exención das indemnizacións por danos persoais.

Disposición adicional segunda. Acordos previos de valoración das retribucións en especie do traballo persoal para efectos da determinación do correspondente ingreso á conta do imposto sobre a renda das persoas físicas.

Disposición adicional terceira. Información aos tomadores dos plans de previsión asegurados.

Disposicións transitorias.

Disposición transitoria primeira. Transmisións de elementos patrimoniais afectos realizadas con anterioridade ao 1 de xaneiro de 1998.

Disposición transitoria segunda. Reinvestimento de beneficios extraordinarios.

Disposición transitoria terceira. Regularización de deducións por incumprimento de requisitos.

Disposición transitoria cuarta. Dividendos procedentes de sociedades transparentes.

Disposición transitoria quinta. Réxime transitorio das modificacións introducidas en materia de retencións sobre os rendementos do capital mobiliario e sobre ganancias patrimoniais.

Disposición derradeira.

Disposición derradeira única. Autorización ao ministro de Economía e Facenda.

TÍTULO I

Suxeición ao imposto: aspectos materiais, persoais e temporais

CAPÍTULO I

Rendas exentas

Artigo 1. *Indemnizacións por despedimento ou cesamento do traballador.*

O gozo da exención prevista no artigo 7.e) da Lei do imposto quedará condicionado á real efectiva desvinculación do traballador coa empresa. Presumirase, salvo proba en contrario, que non se dá a dita desvinculación cando nos tres anos seguintes ao despedimento ou cesamento o traballador volva a prestar servizos á mesma empresa ou a outra empresa vinculada a aquela nos termos previstos no artigo 16 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto lexislativo 4/2004, do 5 de marzo, sempre que no caso en que a vinculación se defina en función da relación socio-sociedade, a participación sexa igual ou superior ao 25 por cento, ou ao 5 por cento se se trata de valores negociados en mercados secundarios oficiais de valores españois.

Artigo 2. *Exención de determinados premios literarios, artísticos e científicos.*

1. Para efectos da exención prevista no artigo 7.l) da Lei do imposto, terá a consideración de premio literario, artístico ou científico relevante a concesión de bens ou dereitos a unha ou varias persoas, sen contraprestación, en recompensa ou recoñecemento ao valor de obras literarias, artísticas ou científicas, así como ao mérito da súa actividade ou labor, en xeral, en tales materias.

2.1.º O concedente do premio non poderá realizar ou estar interesado na explotación económica da obra ou obras premiadas.

En particular, o premio non poderá implicar nin exixir a cesión ou limitación dos dereitos de propiedade sobre aquelas, incluídos os derivados da propiedade intelectual ou industrial.

Non se considerará incumprido este requisito pola mera divulgación pública da obra, sen finalidade lucrativa e por un período de tempo non superior a seis meses.

2.º En todo caso, o premio deberá concederse respecto de obras executadas ou actividades desenvolvidas con anterioridade á súa convocatoria.

Non terán a consideración de premios exentos as bolsas, axudas e, en xeral, as cantidades destinadas ao financiamento previo ou simultáneo de obras ou traballos relativos ás materias citadas no punto 1 anterior.

3.º A convocatoria deberá reunir os seguintes requisitos:

- Ter carácter nacional ou internacional.
- Non establecer limitación ningunha respecto aos concursantes por razóns alleas á propia esencia do premio.
- Que o seu anuncio se faga público no Boletín Oficial del Estado ou da comunidade autónoma e en, polo menos, un xornal de gran circulación nacional.

Os premios que se convoquen no estranxeiro ou por organizacións internacionais só terán que cumprir o requisito previsto na letra b) anterior para acceder á exención.

4.º A exención deberá ser declarada polo órgano competente da Administración tributaria, de acordo co procedemento que aprobe o ministro de Economía e Facenda.

A declaración anterior deberá ser solicitada, con achega da documentación pertinente, por:

- a) A persoa ou entidade convocante do premio, con carácter xeral.
- b) A persoa premiada, cando se trate de premios convocados no estranxeiro ou por organizacións internacionais.

A solicitude deberá efectuarse con carácter previo á concesión do premio ou, no suposto da letra b) anterior, antes do inicio do período regulamentario de declaración do exercicio en que se obtivese.

Para a resolución do expediente poderá solicitarse informe do departamento ministerial competente por razón da materia ou, se é o caso, do órgano correspondente das comunidades autónomas.

A declaración terá validez para sucesivas convocatorias sempre que non se modifiquen os termos daquela que motivou o expediente.

3. Cando a Administración tributaria declárase a exención do premio, as persoas a que se refire a letra a) do número 4.º do punto anterior, virán obrigadas a lle comunicar á Administración tributaria, dentro do mes seguinte ao de concesión, a data desta, o premio concedido e os datos identificadores dos que resultasen beneficiados por eles.

Artigo 3. *Exención das axudas aos deportistas de alto nivel.*

Para efectos do previsto no artigo 7.m) da Lei do imposto, estarán exentas, co límite de 30.050,61 euros anuais, as axudas económicas de formación e tecnificación deportiva, que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Que os seus beneficiarios teñan recoñecida a condición de deportistas de alto nivel, conforme o previsto no Real decreto 1467/1997, do 19 de setembro, sobre deportistas de alto nivel.
- b) Que sexan financiadas, directa ou indirectamente, polo Consello Superior de Deportes, pola Asociación de Deportes Olímpicos, polo Comité Olímpico Español ou polo Comité Paralímpico Español.

Artigo 4. *Exención das gratificacións extraordinarias percibidas pola participación en misións de paz ou humanitarias.*

Para efectos do previsto no artigo 7.o) da Lei do imposto, estarán exentas as cantidades satisfeitas polo Estado español aos membros de misións internacionais de paz ou humanitarias polos seguintes motivos:

- a) As gratificacións extraordinarias de calquera natureza que respondan ao desempeño da misión internacional de paz ou humanitaria.
- b) As indemnizacións ou prestacións satisfeitas polos danos persoais que sufrisen durante aquelas.

Artigo 5. *Exención dos rendementos percibidos por traballos realizados no estranxeiro.*

1. Estarán exentos do imposto, de acordo co previsto no artigo 7.p) da Lei do imposto, os rendementos do traballo percibidos por traballos efectivamente realizados no estranxeiro, cando concorran os seguintes requisitos:

1.º Que os ditos traballos se realicen para unha empresa ou entidade non residente en España ou un establecemento permanente radicado no estranxeiro.

2.º Que no territorio en que se realicen os traballos se aplique un imposto de natureza idéntica ou análoga á deste imposto e non se trate dun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.

2. A exención terá un límite máximo de 60.101,21 euros anuais.

3. Esta exención será incompatible, para os contribuíntes destinados no estranxeiro, co réxime de excesos excluídos de tributación previsto no artigo 8.A.3.b) deste regulamento, calquera que sexa o seu importe. O contribuínte poderá optar pola aplicación do réxime de excesos en substitución desta exención.

CAPÍTULO II

Imputación temporal

Artigo 6. *Imputación temporal de rendementos.*

1. Os contribuíntes que desenvolvan actividades económicas aplicarán ás rendas derivadas das ditas actividades, exclusivamente, os criterios de imputación temporal previstos no texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades e as súas normas de desenvolvemento, sen prexuízo do previsto no seguinte punto. Así mesmo, resultará aplicable o previsto nos puntos 3 e 4 do artigo 14 da Lei do imposto en relación coas rendas pendentes de imputar nos supostos previstos neles.

2.1.º Os contribuíntes que desenvolvan actividades económicas e que deban cumprir as súas obrigas contables e rexistrais de acordo co previsto nos puntos 3, 4, 5 e 6 do artigo 67 deste regulamento, poderán optar polo criterio de cobramentos e pagamentos para imputar temporalmente os ingresos e gastos de todas as súas actividades económicas.

O dito criterio entenderase aprobado pola Administración tributaria, para efectos do previsto no punto 2 do artigo 19 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, polo só feito de así o manifestar na correspondente declaración, e deberá manterse durante un prazo mínimo de tres anos.

2.º A opción polo criterio sinalado neste punto perderá a súa eficacia se, con posterioridade á dita opción, o contribuínte debese cumprir as súas obrigas contables e rexistrais de acordo co previsto no punto 2 do artigo 67 deste regulamento.

3.º O disposto neste punto non será de aplicación se o contribuínte desenvolvese algunha actividade económica pola que debese cumprir as súas obrigas contables e rexistrais de acordo co previsto no punto 2 do artigo 67 deste regulamento ou levase contabilidade de acordo co previsto no Código de comercio.

3. No caso dos rendementos derivados da cesión da explotación dos dereitos de autor que se devenguen ao longo de varios anos, o contribuínte poderá optar por imputar o anticipo á conta deles medida que vaian devengándose os dereitos.

4. En ningún caso, os cambios de criterio de imputación temporal ou de método de determinación do rendimento neto comportarán que algún gasto ou ingreso quede sen computar ou que se impute novamente noutro exercicio.

TÍTULO II

Determinación da capacidade económica sometida a gravame

CAPÍTULO I

Regras xerais

Artigo 7. *Concepto de valores ou participacións homoxéneos.*

Consideraranse valores ou participacións homoxéneos aqueles que cumpran os requisitos establecidos no artigo 4 do Real decreto 291/1992, do 27 de marzo, sobre emisións e ofertas públicas de venda de valores.

CAPÍTULO II

Definición e determinación da renda gravable

SECCIÓN 1.^a RENDEMENTOS DO TRABALLO

Artigo 8. *Axudas de custo e asignacións para gastos de locomoción e gastos normais de manutención e estadia.*

A. Regras xerais:

1. Para efectos do previsto no artigo 16.1.d) da Lei do imposto, quedarán exceptuadas de gravame as asignacións para gastos de locomoción e gastos normais de manutención e estadia en establecementos de hostalaría que cumpran os requisitos e límites sinalados neste artigo.

2. Asignacións para gastos de locomoción.— Exceptúanse de gravame as cantidades destinadas pola empresa para compensar os gastos de locomoción do empregado ou traballador que se desprace fóra da fábrica, taller, oficina ou centro de traballo, para realizar o seu traballo en lugar distinto, nas seguintes condicións e importes:

a) Cando o empregado ou traballador utilice medios de transporte público, o importe do gasto que se xustifique mediante factura ou documento equivalente.

b) Noutro caso, a cantidade que resulte de computar 0,17 euros por quilómetro percorrido, sempre que se xustifique a realidade do desprazamento, máis os gastos de peaxe e aparcamento que se xustifiquen.

3. Asignacións para gastos de manutención e estadia.—Exceptúanse de gravame as cantidades destinadas pola empresa a compensar os gastos normais de manutención e estadia en restaurantes, hoteis e demais establecementos de hostalaría, devengadas por gastos en municipio distinto do lugar do traballo habitual do perceptor e do que constituía a súa residencia.

Salvo nos casos previstos na letra b) seguinte, cando se trate de desprazamento e permanencia por un período continuado superior a nove meses, non se exceptuarán de gravame as ditas asignacións. Para estes efectos, non se descontará o tempo de vacacións, enfermidade ou outras circunstancias que non impliquen alteración do destino.

a) Considerarase como asignacións para gastos normais de manutención e estadia en hoteis, restaurantes e demais establecementos de hostalaría, exclusivamente as seguintes:

1.º Cando se pernoitase en municipio distinto do lugar de traballo habitual e do que constituía a residencia do perceptor, as seguintes:

Por gastos de estadia, os importes que se xustifiquen.

Por gastos de manutención, 52,29 euros diarios, se corresponden a desprazamento dentro do territorio español, ou 91,35 euros diarios, se corresponden a desprazamentos a territorio estranxeiro.

2.º Cando non se pernoitase en municipio distinto do lugar de traballo habitual e do que constituía a residencia do perceptor, as asignacións para gastos de manutención que non excedan de 26,14 ou 48,08 euros diarios, segundo se trate de desprazamento dentro do territorio español ou ao estranxeiro, respectivamente.

No caso do persoal de voo das compañías aéreas, consideraranse como asignacións para gastos normais de manutención as contías que non excedan os 36,06 euros diarios, se corresponden a desprazamento dentro do territorio español, ou 66,11 euros diarios se corresponden a desprazamento a territorio estranxeiro. Se nun mesmo día se producisen ambas as circunstancias, a contía aplicable será a que corresponda segundo o maior número de voos realizados.

Para os efectos indicados nos parágrafos anteriores, o pagador deberá acreditar o día e lugar do desprazamento, así como a súa razón ou motivo.

b) Terán a consideración de axuda de custos exceptuada de gravame as seguintes cantidades:

1.º O exceso que perciban os funcionarios públicos españois con destino no estranxeiro sobre as retribucións totais que obterían no suposto de se atoparen destinados en España, como consecuencia da aplicación dos módulos e da percepción das indemnizacións previstas nos artigos 4, 5 e 6 do Real decreto 6/1995, do 13 de xaneiro, polo que se regula o réxime de retribucións dos funcionarios destinados no estranxeiro, e calculando o dito exceso na forma prevista no dito real decreto, e a indemnización prevista no artigo 25.1 e 2 do Real decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

2.º O exceso que perciba o persoal ao servizo da Administración do Estado con destino no estranxeiro sobre as retribucións totais que obtería por soldos, trienios, complementos ou incentivos, no suposto de se atopar destinado en España. Para estes efectos, o órgano competente en materia retributiva acordará as equiparacións retributivas que poidan corresponder ao dito persoal se estivese destinado en España.

3.º O exceso percibido polos funcionarios e o persoal ao servizo doutras administracións públicas, na medida que teñan a mesma finalidade que os previstos nos artigos 4, 5 e 6 do Real decreto 6/1995, do 13 de xaneiro, polo que se regula o réxime de retribucións dos funcionarios destinados no estranxeiro ou non exceda as equiparacións retributivas, respectivamente.

4.º O exceso que perciban os empregados de empresas, con destino no estranxeiro, sobre as retribucións totais que obterían por soldos, xornais, antigüidade, pagas extraordinarias, incluso a de beneficios, axuda familiar ou calquera outro concepto, por razón de cargo, emprego, categoría ou profesión no suposto de se atoparen destinados en España.

O previsto nesta letra será incompatible coa exención prevista no artigo 5 deste regulamento.

4. O réxime previsto nos puntos anteriores será tamén aplicable ás asignacións para gastos de locomoción, manutención e estadia que perciban os traballadores contratados especificamente para prestar os seus servizos en empresas con centros de traballo móbiles ou itinerantes, sempre que aquelas asignacións correspondan a desprazamentos a municipio distinto do que constituía a residencia habitual do traballador.

5. As contías exceptuadas de gravame neste artigo serán susceptibles de revisión polo ministro de Economía

e Facenda, na proporción en que se revisen as axudas de custo dos funcionarios públicos.

6. As asignacións para gastos de locomoción, manutención e estadía que excedan os límites previstos neste artigo estarán suxeitas a gravame.

B. Regras especiais:

1. Cando os gastos de locomoción e manutención non lles sexan resarcidos especificamente polas empresas aos que presten os seus servizos, os contribuíntes que obteñan rendementos do traballo que deriven de relacións laborais especiais de carácter dependente poderán minorar os seus ingresos, para a determinación dos seus rendementos netos, nas seguintes cantidades, sempre que xustifiquen a realidade dos seus desprazamentos:

a) Por gastos de locomoción:

Cando se utilicen medios de transporte público, o importe do gasto que se xustifique mediante factura ou documento equivalente.

Noutro caso, a cantidade que resulte de computar 0,17 euros por quilómetro percorrido, máis os gastos de peaxe e aparcamento que se xustifiquen.

b) Por gastos de manutención, os importes de 26,14 ou 48,08 euros diarios, segundo se trate de desprazamento dentro do territorio español ou ao estranxeiro.

Para estes efectos, os gastos de estadía deberán estar en todo caso resarcidos pola empresa e rexeranse polo previsto na alínea a) do punto 3 da letra A deste artigo.

2. Estarán exceptuadas de gravame as cantidades que se aboan ao contribuínte con motivo do traslado de posto de traballo a municipio distinto, sempre que o dito traslado exixa o cambio de residencia e correspondan, exclusivamente, a gastos de locomoción e manutención do contribuínte e dos seus familiares durante o traslado e a gastos de traslado do seu mobiliario e utensilios.

3. Estarán exceptuadas de gravame as cantidades percibidas polos candidatos a xurado e polos xurados titulares e suplentes como consecuencia do cumprimento das súas funcións, de acordo co previsto no Real decreto 385/1996, do 1 de marzo, así como as percibidas polos membros das mesas electorais de acordo co establecido na Orde ministerial do 3 de abril de 1991.

Artigo 9. *Gastos deducibles por cotas satisfeitas a sindicatos e colexios profesionais.*

Para a determinación do rendemento neto do traballo, serán deducibles as cotas satisfeitas a sindicatos. Tamén serán deducibles as cotas satisfeitas a colexios profesionais, cando a colexiación teña carácter obrigatorio para o desempeño do traballo, na parte que corresponda aos fins esenciais destas institucións, co límite de 300,51 euros anuais.

Artigo 10. *Aplicación da redución do 40 por cento a determinados rendementos do traballo.*

1. Para efectos da aplicación da redución prevista no artigo 17.2.a) da Lei do imposto, considéranse rendementos do traballo obtidos de forma notoriamente irregular no tempo, exclusivamente, os seguintes, cando se imputen nun único período impositivo:

a) As cantidades satisfeitas pola empresa aos empregados con motivo do traslado a outro centro de traballo que excedan os importes previstos no artigo 8 deste regulamento.

b) As indemnizacións derivadas dos réximes públicos de Seguridade Social ou clases pasivas, así como as prestacións satisfeitas por colexios de orfos e institucións similares, nos supostos de lesións non invalidantes.

c) As prestacións satisfeitas por lesións non invalidantes ou incapacidade permanente, en calquera dos seus graos, por empresas e por entes públicos.

d) As prestacións por falecemento, e os gastos por enterro que excedan o límite exento de acordo co artigo 7.r) da Lei do imposto, de traballadores ou funcionarios, tanto as de carácter público como as satisfeitas por colexios de orfos e institucións similares, empresas e por entes públicos.

e) As cantidades satisfeitas en compensación ou reparación de complementos salariais, pensións ou anualidades de duración indefinida ou pola modificación das condicións de traballo.

f) Cantidades satisfeitas pola empresa aos traballadores pola resolución de mutuo acordo da relación laboral.

g) Premios literarios, artísticos ou científicos que non gocen de exención neste imposto. Non se consideran premios, para estes efectos, as contraprestacións económicas derivadas da cesión de dereitos de propiedade intelectual ou industrial ou que substitúan estas.

2. Cando os rendementos do traballo cun período de xeración superior a dous anos se perciban de forma fraccionada, só será aplicable a redución do 40 por cento prevista no artigo 17.2.a) da Lei do imposto, en caso de que o cociente resultante de dividir o número de anos de xeración, computados de data a data, entre o número de períodos impositivos de fraccionamento, sexa superior a dous.

3. Para efectos da redución prevista no artigo 17.2.a) da Lei do imposto, considerarase rendemento do traballo con período de xeración superior a dous anos e que non se obtén de forma periódica ou recorrente, o derivado da concesión do dereito de opción de compra sobre accións ou participacións aos traballadores, cando só poidan exercerse transcorridos máis de dous anos desde a súa concesión, se, ademais, non se conceden anualmente.

4. A contía do salario medio anual do conxunto de declarantes do imposto, ao que se refire o artigo 17.2.a) da Lei do imposto, será de 17.900 euros.

Artigo 11. *Reducións aplicables a determinados rendementos do traballo.*

1. As reducións previstas nos artigos 17.2.b) e 94 da Lei do imposto resultarán aplicables ás prestacións en forma de capital consistentes nunha percepción de pagamento único.

No caso de prestacións mixtas, que combinen rendas de calquera tipo cun único cobramento en forma de capital, as reducións referidas só resultarán aplicables ao cobramento efectuado en forma de capital. En particular, cando unha vez comezado o cobramento das prestacións en forma de renda se recupere a renda anticipadamente, o rendemento obtido será obxecto de redución por aplicación das porcentaxes que correspondan en función da antigüidade que tivese cada prima no momento da constitución da renda.

2. Para efectos da aplicación da redución do 75 por cento prevista no artigo 94.2.b) da Lei do imposto, entenderase que as primas satisfeitas ao longo da duración do contrato gardan unha periodicidade e regularidade suficientes cando, tendo transcorrido máis de oito anos desde o pagamento da primeira prima, o período medio de permanencia das primas fose superior a catro anos.

O período medio de permanencia das primas será o resultado de calcular o sumatorio das primas multiplicadas polo seu número de anos de permanencia e dividilo entre a suma total das primas satisfeitas.

3. A porcentaxe de redución do 75 por cento, establecido no artigo 94.2.b) da Lei do imposto, resultará aplicable ás indemnizacións por invalidez absoluta e permanente para todo traballo e por grande invalidez, en ambos

os casos nos termos establecidos pola normativa reguladora dos plans e fondos de pensións.

4. No caso de cobramento de prestacións en forma de capital derivadas dos contratos de seguro de vida previstos no artigo 16.2.a).5.^a da Lei do imposto, cando aqueles mesmos teñan primas periódicas ou extraordinarias, para efectos de determinar a parte do rendimento total obtido que corresponde a cada prima, multiplicarase o dito rendimento total polo coeficiente de ponderación que resulte do seguinte cociente:

No numerador, o resultado de multiplicar a prima correspondente polo número de anos transcorridos desde que foi satisfeita até o cobramento da percepción.

No denominador, a suma dos produtos resultantes de multiplicar cada prima polo número de anos transcorridos desde que foi satisfeita até o cobramento da percepción.

5. Para efectos do previsto no artigo 94 da Lei do imposto, a entidade aseguradora desagregará a parte das cantidades satisfeitas que corresponda a cada unha das primas pagadas.

SECCIÓN 2.^a RENDEMENTOS DO CAPITAL

Subsección 1.^a Rendementos do capital inmobiliario

Artigo 12. *Gastos deducibles dos rendementos do capital inmobiliario.*

1. Terán a consideración de gasto deducible para a determinación do rendimento neto do capital inmobiliario todos os gastos necesarios para a súa obtención.

En particular, consideraranse incluídos entre os gastos a que se refire o parágrafo anterior:

a) Os xuros dos capitais alleos investidos na adquisición ou mellora do ben, dereito ou facultade de uso ou gozo do que procedan os rendementos, e demais gastos de financiamento.

b) Os tributos e recargas non estatais, así como as taxas e recargas estatais, calquera que sexa a súa denominación, sempre que incidan sobre os rendementos computados ou sobre os bens ou dereitos produtores deles e non teñan carácter sancionador.

c) As cantidades devengadas por terceiros en contraprestación directa ou indirecta ou como consecuencia de servizos persoais, tales como os de administración, vixilancia, portaría ou similares.

d) Os ocasionados pola formalización do arrendamento, subarrendamento, cesión ou constitución de dereitos e os de defensa de carácter xurídico relativos aos bens, dereitos ou rendementos.

e) Os saldos de dubidoso cobramento sempre que esta circunstancia quede suficientemente xustificada. Entenderase cumprido este requisito:

1.º Cando o debedor se atope en situación de concurso.

2.º Cando entre o momento da primeira xestión de cobramento realizada polo contribuínte e o da finalización do período impositivo transcorresen máis de seis meses, e non se producese unha renovación de crédito.

Cando un saldo dubidoso fose cobrado posteriormente á súa dedución, computarase como ingreso no exercicio en que se produza o dito cobramento.

f) Os gastos de conservación e reparación. Para estes efectos terán esta consideración:

Os efectuados regularmente coa finalidade de manter o uso normal dos bens materiais, como o pintado, a revocadura ou o arranxo de instalacións.

Os de substitución de elementos, como instalacións de calefacción, ascensor, portas de seguridade ou outros.

Non serán deducibles por este concepto as cantidades destinadas a ampliación ou mellora.

g) O importe das primas de contratos de seguro, ben sexan de responsabilidade civil, incendio, roubo, rotura de cristais ben outros de natureza análoga, sobre os bens ou dereitos produtores dos rendementos.

h) As cantidades destinadas a servizos ou subministracións.

i) As cantidades destinadas á amortización nas condicións establecidas no artigo seguinte deste regulamento.

2. Non obstante, o importe máximo deducible pola totalidade dos gastos non poderá exceder a contía dos rendementos íntegros.

Artigo 13. *Gastos de amortización dos rendementos do capital inmobiliario.*

1. Para a determinación do rendimento neto do capital inmobiliario, terán a consideración de gasto deducible as cantidades destinadas á amortización do inmovible e dos demais bens cedidos con el, sempre que respondan á súa depreciación efectiva.

2. Considerarase que as amortizacións cumpren o requisito de efectividade:

a) Tratándose de inmovibles: cando, en cada ano, non excedan o resultado de aplicar o 3 por cento sobre o maior dos seguintes valores: o custo de adquisición satisfeito ou o valor catastral, sen incluír no cómputo o do solo.

Cando non se coñeza o valor do solo, este calcularase rateando o custo de adquisición satisfeito entre os valores catastrais do solo e da construción de cada ano.

b) Tratándose de bens de natureza mobiliaria, susceptibles de ser utilizados por un período superior ao ano e cedidos conxuntamente co inmovible: cando, en cada ano, non excedan o resultado de aplicar aos custos de adquisición satisfeitos os coeficientes de amortización determinados de acordo coa táboa de amortizacións simplificada a que se refire o artigo 28 deste regulamento.

3. No caso de que os rendementos procedan da titularidade dun dereito ou facultade de uso ou gozo, poderá amortizarse, co límite dos rendementos íntegros de cada dereito, o seu custo de adquisición satisfeito.

A amortización, neste suposto, será o resultado das regras seguintes:

a) Cando o dereito ou facultade tiver prazo de duración determinado, o que resulte de dividir o custo de adquisición satisfeito entre o número de anos de duración del.

b) Cando o dereito ou facultade for vitalicio, o resultado de aplicar ao custo de adquisición satisfeito a porcentaxe do 3 por cento.

Artigo 14. *Rendementos do capital inmobiliario obtidos de forma notoriamente irregular no tempo e rendementos percibidos de forma fraccionada.*

1. Para efectos da aplicación da redución prevista no artigo 21.3 da Lei do imposto, considéranse rendementos do capital inmobiliario obtidos de forma notoriamente irregular no tempo, exclusivamente, os seguintes, cando se imputen nun único período impositivo:

a) Importes obtidos polo traspaso ou a cesión do contrato de arrendamento de locais de negocio.

b) Indemnizacións percibidas do arrendatario, subarrendatario ou cesionario por danos ou desperfectos no inmovible.

c) Importes obtidos pola constitución ou cesión de dereitos de uso ou gozo de carácter vitalicio.

2. Cando os rendementos do capital inmobiliario cun período de xeración superior a dous anos se perciban de forma fraccionada, só será aplicable a redución do 40 por cento prevista no artigo 21.3 da Lei do imposto, en caso de que o cociente resultante de dividir o número de anos correspondente ao período de xeración, computados de data a data, entre o número de períodos impositivos de fraccionamento, sexa superior a dous.

Subsección 2.^a Rendementos do capital mobiliario

Artigo 15. Disposición parcial en contratos de seguro.

No caso de disposición parcial en contratos de seguro, para calcular o rendimento do capital mobiliario considerase que a cantidade recuperada corresponde ás primas satisfeitas en primeiro lugar, incluída a súa correspondente rendibilidade.

Artigo 16. Tributación da rendibilidade obtida até o momento da constitución das rendas diferidas.

Para efectos do previsto no primeiro parágrafo do artigo 23.3.d) da Lei do imposto, a rendibilidade obtida até a constitución das rendas diferidas someterase a gravame de acordo coas seguintes regras:

1) A rendibilidade virá determinada pola diferenza entre o valor actual financeiro-actuarial da renda que se constitúe e o importe das primas satisfeitas.

2) Esta rendibilidade repartirase linealmente durante os dez primeiros anos de cobramento da renda vitalicia. Se se trata dunha renda temporal, repartirase linealmente entre os anos de duración dela co máximo de dez anos.

Artigo 17. Requisitos exixibles a determinados contratos de seguro con prestacións por xubilación e invalidez percibidas en forma de renda.

Para a aplicación do previsto no segundo parágrafo do artigo 23.3.d) da Lei do imposto, deberán concorrer os seguintes requisitos:

1.º As contingencias polas que poden percibirse as prestacións serán as previstas no artigo 8.6 do texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2002, do 29 de novembro, nos termos establecidos para estes.

2.º Entenderase que se produciu algún tipo de mobilización das provisións do contrato de seguro cando se incumpran as limitacións que, en relación co exercicio dos dereitos económicos, establecen a disposición adicional primeira do texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións, e a súa normativa de desenvolvemento, respecto a seguros colectivos que instrumenten compromisos por pensións das empresas.

Artigo 18. Gastos deducibles en determinados rendementos do capital mobiliario.

Para a determinación do rendimento neto do capital mobiliario derivado da prestación de asistencia técnica, arrendamentos de bens mobles, negocios ou minas e subarrendamentos a que se refire o artigo 24.1.b) da Lei do imposto, terán a consideración de gastos deducibles os previstos nos artigos 12 e 13 deste regulamento. Non obstante, non será de aplicación o límite previsto no punto 2 do artigo 12.

Artigo 19. Reducións aplicables aos rendementos do capital mobiliario derivados de contratos de seguro.

1. As reducións previstas no artigo 94.2.a) e b) da Lei do imposto resultarán aplicables ás prestacións en forma de capital consistentes nunha percepción de pagamento único.

En particular, no caso de percepcións derivadas do exercicio do dereito de rescate parcial da póliza, só serán aplicables as reducións sinaladas no parágrafo anterior aos rendementos derivados da primeira de cada ano natural. Esta redución será compatible coa que proceda como consecuencia da extinción do contrato.

No caso de percepcións mixtas, que combinen rendas de calquera tipo cun único cobramento en forma de capital, as reducións referidas só resultarán aplicables ao cobramento efectuado en forma de capital. En particular, cando unha vez comezado o cobramento das prestacións en forma de renda se recupere a renda anticipadamente, o rendimento obtido será obxecto de redución por aplicación das porcentaxes que correspondan en función da antigüidade que tivese cada prima no momento da constitución da renda.

2. Entenderase que as primas satisfeitas ao longo da duración do contrato gardan unha periodicidade e regularidade suficientes cando, transcorridos máis de oito anos desde o pagamento da primeira prima, o período medio de permanencia das primas fose superior a catro anos.

Para estes efectos, o período medio de permanencia das primas será o resultado de calcular o sumatorio das primas multiplicadas polo seu número de anos de permanencia e dividilo entre a suma total das primas satisfeitas.

3. A porcentaxe de redución do 75 por cento, establecido no artigo 94.2.b) da Lei do imposto, resultará aplicable ás indemnizacións por invalidez percibidas por quen teña un grao de minusvalidez igual ou superior ao 65 por cento.

4. No caso de cobramento de prestacións en forma de capital derivadas dos contratos de seguro de vida previstos no artigo 23.3 da Lei do imposto, cando estes teñan primas periódicas ou extraordinarias, para efectos de determinar a parte do rendimento total obtido que corresponde a cada prima, multiplicarase o dito rendimento total polo coeficiente de ponderación que resulte do seguinte cociente:

No numerador, o resultado de multiplicar a prima correspondente polo número de anos transcorridos desde que foi satisfeita até o cobramento da percepción.

No denominador, a suma dos produtos resultantes de multiplicar cada prima polo número de anos transcorridos desde que foi satisfeita até o cobramento da percepción.

5. Para efectos do previsto no artigo 94.2 da Lei do imposto, a entidade aseguradora desagregará a parte das cantidades satisfeitas que corresponda a cada unha das primas pagadas

Artigo 20. Rendementos do capital mobiliario obtidos de forma notoriamente irregular no tempo e rendementos percibidos de forma fraccionada.

1. Para efectos da aplicación da redución prevista no artigo 24.2.a) da Lei do imposto, considéranse rendementos do capital mobiliario obtidos de forma notoriamente irregular no tempo, exclusivamente, os seguintes, cando se imputen nun único período impositivo:

a) Importes obtidos polo traspaso ou a cesión do contrato de arrendamento.

b) Indemnizacións percibidas do arrendatario ou subarrendatario por danos ou desperfectos, nos supostos de arrendamento.

c) Importes obtidos pola constitución ou cesión de dereitos de uso ou gozo de carácter vitalicio.

2. Cando os rendementos do capital mobiliario cun período de xeración superior a dous anos se perciban de forma fraccionada, só será aplicable a redución do 40 por cento prevista no artigo 24.2.a) da Lei do imposto, en caso de que o cociente resultante de dividir o número de anos correspondente ao período de xeración, computados de data a data, entre o número de períodos impositivos de fraccionamento, sexa superior a dous.

SECCIÓN 3.^a RENDEMENTOS DE ACTIVIDADES ECONÓMICAS

Subsección 1.^a Normas xerais

Artigo 21. *Elementos patrimoniais afectos a unha actividade.*

1. Consideraranse elementos patrimoniais afectos a unha actividade económica desenvolvida polo contribuínte, con independencia de que a súa titularidade, en caso de matrimonio, resulte común a ambos os cónxuxes, os seguintes:

- a) Os bens inmobles nos cales se desenvolva a actividade.
- b) Os bens destinados aos servizos económicos e socioculturais do persoal ao servizo da actividade.
- c) Calquera outro elemento patrimonial que sexa necesario para a obtención dos respectivos rendementos.

En ningún caso terán a consideración de elementos afectos a unha actividade económica os activos representativos da participación en fondos propios dunha entidade e da cesión de capitais a terceiros e os destinados ao uso particular do titular da actividade, como os de espaxamento e recreo.

2. Só se considerarán elementos patrimoniais afectos a unha actividade económica aqueles que o contribuínte utilice para os fins dela.

Non se entenderán afectados:

1.º Aqueles que se utilicen simultaneamente para actividades económicas e para necesidades privadas, salvo que a utilización para estas últimas sexa accesoria e notoriamente irrelevante de acordo co previsto no punto 4 deste artigo.

2.º Aqueles que, sendo da titularidade do contribuínte, non figuren na contabilidade ou rexistros oficiais da actividade económica que estea obrigado a levar o contribuínte, salvo proba en contrario.

3. Cando se trate de elementos patrimoniais que sirvan só parcialmente ao obxecto da actividade, a afectación entenderase limitada a aquela parte deles que realmente se utilice na actividade de que se trate. Neste sentido, só se considerarán afectadas aquelas partes dos elementos patrimoniais que sexan susceptibles dun aproveitamento separado e independente do resto. En ningún caso serán susceptibles de afectación parcial elementos patrimoniais indivisibles.

4. Consideraranse utilizados para necesidades privadas de forma accesoria e notoriamente irrelevante os bens do inmovilizado adquiridos e utilizados para o desenvolvemento da actividade económica que se destinen ao uso persoal do contribuínte en días ou horas inhábiles durante os cales se interrompa o exercicio da dita actividade.

O disposto no parágrafo anterior non será de aplicación aos automóviles de turismo e aos seus remolques, ciclomotores, motocicletas, aeronaves ou embarcacións deportivas ou de recreo, salvo os seguintes supostos:

a) Os vehículos mixtos destinados ao transporte de mercadorías.

b) Os destinados á prestación de servizos de transporte de viaxeiros mediante contraprestación.

c) Os destinados á prestación de servizos de ensino de condutores ou pilotos mediante contraprestación.

d) Os destinados aos desprazamentos profesionais dos representantes ou axentes comerciais.

e) Os destinados a ser obxecto de cesión de uso con habitualidade e onerosidade.

Para estes efectos, consideraranse automóviles de turismo, remolques, ciclomotores e motocicletas os definidos como tales no anexo do Real decreto lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, polo que se aproba o texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade vial, así como os definidos como vehículos mixtos no dito anexo e, en todo caso, os denominados vehículos todo terreo ou tipo «jeep».

Artigo 22. *Valores de afectación e desafectación.*

1. As afectacións a actividades económicas de bens ou dereitos do patrimonio persoal realizaranse polo valor de adquisición que, segundo as normas previstas nos artigos 33.1 e 34 da Lei do imposto, tiveran no dito momento.

2. Nas desafectacións de bens ou dereitos afectos a actividades económicas ao patrimonio persoal tomarase, para efectos deste imposto, o seu valor contable no dito momento, calculado de acordo coas amortizacións que fosen fiscalmente deducibles, computándose en todo caso a amortización mínima.

Artigo 23. *Atribución de rendas.*

Para efectos de determinar o resultado das actividades económicas das entidades a que se refire o artigo 10 da Lei do imposto, o importe neto da cifra de negocios previsto no artigo 108 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, terá en conta exclusivamente o conxunto das actividades económicas exercidas polas ditas entidades.

Artigo 24. *Rendementos de actividades económicas obtidos de forma notoriamente irregular no tempo e rendementos percibidos de forma fraccionada.*

1. Para efectos da aplicación da redución prevista no artigo 30 da Lei do imposto, considéranse rendementos de actividades económicas obtidos de forma notoriamente irregular no tempo, exclusivamente, os seguintes, cando se imputen en único período impositivo:

a) Subvencións de capital para a adquisición de elementos do inmovilizado non amortizables.

b) Indemnizacións e axudas por cesamento de actividades económicas.

c) Premios literarios, artísticos ou científicos que non gocen de exención neste imposto. Non se consideran premios, para estes efectos, as contraprestacións económicas derivadas da cesión de dereitos de propiedade intelectual ou industrial ou que substitúan estas.

d) As indemnizacións percibidas en substitución de dereitos económicos de duración indefinida.

2. Cando os rendementos de actividades económicas cun período de xeración superior a dous anos se perciban de forma fraccionada, só será aplicable a redución do 40 por cento prevista no artigo 30 da Lei do imposto, en caso de que o cociente resultante de dividir o número de anos correspondente ao período de xeración, computados de data a data, entre o número de períodos impositivos de fraccionamento, sexa superior a dous.

Artigo 25. *Métodos de determinación de rendementos de actividades económicas.*

1. De acordo co previsto no artigo 49.2 da Lei do imposto, existirán os seguintes métodos de determinación dos rendementos de actividades económicas:

- 1.º Estimación directa, que terá dúas modalidades, normal e simplificada.
- 2.º Estimación obxectiva.

2. Os contribuíntes aplicarán algún dos métodos anteriores tendo en conta os límites de aplicación e as regras de incompatibilidade, renuncia e exclusión contidas nos artigos seguintes.

Subsección 2.ª Estimación directa simplificada

Artigo 26. *Ámbito de aplicación do método de estimación directa simplificada.*

1. Os contribuíntes que exerzan actividades económicas determinarán o rendemento neto de todas as súas actividades pola modalidade simplificada do método de estimación directa, sempre que:

- a) Non determinen o rendemento neto destas actividades polo método de estimación obxectiva.
- b) O importe neto da cifra de negocios do conxunto destas actividades, definido de acordo ao artigo 191 do texto refundido da Lei de sociedades anónimas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1564/1989, do 22 de decembro, non supere os 600.000 euros anuais no ano inmediato anterior.
- c) Non renuncien a esta modalidade.

2. O importe neto da cifra de negocios que se establece como límite para a aplicación da modalidade simplificada do método de estimación directa, terá como referencia o ano inmediato anterior a aquel en que deba aplicarse esta modalidade.

Cando no ano inmediato anterior non se exercese actividade ningunha, determinarase o rendemento neto por esta modalidade, salvo que se renuncie a ela nos termos previstos no artigo seguinte.

Cando no ano inmediato anterior se iniciase unha actividade, o importe neto da cifra de negocios elevarase ao ano.

3. Os contribuíntes que determinen o rendemento neto dalgunha das súas actividades económicas pola modalidade normal do método de estimación directa, determinarán o rendemento neto de todas as súas actividades pola modalidade normal.

Non obstante, cando se inicie durante o ano algunha actividade económica pola que se renuncie a esta modalidade, a incompatibilidade a que se refire o parágrafo anterior non producirá efectos para ese ano respecto ás actividades que se viñan realizando con anterioridade.

Artigo 27. *Renuncia e exclusión ao método de estimación directa simplificada.*

1. A renuncia á modalidade simplificada do método de estimación directa deberá efectuarse durante o mes de decembro anterior ao inicio do ano natural en que deba producir efecto.

A renuncia terá efectos para un período mínimo de tres anos. Transcorrido este prazo, entenderase prorrogada tacitamente para cada un dos anos seguintes en que puidese resultar aplicable a modalidade, salvo que no prazo previsto no parágrafo anterior se revogue aquela.

A renuncia así como a súa revogación efectuaranse de conformidade co previsto no Real decreto 1041/2003, do 1 de agosto, polo que se aproba o regulamento polo que se regulan determinados censos tributarios e se modifican

outras normas relacionadas coa xestión do imposto sobre actividades económicas.

En caso de inicio de actividade, a renuncia efectuarase segundo o previsto no parágrafo anterior.

2. Será causa determinante da exclusión da modalidade simplificada do método de estimación directa superar o límite establecido no artigo anterior.

A exclusión producirá efectos desde o inicio do ano inmediato posterior a aquel en que se produza a dita circunstancia.

3. A renuncia ou a exclusión da modalidade simplificada do método de estimación directa suporá que o contribuínte determinará durante os tres anos seguintes o rendemento neto de todas as súas actividades económicas pola modalidade normal deste método.

Artigo 28. *Determinación do rendemento neto no método de estimación directa simplificada.*

O rendemento neto das actividades económicas, ás que sexa de aplicación a modalidade simplificada do método de estimación directa, determinarase segundo as normas contidas nos artigos 26 e 28 da Lei do imposto, coas especialidades seguintes:

1.ª As amortizacións do inmovilizado material practícaranse de forma lineal, en función da táboa de amortizacións simplificada que aprobe o ministro de Economía e Facenda. Sobre as contías de amortización que resulten destas táboas serán de aplicación as normas do réxime especial de empresas de reducida dimensión previstas no texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades que afecten este concepto.

2.ª O conxunto das provisións deducibles e os gastos de difícil xustificación cuantificaranse aplicando a porcentaxe do 5 por cento sobre o rendemento neto, excluído este concepto.

Artigo 29. *Entidades en réxime de atribución.*

1. A modalidade simplificada do método de estimación directa será aplicable para a determinación do rendemento neto das actividades económicas desenvolvidas polas entidades a que se refire o artigo 10 da Lei do imposto, sempre que:

1.º Todos os seus socios, herdeiros, comeneiros ou partícipes sexan persoas físicas contribuíntes por este imposto.

2.º A entidade cumpra os requisitos definidos no artigo 26 deste regulamento.

2. A renuncia á modalidade deberana efectuar todos os socios, herdeiros, comeneiros ou partícipes, conforme o disposto no artigo 27 deste regulamento.

3. A aplicación desta modalidade efectuarase con independencia das circunstancias que concorran individualmente nos socios, herdeiros, comeneiros ou partícipes.

4. O rendemento neto atribuirase aos socios, herdeiros, comeneiros ou partícipes, segundo as normas ou pactos aplicables en cada caso e, se estes non lle constasen á Administración en forma fidedigna, atribuirase por partes iguais.

Subsección 3.ª Estimación obxectiva

Artigo 30. *Ámbito de aplicación do método de estimación obxectiva.*

1. O método de estimación obxectiva aplicarase a cada unha das actividades económicas, illadamente consideradas, que determine o ministro de Economía e Facenda, salvo que os contribuíntes renuncien a el ou

estean excluídos da súa aplicación, nos termos previstos nos artigos 31 e 32 deste regulamento.

2. Este método non poderá ser aplicado polos contribuíntes cando concorran calquera das seguintes circunstancias:

a) Que o volume de rendementos íntegros no ano inmediato anterior supere calquera dos seguintes importes:

Para o conxunto das súas actividades económicas, 450.000 euros anuais.

Para o conxunto das actividades agrícolas e gandeeiras, nos termos que determine a orde ministerial que desenvolva o método de estimación obxectiva, 300.000 euros.

Para estes efectos, só se computarán:

As operacións que deban anotarse no libro rexistro de vendas ou ingresos previsto no artigo 67.7 deste regulamento ou no libro rexistro de ingresos previsto no artigo 40.1 do Regulamento do imposto sobre o valor engadido, aprobado polo Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro.

As operacións polas que estean obrigados a expedir factura de acordo co disposto no regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, aprobado polo Real decreto 1496/2003, do 28 de novembro.

Cando no ano inmediato anterior se iniciase unha actividade, o volume de ingresos elevarase ao ano.

b) Que o volume de compras en bens e servizos, excluídas as adquisicións de inmovilizado, no exercicio anterior supere a cantidade de 300.000 euros anuais. No suposto de obras ou servizos subcontratados, o seu importe terase en conta para o cálculo deste límite.

Cando no ano inmediato anterior se iniciase unha actividade, o volume de compras elevarase ao ano.

c) Que as actividades económicas sexan desenvolvidas, total ou parcialmente, fóra do ámbito de aplicación do imposto a que se refire o artigo 4 da Lei do imposto.

Artigo 31. *Renuncia ao método de estimación obxectiva.*

1. A renuncia ao método de estimación obxectiva poderá efectuarse:

a) Durante o mes de decembro anterior ao inicio do ano natural en que deba producir efecto.

En caso de inicio de actividade, a renuncia efectuarase no momento de presentar a declaración censal de inicio de actividade.

b) Tamén se entenderá efectuada a renuncia ao método de estimación obxectiva cando se presente no prazo regulamentario a declaración correspondente ao pagamento fraccionado do primeiro trimestre do ano natural en que deba producir efectos na forma disposta para o método de estimación directa.

En caso de inicio de actividade, entenderase efectuada a renuncia cando se efectúe no prazo regulamentario o pagamento fraccionado correspondente ao primeiro trimestre do exercicio da actividade na forma disposta para o método de estimación directa.

2. A renuncia ao método de estimación obxectiva suporá a inclusión no ámbito de aplicación da modalidade simplificada do método de estimación directa, nos termos previstos no punto 1 do artigo 26 deste regulamento.

3. A renuncia terá efectos para un período mínimo de tres anos. Transcorrido este prazo entenderase prorrogada tacitamente para cada un dos anos seguintes en que puidera resultar aplicable o método de estimación obxectiva, salvo que no prazo previsto no punto 1.a) se revogue aquela.

Se no ano inmediato anterior a aquel en que a renuncia ao método de estimación obxectiva deba producir efecto, se superaran os límites que determinan o seu ámbito de aplicación, a dita renuncia terase por non presentada.

4. A renuncia a que se refire o punto 1.a) así como a revogación, calquera que fose a forma de renuncia, efectuaranse de conformidade co previsto no Real decreto 1041/2003, do 1 de agosto, polo que se aproba o regulamento polo que se regulan determinados censos tributarios e se modifican outras normas relacionadas coa xestión do imposto sobre actividades económicas.

Artigo 32. *Exclusión do método de estimación obxectiva.*

1. Será causa determinante da exclusión do método de estimación obxectiva a concorrencia de calquera das circunstancias establecidas no artigo 30.2 deste regulamento ou ter superado os límites que se establezan na orde ministerial que o desenvolva.

A exclusión producirá efectos o ano inmediato posterior a aquel en que se produza a dita circunstancia.

2. Tamén se considerarán causas de exclusión deste método a incompatibilidade prevista no artigo 33 e as reguladas nos puntos 2 e 4 do artigo 34 deste regulamento.

3. A exclusión do método de estimación obxectiva suporá a inclusión no ámbito de aplicación da modalidade simplificada do método de estimación directa, nos termos previstos no punto 1 do artigo 26 deste regulamento.

Artigo 33. *Incompatibilidade da estimación obxectiva coa estimación directa.*

Os contribuíntes que determinen o rendemento neto dalgunha actividade económica polo método de estimación directa, en calquera das súas modalidades, determinarán o rendemento neto de todas as súas actividades económicas polo dito método, na modalidade correspondente.

Non obstante, cando se inicie durante o ano algunha actividade económica non incluída ou pola que se renuncie ao método de estimación obxectiva, a incompatibilidade a que se refire o parágrafo anterior non producirá efectos para ese ano respecto ás actividades que se viñan realizando con anterioridade.

Artigo 34. *Coordinación do método de estimación obxectiva co imposto sobre o valor engadido e o imposto xeral indirecto canario.*

1. A renuncia ao réxime especial simplificado ou ao réxime especial da agricultura, gandaría e pesca do imposto sobre o valor engadido suporá a renuncia ao método de estimación obxectiva por todas as actividades económicas exercidas polo contribuínte.

2. A exclusión do réxime especial simplificado do imposto sobre o valor engadido suporá a exclusión do método de estimación obxectiva por todas as actividades económicas exercidas polo contribuínte.

3. A renuncia ao réxime especial simplificado ou ao réxime especial da agricultura e gandaría do imposto xeral indirecto canario suporá a renuncia ao método de estimación obxectiva por todas as actividades económicas exercidas polo contribuínte.

4. A exclusión do réxime especial simplificado do imposto xeral indirecto canario suporá a exclusión do método de estimación obxectiva por todas as actividades económicas exercidas polo contribuínte.

Artigo 35. *Determinación do rendemento neto no método de estimación obxectiva.*

1. Os contribuíntes determinarán, con referencia a cada actividade á cal resulte aplicable este método, o rendemento neto correspondente.

2. A determinación do rendemento neto a que se refire o punto anterior efectuaráa o propio contribuínte, mediante a imputación a cada actividade dos signos, índices ou módulos que fixase o ministro de Economía e Facenda.

Cando se preveña na orde pola que se aproban os signos, índices ou módulos, para o cálculo do rendemento neto poderán deducirse as amortizacións do inmovilizado rexistradas. A contía deducible por este concepto será, exclusivamente, a que resulte de aplicar a táboa que, para estes efectos, aprobe o ministro de Economía e Facenda.

3. Nos casos de iniciación con posterioridade ao día 1 de xaneiro ou cesamento antes do día 31 de decembro das operacións dunha actividade acollida a este método, os signos, índices ou módulos aplicaranse, se é o caso, proporcionalmente ao período de tempo en que tal actividade se exerce, polo contribuínte durante o ano natural.

O disposto neste punto non será de aplicación ás actividades de temporada, que se rexerán polo establecido na correspondente orde ministerial.

4.1. Cando o desenvolvemento de actividades económicas ás cales resulte de aplicación este método se vise afectado por incendios, inundacións ou outras circunstancias excepcionais que afectasen un sector ou zona determinada, o ministro de Economía e Facenda poderá autorizar, con carácter excepcional, a redución dos signos, índices ou módulos.

2. Cando o desenvolvemento de actividades económicas ás cales resulte de aplicación este método se vise afectado por incendios, inundacións, afundimentos ou grandes avarías no equipo industrial, que supoñan anomalías graves no desenvolvemento da actividade, os interesados poderán solicitar a redución dos signos, índices ou módulos na Administración ou Delegación da Axencia Estatal de Administración Tributaria correspondente ao seu domicilio fiscal, no prazo de trinta días, contado desde a data en que se produzan, achegando as probas que consideren oportunas e facendo mención, se é o caso, das indemnizacións para percibir por razón de tales anomalías. Acreditada a efectividade das ditas anomalías, autorizarase a redución dos signos, índices ou módulos que proceda.

Igualmente autorizará a redución dos signos, índices ou módulos cando o titular da actividade se encontre en situación de incapacidade temporal e non teña outro persoal empregado. O procedemento para reducir os signos, índices ou módulos será o mesmo que o previsto no parágrafo anterior.

A redución dos signos, índices ou módulos terase en conta para efectos dos pagamentos fraccionados devengados con posterioridade á data da autorización.

3. Cando o desenvolvemento de actividades económicas ás cales resulte de aplicación este método se vise afectado por incendios, inundacións, afundimentos ou outras circunstancias excepcionais que determinen gastos extraordinarios alleos ao proceso normal do exercicio daquela, os interesados poderán minorar o rendemento neto resultante no importe dos ditos gastos. Para iso, os contribuíntes deberán pór a dita circunstancia en coñecemento da Administración ou Delegación da Axencia Estatal de Administración Tributaria correspondente ao seu domicilio fiscal, no prazo de trinta días contados desde a data en que se produza, achegando, para tal efecto, a xustificación correspondente e facendo mención, se é o caso,

das indemnizacións para percibir por razón de tales circunstancias.

A Administración tributaria verificará a certeza da causa que motiva a redución do rendemento e o importe dela.

5. A orde ministerial en cuxa virtude se fixen os signos, índices ou módulos aplicables a cada actividade conterá as instrucións necesarias para o seu adecuado cómputo e deberá publicarse no «Boletín Oficial del Estado» antes do 1 de decembro anterior ao período a que resulte aplicable.

A orde ministerial poderá referirse a un período de tempo superior ao ano, caso en que se determinará por separado o método de cálculo do rendemento correspondente a cada un dos anos comprendidos.

Artigo 36. *Actividades independentes.*

1. Para efectos da aplicación do método de estimación obxectiva, consideraranse actividades independentes cada unha das recollidas especificamente nas ordes ministeriais que regulen este método.

2. A determinación das operacións económicas incluídas en cada actividade deberá efectuarse de acordo coas normas do imposto sobre actividades económicas, na medida en que resulten aplicables.

Artigo 37. *Entidades en réxime de atribución.*

1. O método de estimación obxectiva será aplicable para a determinación do rendemento neto das actividades económicas desenvolvidas polas entidades a que se refire o artigo 10 da Lei do imposto, sempre que todos os seus socios, herdeiros, comeneiros ou partícipes sexan persoas físicas contribuíntes por este imposto.

2. A renuncia ao método, que deberá efectuarse de acordo co disposto no artigo 31 deste regulamento, formularana todos os socios, herdeiros, comeneiros ou partícipes.

3. A aplicación deste método de estimación obxectiva deberá efectuarse con independencia das circunstancias que concorran individualmente nos socios, herdeiros, comeneiros ou partícipes.

4. O rendemento neto atribuirase aos socios, herdeiros, comeneiros ou partícipes, segundo as normas ou pactos aplicables en cada caso e, se estes non lle constasen á Administración en forma fidedigna, atribuirase por partes iguais.

SECCIÓN 4.^a GANANCIAS E PERDAS PATRIMONIAIS

Artigo 38. *Determinación do valor de adquisición.*

1. O valor de adquisición dos elementos patrimoniais transmitidos minorarase no importe das amortizacións fiscalmente deducibles, computándose en todo caso a amortización mínima, con independencia da efectiva consideración desta como gasto.

Para estes efectos, considerarse como amortización mínima a resultante do período máximo de amortización ou a porcentaxe fixa que corresponda, segundo cada caso.

2. Tratándose da transmisión de elementos patrimoniais afectos a actividades económicas, considerarse como valor de adquisición o valor contable, tendo en conta as amortizacións que fosen fiscalmente deducibles, sen prexuízo da amortización mínima a que se refire o punto anterior. Cando os elementos patrimoniais fosen afectados á actividade despois da súa adquisición e con anterioridade ao 1 de xaneiro de 1999, tomarase como data de adquisición a que corresponda á afectación.

Artigo 39. *Exención por reinvestimento en vivenda habitual.*

1. Poderán gozar de exención as ganancias patrimoniais que se poñan de manifesto na transmisión da vivenda habitual do contribuínte cando o importe total obtido se reinvesta na adquisición dunha nova vivenda habitual, nas condicións que se establecen neste artigo. Cando para adquirir a vivenda transmitida o contribuínte utilízase financiamento alleo, considerarase, exclusivamente para estes efectos, como importe total obtido o resultante de minorar o valor de transmisión no principal do préstamo que se encontre pendente de amortizar no momento da transmisión.

Para estes efectos, asimílese á adquisición de vivenda a súa rehabilitación, nos termos previstos no artigo 54.5 deste regulamento.

Para a cualificación da vivenda como habitual, haberá que se ater ao disposto no artigo 53 deste regulamento.

2. O reinvestimento do importe obtido no alleamento deberá efectuarse, dunha soa vez ou sucesivamente, nun período non superior a dous anos.

Entenderase que o reinvestimento se efectúa dentro de prazo cando a venda se efectuase a prazos ou con prezo aprazado, sempre que o importe dos prazos se destine á finalidade indicada dentro do período impositivo en que se vaian percibindo.

Cando, conforme o disposto nos parágrafos anteriores, o reinvestimento non se realice no mesmo ano do alleamento, o contribuínte virá obrigado a facer constar na declaración do imposto do exercicio en que se obteña a ganancia de patrimonio a súa intención de reinvestir nas condicións e prazos sinalados.

Igualmente darán dereito á exención por reinvestimento as cantidades obtidas no alleamento que se destinen a satisfacer o prezo dunha nova vivenda habitual que se adquirise no prazo dos dous anos anteriores a aquela.

3. No caso de que o importe do reinvestimento fora inferior ao total obtido no alleamento, soamente se excluírá de gravame a parte proporcional da ganancia patrimonial que corresponda á cantidade efectivamente investida nas condicións deste artigo.

4. O incumprimento de calquera das condicións establecidas neste artigo determinará o sometemento a gravame da parte da ganancia patrimonial correspondente.

En tal caso, o contribuínte imputará a parte da ganancia patrimonial non exenta ao ano da súa obtención, practicando declaración-liquidación complementaria, con inclusión dos xuros de demora, e presentárase no prazo que medie entre a data en que se produza o incumprimento e a finalización do prazo regulamentario de declaración correspondente ao período impositivo en que se produza o dito incumprimento.

Artigo 40. *Redución de ganancias patrimoniais para determinados elementos patrimoniais afectos.*

1. Os contribuíntes que exerzan a actividade de transporte por autotaxis, clasificada na epígrafe 721.2 da sección primeira das tarifas do imposto sobre actividades económicas, que determinen o seu rendemento neto polo método de estimación obxectiva, reducirán as ganancias patrimoniais que se lles produzan como consecuencia da transmisión de activos fixos inmateriais, cando esta transmisión estea motivada por incapacidade permanente, xubilación ou cesamento de actividade por reestruturación do sector.

Así mesmo, o disposto no parágrafo anterior será aplicable cando, por causas distintas ás sinaladas nel, se transmitan os activos inmateriais a familiares até o segundo grao.

2. A redución prevista no punto anterior obterase aplicando á ganancia patrimonial determinada segundo o previsto no artigo 32 da Lei do imposto, as seguintes porcentaxes:

Tempo transcorrido desde a adquisición do activo fixo inmaterial	Porcentaxe aplicable
Máis de doce anos	100 por cento
Máis de once anos	87 por cento
Máis de dez anos	74 por cento
Máis de nove anos	61 por cento
Máis de oito anos	54 por cento
Máis de sete anos	47 por cento
Máis de seis anos	40 por cento
Máis de cinco anos	33 por cento
Máis de catro anos	26 por cento
Máis de tres anos	19 por cento
Máis de dous anos	12 por cento
Máis dun ano	8 por cento
Até un ano	4 por cento

CAPÍTULO III

Rendas en especie

Artigo 41. *Entrega de accións a traballadores.*

1. Non terán a consideración de rendementos do traballo en especie, para efectos do previsto no artigo 46.2.a) da Lei do imposto, a entrega de accións ou participacións aos traballadores en activo nos seguintes supostos:

1.º A entrega de accións ou participacións dunha sociedade aos seus traballadores.

2.º Así mesmo, no caso dos grupos de sociedades en que concorran as circunstancias previstas no artigo 42 do Código de comercio, a entrega de accións ou participacións dunha sociedade do grupo aos traballadores, contribuíntes por este imposto, das sociedades que formen parte do mesmo subgrupo. Cando se trate de accións ou participacións da sociedade dominante do grupo, a entrega aos traballadores, contribuíntes por este imposto, das sociedades que formen parte do grupo.

Nos dous casos anteriores, a entrega poderá ser efectuada tanto pola propia sociedade á cal preste os seus servizos o traballador, como por outra sociedade pertencente ao grupo ou polo ente público, sociedade estatal ou Administración pública titular das accións.

2. A aplicación do previsto no punto anterior exixirá o cumprimento dos seguintes requisitos:

1.º Que a oferta se realice dentro da política retributiva xeral da empresa ou, se é o caso, do grupo de sociedades a que contribúa á participación dos traballadores na empresa.

2.º Que cada un dos traballadores, conxuntamente cos seus cónxuxes ou familiares até o segundo grao, non teñan unha participación, directa ou indirecta, na sociedade en que prestan os seus servizos ou en calquera outra do grupo, superior ao 5 por cento.

3.º Que os títulos se manteñan, polo menos, durante tres anos.

O incumprimento do prazo a que se refire o número 3.º anterior motivará a obriga de presentar unha declaración-liquidación complementaria, cos correspondentes xuros

de demora, no prazo que medie entre a data en que se incumpra o requisito e a finalización do prazo regulamentario de declaración correspondente ao período impositivo en que se produza o dito incumprimento.

Artigo 42. *Gastos de estudo para a capacitación ou reciclaxe do persoal que non constitúen retribución en especie.*

Non terán a consideración de retribucións en especie, para efectos do previsto no artigo 46.2.b) da Lei do imposto, os estudos dispostos por institucións, empresas ou empregadores e financiados directamente por eles para a actualización, capacitación ou reciclaxe do seu persoal, cando veñan exixidos polo desenvolvemento das súas actividades ou as características dos postos de traballo, incluso cando a súa prestación efectiva a efectúen outras persoas ou entidades especializadas. Nestes casos, os gastos de locomoción, manutención e estadía rexeranse polo previsto no artigo 8 deste regulamento.

Artigo 43. *Gastos por comedores de empresa que non constitúen retribución en especie.*

1. Para efectos do previsto no artigo 46.2.c) da Lei do imposto, terán a consideración de entrega de produtos a prezos rebaixados que se realicen en comedores de empresa as fórmulas directas e indirectas de prestación do servizo, admitidas pola lexislación laboral, nas cales concorran os seguintes requisitos:

1.º Que a prestación do servizo teña lugar durante días hábiles para o empregado ou traballador.

2.º Que a prestación do servizo non teña lugar durante os días que o empregado ou traballador devengue axudas de custo por manutención exceptuadas de gravame de acordo co artigo 8 deste regulamento.

2. Cando a prestación do servizo se realice a través de fórmulas indirectas, terán que cumprirse, ademais dos requisitos exixidos no número anterior, os seguintes:

1.º A contía das fórmulas indirectas non poderá superar 7,81 euros diarios. Se a contía diaria fose superior, existiría retribución en especie polo exceso. Esta contía poderá ser modificada polo ministro de Economía e Facenda atendendo á evolución económica e ao contido social destas fórmulas.

2.º Se para a prestación do servizo se lle entregasen ao empregado ou traballador vales-comida ou documentos similares, observarase o seguinte:

Deberán estar numerados, expedidos de forma nominativa e neles deberá figurar o seu importe nominal e a empresa emisora.

Serán intransmisibles.

Non poderá obterse, nin da empresa nin de terceiro, o reembolso do seu importe.

Só se poderán utilizar en establecementos de hostalaría.

A empresa que os entregue deberá levar e conservar relación dos entregados a cada un dos seus empregados ou traballadores, con expresión do número de documento e día de entrega.

Artigo 44. *Gastos por seguros de enfermidade que non constitúen retribución en especie.*

Non terán a consideración de rendementos do traballo en especie, de acordo co previsto no artigo 46.2.f) da Lei do imposto, as primas ou cotas satisfeitas polas empresas a entidades aseguradoras para a cobertura de enfermidade, cando se cumpran os seguintes requisitos e límites:

1. Que a cobertura de enfermidade alcance ao propio traballador, podendo ademais alcanzar ao seu cónxuxe e descendentes.

2. Que as primas ou cotas satisfeitas non excedan de 500 euros anuais por cada unha das persoas sinaladas no punto anterior. O exceso sobre as ditas contías constituirá retribución en especie.

Artigo 45. *Dereitos de fundadores de sociedades.*

Os dereitos especiais de contido económico que se reserven os fundadores ou promotores dunha sociedade como remuneración de servizos persoais, cando consistan nunha porcentaxe sobre os beneficios da entidade, valoraranse, como mínimo, no 35 por cento do valor equivalente de capital social que permita a mesma participación nos beneficios que a recoñecida aos citados dereitos.

Artigo 46. *Prezo ofertado.*

Para efectos do previsto no artigo 47.1.1.º f) da Lei do imposto considerárase prezo ofertado ao público, nas retribucións en especie satisfeitas por empresas que teñen como actividade habitual a realización das actividades que dan lugar a el, o previsto no artigo 13 da Lei 26/1984, do 19 de xullo, xeral para a defensa dos consumidores e usuarios, deducindo os descontos ordinarios ou comúns. Consideraranse ordinarios ou comúns os descontos que sexan ofertados a outros colectivos de similares características aos traballadores da empresa, así como os descontos promocionais que teñan carácter xeral e se encontren en vigor no momento de satisfacer a retribución en especie ou que, noutro caso, non excedan o 20 por cento.

CAPÍTULO IV

Base liquidable

Artigo 47. *Redución por mobilidade xeográfica.*

Para a aplicación da redución por mobilidade xeográfica establecida no artigo 53 da Lei do imposto deberanse cumprir os seguintes requisitos:

a) O contribuínte deberá estar desempleado e inscrito na oficina de emprego.

b) O posto de traballo que se acepta debe estar situado nun municipio distinto ao da residencia habitual do contribuínte.

c) O contribuínte debe trasladar a súa residencia habitual a un novo municipio.

Artigo 48. *Redución por coidado de fillos.*

Para efectos do previsto no artigo 54 da Lei do imposto, cando teña lugar a adopción dun menor que estivese en réxime de acollemento, ou se produza un cambio na situación do acollemento, a redución por coidado de fillos practícarase durante os períodos impositivos restantes até esgotar o prazo máximo fixado no citado artigo.

Artigo 49. *Plans de previsión asegurados.*

1. Para efectos do disposto na alínea b) do artigo 60.3 da Lei do imposto, entenderase que un contrato de seguro cumpre o requisito de que a cobertura principal sexa a de xubilación, cando se verifique a condición de que o valor da previsión matemática para xubilación alcanzada ao final de cada anualidade represente polo menos o triple da suma das primas pagadas desde o inicio do plan para o capital de falecemento e invalidez.

2. Só se permitirá a disposición anticipada dos plans de previsión asegurados nos supostos previstos na normativa de plans de pensións.

O dereito de disposición anticipada valorarase polo importe da previsión matemática á que non se poderán aplicar penalizacións, gastos ou descontos.

Non obstante, no caso de que a entidade conte con investimentos afectos, o dereito de disposición anticipada valorarase polo valor de mercado dos activos asignados.

3. Os tomadores dos plans de previsión asegurados poderán, mediante decisión unilateral, mobilizar a súa provisión matemática a outro plan de previsión asegurado do cal sexan tomadores.

Unha vez alcanzada a continxencia, a mobilización só será posible se as condicións do plan o permiten.

Para tal efecto, comunicáraselle á entidade aseguradora de orixe os datos referentes ao tomador e ao plan de previsión asegurado de destino, así como á conta á cal se deberá realizar o traspaso. Tal comunicación poderá ser realizada directamente polo tomador ou pola entidade aseguradora de destino.

A mobilización realizarase no prazo máximo de sete días desde a recepción por parte da entidade aseguradora de orixe da documentación correspondente. No mesmo prazo, a entidade de orixe deberá remitir á entidade de destino toda a información que dispoña sobre o tomador e os datos históricos do plan de previsión asegurado. Para estes efectos, considérase que a petición dirixida á entidade de destino implica, por parte do tomador, a autorización para a remisión da dita información.

Para a valoración da provisión matemática tomarase a data en que a aseguradora de orixe reciba a documentación referida. No caso de que a entidade conte con investimentos afectos, o valor da provisión matemática a mobilizar será o valor de mercado dos activos asignados.

Non se poderán aplicar penalizacións, gastos ou descontos ao importe desta mobilización.

4. Con periodicidade trimestral as entidades aseguradoras deberán comunicar aos tomadores de plans de previsión asegurados o valor dos dereitos de que son titulares.

Artigo 50. *Prazo de presentación das declaracións complementarias na disposición de dereitos consolidados de mutualidades de previsión social.*

Para efectos do previsto nos artigos 60.2.b) e 61.2 da Lei do imposto, as declaracións-liquidacións complementarias para repor as reducións na base imponible indebidamente practicadas pola disposición anticipada dos dereitos consolidados en mutualidades de previsión social presentaranse no prazo que medie entre a data da dita disposición anticipada e a finalización do prazo regulamentario de declaración correspondente ao período impositivo en que se realice a disposición anticipada.

Artigo 51. *Excesos de achegas a plans de pensións, plans de previsión asegurados e mutualidades de previsión social.*

Os partícipes, mutualistas ou asegurados poderán solicitar que as cantidades achegadas que non puidesen ser obxecto de redución na base imponible, segundo o previsto no artigo 60.6 da Lei do imposto, o sexan nos cinco exercicios seguintes.

A solicitude deberá realizarse na declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas correspondente ao exercicio en que as achegas realizadas non puidesen ser obxecto de redución por insuficiencia de base imponible.

A imputación do exceso realizarase respectando os límites establecidos nos artigos 60 e 61 da Lei do imposto. Para estes efectos, cando no período impositivo en que se produza o dito exceso concorran achegas do contribuínte e contribucións imputadas polo promotor, a determinación da parte do exceso que corresponde a unhas e outras realizarase en proporción aos importes das respectivas achegas e contribucións.

Cando concorran achegas realizadas no exercicio con achegas de exercicios anteriores que non puidesen ser obxecto de redución por insuficiencia de base imponible,

entenderanse reducidas, en primeiro lugar, as achegas correspondentes a anos anteriores.

Artigo 52. *Acreditación do número de socios, patrimonio e porcentaxe máxima de participación en institucións de investimento colectivo.*

1. O número mínimo de accionistas exixidos no artigo 95 da Lei do imposto ás institucións de investimento colectivo con forma societaria determinarase da seguinte forma:

a) Para as institucións de investimento colectivo incluídas no punto 1 do artigo 95, o número de accionistas que figure no último informe trimestral, anterior á data de transmisión ou reembolso, que a institución remitise á Comisión Nacional do Mercado de Valores de acordo co disposto na normativa de desenvolvemento da Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo.

b) Para as institucións de investimento colectivo incluídas no punto 2 do artigo 95, o número de accionistas que conste na última comunicación anual á Comisión Nacional do Mercado de Valores, anterior á data de transmisión ou reembolso, que se efectúe por unha única entidade comercializadora con establecemento en España designada para tal efecto pola institución de investimento colectivo ou a súa xestora, referida a cada compartimento ou subfondo rexistrado. Para os efectos anteriores e do previsto no seguinte punto, esta comunicación deberá expresar o número total de accionistas de cada compartimento ou subfondo, o patrimonio total da institución, compartimento ou subfondo, a data a que se refiren os datos anteriores e terá un período máximo de validez dun ano contado desde a dita data de referencia. A Comisión Nacional do Mercado de Valores fará pública a dita información e precisará os requisitos técnicos e procedementos de comunicación da información sinalada nesta letra.

2. O contribuínte que se queira acoller ao réxime de diferimento previsto no artigo 95 da Lei do imposto para as operacións en que interveña algunha institución de investimento colectivo con forma societaria, deberalles comunicar documentalmente ás entidades a través das cales se realicen as operacións de transmisión ou reembolso e adquisición ou subscripción que non participou nalgún momento dentro dos doce meses anteriores á data da operación en máis do 5 por cento do capital da institución de investimento colectivo correspondente. As referidas entidades deberán conservar á disposición da Administración tributaria durante o período de prescrición das obrigas tributarias a documentación comunicada polos contribuíntes.

TÍTULO III

Deducións da cota

CAPÍTULO I

Dedución por investimento en vivenda habitual

Artigo 53. *Concepto de vivenda habitual.*

1. Con carácter xeral considérase vivenda habitual do contribuínte a edificación que constituía a súa residencia durante un prazo continuado de, polo menos, tres anos.

Non obstante, entenderase que a vivenda tivo o carácter de habitual cando, a pesar de non transcourir o dito prazo, se produza o falecemento do contribuínte ou concorran outras circunstancias que necesariamente exixan o cambio de domicilio, tales como celebración de matrimonio, separación matrimonial, traslado laboral, obtención

do primeiro emprego, ou cambio de emprego, ou outras análogas xustificadas.

2. Para que a vivenda constitúa a residencia habitual do contribuínte debe ser habitada de maneira efectiva e con carácter permanente polo propio contribuínte, nun prazo de doce meses, contados a partir da data de adquisición ou terminación das obras.

No entanto, entenderase que a vivenda non perde o carácter de habitual cando se produzan as seguintes circunstancias:

Cando se produza o falecemento do contribuínte ou concorran outras circunstancias que necesariamente impidan a ocupación da vivenda, nos termos previstos no punto 1 deste artigo.

Cando este goce de vivenda habitual por razón de cargo ou emprego e a vivenda adquirida non sexa obxecto de utilización, caso en que o prazo antes indicado comezará a contarse a partir da data do cesamento.

3. Cando sexan de aplicación as excepcións previstas nos puntos anteriores, a dedución por adquisición de vivenda practícase até o momento en que se dean as circunstancias que necesariamente exijan o cambio de vivenda ou impidan a súa ocupación, salvo cando o contribuínte goce de vivenda habitual por razón de cargo ou emprego, caso en que poderá seguir practicando deducións por este concepto mentres se manteña a dita situación e a vivenda non sexa obxecto de utilización.

Artigo 54. *Adquisición e rehabilitación da vivenda habitual.*

1. Asímlanse á adquisición de vivenda a construción ou ampliación dela, nos seguintes termos:

Ampliación de vivenda, cando se produza o aumento da súa superficie habitable, mediante cerramento de parte descuberta ou por calquera outro medio, de forma permanente e durante todas as épocas do ano.

Construción, cando o contribuínte satisfaga directamente os gastos derivados da execución das obras, ou entregue cantidades á conta ao promotor daquelas, sempre que finalicen nun prazo non superior a catro anos desde o inicio do investimento.

2. Polo contrario, non se considerará adquisición de vivenda:

a) Os gastos de conservación ou reparación, nos termos previstos no artigo 12 deste regulamento.

b) As melloras.

c) A adquisición de prazas de garaxe, xardíns, parques, piscinas e instalacións deportivas e, en xeral, os anexos ou calquera outro elemento que non constitúa a vivenda propiamente dita, sempre que se adquiran independentemente desta. Asímlaranse a vivendas as prazas de garaxe adquiridas con estas, co máximo de dúas.

3. Se, como consecuencia de se atopar en situación de concurso, o promotor non finalizase as obras de construción antes de transcorrer o prazo de catro anos a que se refire o punto 1 deste artigo ou non puidese efectuar a entrega das vivendas no mesmo prazo, este quedará ampliado noutros catro anos.

Nestes casos, o prazo de doce meses a que se refire o artigo 53.2 deste regulamento comezará a contarse a partir da entrega.

Para que a ampliación prevista neste punto produza efecto, o contribuínte que estea obrigado a presentar declaración polo imposto, no período impositivo en que se incumprise o prazo inicial, deberalle xuntar tanto os xustificantes que acrediten os seus investimentos en vivenda como calquera documento xustificativo de terse producido algunha das referidas situacións.

Nos supostos a que se refire este punto, o contribuínte non estará obrigado a efectuar ingreso ningún por razón

do incumprimento do prazo xeral de catro anos de finalización das obras de construción.

4. Cando por outras circunstancias excepcionais non imputables ao contribuínte e que supoñan paralización das obras, non poidan estas finalizarse antes de transcorrer o prazo de catro anos a que se refire o punto 1 deste artigo, o contribuínte poderá solicitar da Administración a ampliación do prazo.

A solicitude deberá presentarse na Delegación ou Administración da Axencia Estatal de Administración Tributaria correspondente ao seu domicilio fiscal durante os trinta días seguintes ao incumprimento do prazo.

Na solicitude deberán figurar tanto os motivos que provocaron o incumprimento do prazo como o período de tempo que se considera necesario para finalizar as obras de construción, o cal non poderá ser superior a catro anos.

Para efectos do sinalado no parágrafo anterior, o contribuínte deberá achegar a xustificación correspondente.

A vista da documentación achegada, o delegado ou administrador da Axencia Estatal de Administración Tributaria decidirá tanto sobre a procedencia da ampliación solicitada como con respecto ao prazo de ampliación, o cal non terá que axustarse necesariamente ao solicitado polo contribuínte.

Poderán entenderse desestimadas as solicitudes de ampliación que non fosen resoltas expresamente no prazo de tres meses.

A ampliación que se conceda comezará a contarse a partir do día inmediato seguinte a aquel en que se produza o incumprimento.

5. Para os efectos previstos no artigo 69.1.1.ª) da Lei do imposto considerarase rehabilitación de vivenda as obras nela que cumpran calquera dos seguintes requisitos:

a) Que fosen cualificadas ou declaradas como actuación protexida en materia de rehabilitación de vivendas nos termos previstos no Real decreto 1/2002, do 11 de xaneiro.

b) Que teñan por obxecto a reconstrución da vivenda mediante a consolidación e o tratamento das estruturas, fachadas ou cubertas e outras análogas, sempre que o custo global das operacións de rehabilitación exceda o 25 por cento do prezo de adquisición se se efectuase esta durante os dous anos anteriores á rehabilitación ou, noutro caso, do valor de mercado que tivese a vivenda no momento da súa rehabilitación.

Artigo 55. *Condicións de financiamento da vivenda habitual para a aplicación das porcentaxes de dedución incrementadas.*

1. As porcentaxes de dedución previstas no artigo 69.1.1.ª) da Lei do imposto serán de aplicación da seguinte maneira:

1.º Cando se trate de adquisición ou rehabilitación de vivenda, para aplicar as porcentaxes incrementadas, do 16,75 por cento e do 13,40 por cento, deberán producirse as seguintes circunstancias:

a) Que o importe financiado do valor de adquisición ou rehabilitación da vivenda supoña, polo menos, un 50 por cento do dito valor.

No caso de reinvestimento por alleamento da vivenda habitual a porcentaxe do 50 por cento entenderase referida ao exceso de investimento que corresponda.

b) Que durante os tres primeiros anos non se amorticen cantidades que superen no seu conxunto o 40 por cento do importe total solicitado.

Estas porcentaxes non serán de aplicación, en ningún caso, ás cantidades destinadas á construción ou ampliación da vivenda nin ás depositadas en conta vivenda.

A porcentaxe de dedución do 16,75 por cento aplicárase, exclusivamente, durante os dous anos seguintes á adquisición ou rehabilitación da vivenda habitual e sobre as cantidades, respectivamente, destinadas a estes fins.

2.º Cando se trate de obras e instalacións de adecuación realizadas por minusválidos, ás cales se refire o artigo 69.1.4.º e) da Lei do imposto, deberán producirse as seguintes circunstancias:

a) Que o importe financiado das obras ou instalacións de adecuación supoña, polo menos, un 30 por cento do dito investimento.

b) Que durante os tres primeiros anos non se amorticen cantidades que superen no seu conxunto o 40 por cento do importe total solicitado.

As porcentaxes de dedución do 16,75 ou do 13,40 por cento aplicáranse, como máximo, sobre 6.010,12 euros, aplicándose o 10,05 por cento sobre o exceso, até 12.020,24 euros.

A porcentaxe de dedución do 16,75 por cento aplicárase, exclusivamente, durante os dous anos seguintes á realización das obras ou instalacións de adecuación.

2. As condicións e requisitos establecidos no punto anterior serán tamén de aplicación ao tramo autonómico ou complementario da dedución por investimento en vivenda habitual, previsto no artigo 79 da Lei do imposto.

Artigo 56. *Contas vivenda.*

1. Considerarase que se destinaron á adquisición ou rehabilitación da vivenda habitual do contribuínte as cantidades que se depositen en entidades de crédito, en contas separadas de calquera outro tipo de imposición, sempre que os saldos delas se destinen exclusivamente á primeira adquisición ou rehabilitación da vivenda habitual do contribuínte.

2. Perderase o dereito á dedución:

a) Cando o contribuínte dispoña de cantidades depositadas na conta vivenda para fins diferentes da primeira adquisición ou rehabilitación da súa vivenda habitual. En caso de disposición parcial entenderase que as cantidades dispostas son as primeiras depositadas.

b) Cando transcorran catro anos, a partir da data en que foi aberta a conta, sen que se adquirise ou rehabilitase a vivenda.

c) Cando a posterior adquisición ou rehabilitación da vivenda non cumpra as condicións que determinan o dereito á dedución por ese concepto.

3. Cada contribuínte só poderá manter unha conta vivenda.

4. As contas vivenda deberán identificarse separadamente na declaración do imposto, consignando, polo menos, os seguintes datos:

Entidade onde se abriu conta.

Sucursal.

Número da conta.

Artigo 57. *Obras de adecuación da vivenda habitual por minusválidos.*

1. Para efectos da dedución prevista no artigo 69.1.4.º da Lei do imposto, enténdese por obras e instalacións de adecuación da vivenda habitual dos discapacitados aquelas que impliquen unha reforma do interior dela, así como as de modificación dos elementos comúns do edificio que sirvan de paso necesario entre o predio urbano e a vía pública, tales como escaleiras, ascensores, corredores, portais ou calquera outro elemento arquitectónico, ou as necesarias para a aplicación de dispositivos electrónicos

que sirvan para superar barreiras de comunicación sensorial ou de promoción da súa seguridade.

2. A acreditación da necesidade das obras e instalacións para a accesibilidade e comunicación sensorial que facilite o desenvolvemento digno e adecuado da persoa con minusvalidez, efectuarase ante a Administración tributaria mediante certificado ou resolución expedido polo Instituto de Migracións e Servizos Sociais ou o órgano competente das comunidades autónomas en materia de valoración de minusvalidez, baseándose no ditame emitido polos equipos de valoración e orientación dependentes dela.

CAPÍTULO II

Dedución por rendas obtidas en Ceuta ou Melilla

Artigo 58. *Rendas obtidas en Ceuta ou Melilla.*

Para efectos da dedución prevista no artigo 69.4 da Lei do imposto, terán a consideración de rendas obtidas en Ceuta ou Melilla as seguintes:

1. Os rendementos do traballo derivados de prestacións por desemprego e daquelas ás cales se refire o artigo 16.2.a) da Lei do imposto.

2. No exercicio de actividades económicas, entenderase por operacións efectivamente realizadas en Ceuta ou Melilla aquelas que cerren nestes territorios un ciclo mercantil que determine resultados económicos ou supoña a prestación dun servizo profesional nos ditos territorios.

Non se considerará que median as ditas circunstancias cando se trate de operacións illadas de extracción, fabricación, compra, transporte, entrada e saída de xéneros ou efectos neles e, en xeral, cando as operacións non determinen por si soas rendas.

3. Cando se trate de actividades pesqueiras e marítimas, serán de aplicación as regras establecidas no artigo 33 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades.

4. Entenderase que os rendementos do capital mobiliario procedentes do arrendamento de bens mobles, negocios ou minas, constitúen unha renda obtida en Ceuta ou Melilla cando o obxecto do arrendamento estea situado e se utilice efectivamente nos ditos territorios.

CAPÍTULO III

Perda do dereito a deducir

Artigo 59. *Perda do dereito a deducir.*

1. Cando en períodos impositivos posteriores ao da súa aplicación se perda o dereito, en todo ou en parte, ás deducións practicadas, o contribuínte estará obrigado a sumar á cota líquida estatal e á cota líquida autonómica ou complementaria devengadas no exercicio en que se incumprisen os requisitos, as cantidades indebidamente deducidas, máis os xuros de demora a que se refire o artigo 26.6 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

2. Esta adición aplicarase da seguinte forma:

a) Cando se trate da dedución por investimento en vivenda habitual, regulada no punto 1 do artigo 69 da Lei do imposto, engadirase á cota líquida estatal a totalidade das deducións indebidamente practicadas.

b) Cando se trate das deducións previstas nos puntos 2, 3 e 5 do artigo 69 da Lei do imposto, engadirase á cota líquida estatal o 67 por cento das deducións indebidamente practicadas e á cota líquida autonómica ou complementaria o 33 por cento restante.

c) Cando se trate de deducións establecidas pola comunidade autónoma no exercicio das competencias normativas previstas no artigo 38.1 da Lei 21/2001, do 27

de decembro, pola que se regulan as medidas fiscais e administrativas do novo sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía, e do tramo autonómico ou complementario da dedución por investimento en vivenda habitual regulado no artigo 79 da Lei do imposto, engadirase á cota líquida autonómica ou complementaria a totalidade das deducións indebidamente practicadas.

TÍTULO IV

Dedución por maternidade

Artigo 60. *Procedemento para a práctica da dedución por maternidade e o seu pagamento anticipado.*

1. A dedución por maternidade regulada no artigo 83 da Lei do imposto aplicarase proporcionalmente ao número de meses en que se cumbran de forma simultánea os requisitos previstos no punto 1 do citado artigo, e terá como límite para cada fillo as cotizacións e cotas totais á Seguridade Social e mutualidades de carácter alternativo devengadas en cada período impositivo con posterioridade ao nacemento, adopción ou acollemento. Para efectos do cálculo deste límite computaranse as cotizacións e cotas polos seus importes íntegros sen tomar en consideración as bonificacións que puidesen corresponder.

2. Para efectos do cómputo do número de meses para o cálculo do importe da dedución a que se refire o punto anterior teranse en conta as seguintes regras:

1.^a A determinación dos fillos que darán dereito á percepción da dedución realizarase de acordo coa súa situación o último día de cada mes.

2.^a O requisito de alta no réxime correspondente da Seguridade Social ou mutualidade entenderase cumprido cando esta situación se produza en calquera día do mes.

3. Cando teña lugar a adopción dun menor que estivese en réxime de acollemento, ou se produza un cambio na situación do acollemento, a dedución por maternidade practicarase durante o tempo que reste até esgotar o prazo máximo dos tres anos a que se refire o parágrafo segundo do punto 1 do artigo 83 da Lei do imposto.

4. No suposto de existencia de varios contribuíntes con dereito á aplicación da dedución por maternidade respecto do mesmo acollido ou tutelado, o seu importe ratearase entre eles por partes iguais.

5.1.^o Os contribuíntes con dereito á aplicación desta dedución poderán solicitar á Axencia Estatal de Administración Tributaria o seu aboamento de forma anticipada por cada un dos meses en que estean dados de alta na Seguridade Social ou mutualidade e coticen os prazos mínimos que a continuación se indican:

a) Traballadores con contrato de traballo a xornada completa, en alta durante polo menos quince días de cada mes, no réxime xeral ou nos réximes especiais da minaría do carbón e dos traballadores do mar.

b) Traballadores con contrato de traballo a tempo parcial cuxa xornada laboral sexa de, polo menos, o 50 por cento da xornada ordinaria na empresa, en cómputo mensual, e que se encontren en alta durante todo o mes nos réximes citados no parágrafo anterior.

c) Traballadores por conta allea en alta no réxime especial agrario da Seguridade Social no mes e que realicen, polo menos, dez xornadas reais no dito período.

d) Traballadores incluídos nos restantes réximes especiais da Seguridade Social non citados nos parágrafos anteriores ou mutualistas das respectivas mutualidades alternativas á Seguridade Social que se encontren en alta durante quince días no mes.

2.^o A tramitación do aboamento anticipado efectuarase de acordo co seguinte procedemento:

a) A solicitude presentarase no lugar, forma e prazo que determine o ministro de Economía e Facenda, quen poderá determinar os casos nos cales se poida formular por medios telemáticos ou telefónicos. No suposto previsto no punto 4 deste artigo, as solicitudes deberán presentarse de forma simultánea.

b) A Axencia Estatal de Administración Tributaria, á vista da solicitude recibida, e dos datos que constan no seu poder, aboará de oficio de forma anticipada e á conta o importe da dedución por maternidade. No suposto de non proceder o aboamento anticipado da dedución, notificará tal circunstancia ao contribuínte con expresión das causas que motivan a denegación.

c) O aboamento da dedución de forma anticipada efectuarao, mediante transferencia bancaria, a Axencia Estatal de Administración Tributaria mensualmente e sen rateos por un importe de 100 euros por cada fillo. O ministro de Economía e Facenda poderá autorizar o aboamento por cheque cruzado ou nominativo cando concorran circunstancias que o xustifiquen.

3.^o Os contribuíntes con dereito ao aboamento anticipado da dedución por maternidade virán obrigados a comunicarlle á Administración tributaria as variacións que afecten o seu aboamento anticipado, así como cando por algunha causa ou circunstancia sobrevida incumplan algún dos requisitos para a súa percepción. A comunicación efectuarase utilizando o modelo que, para estes efectos, aprobe o ministro de Economía e Facenda, quen establecerá o lugar, a forma e os prazos de presentación, así como os casos en que a dita comunicación se poida realizar por medios telemáticos ou telefónicos.

4.^o Cando o importe da dedución por maternidade non se corresponde co do seu aboamento anticipado, os contribuíntes deberán regularizar tal situación na súa declaración por este imposto. No suposto de contribuíntes non obrigados a declarar deberanlle comunicar, para estes efectos, á Administración tributaria a información que determine o ministro de Economía e Facenda, quen así mesmo establecerá o lugar, a forma e o prazo da súa presentación.

5.^o Non serán exixibles xuros de demora pola percepción, a través do aboamento anticipado e por causa non imputable ao contribuínte, de cantidades superiores á dedución por maternidade que corresponda.

TÍTULO V

Xestión do imposto

CAPÍTULO I

Obriga de declarar

Artigo 61. *Obriga de declarar.*

1. Os contribuíntes estarán obrigados a presentar e subscribir declaración por este imposto nos termos previstos no artigo 97 da Lei do imposto. Para efectos do disposto no punto 4 do dito artigo, estarán obrigados a declarar en todo caso os contribuíntes que teñan dereito a dedución por investimento en vivenda, por conta aforro-empresa, por dobre imposición internacional ou que realicen achegas a patrimonios protexidos das persoas con discapacidade, plans de pensións, plans de previsión asegurados ou mutualidades de previsión social que reduzan a base imponible, cando exerzan tal dereito.

2. Non terán que declarar, sen prexuízo do disposto no punto anterior e no artigo 64 deste regulamento, os contribuíntes que obteñan exclusivamente rendementos do traballo, do capital, de actividades profesionais e ganancias patrimoniais, até un importe máximo conxunto de 1.000 euros anuais, en tributación individual ou conxunta

3. Tampouco terán que declarar, sen prexuízo do disposto nos puntos anteriores e no artigo 64 deste regulamento, os contribuíntes que obteñan rendas procedentes exclusivamente das seguintes fontes, en tributación individual ou conxunta:

A) Rendementos íntegros do traballo, cos seguintes límites:

1.º Con carácter xeral, 22.000 euros anuais, cando procedan dun só pagador. Este límite tamén se aplicará cando se trate de contribuíntes que perciban rendementos procedentes de máis dun pagador e concorran calquera das dúas situacións seguintes:

a) Que a suma das cantidades percibidas do segundo e restantes pagadores, por orde de contía, non supere no seu conxunto a cantidade de 1.000 euros anuais.

b) Que os seus únicos rendementos do traballo consistan nas prestacións pasivas a que se refire o artigo 16.2. a) da Lei do imposto e a determinación do tipo de retención aplicable se realízase de acordo co procedemento especial regulado no artigo 81 deste regulamento.

2.º 8.000 euros anuais, cando:

a) Procedan de máis dun pagador, sempre que a suma das cantidades percibidas do segundo e restantes pagadores, por orde de contía, superen no seu conxunto a cantidade de 1.000 euros anuais.

b) Se perciban pensións compensatorias do cónxuxe ou anualidades por alimentos diferentes das previstas no artigo 7, letra k), da Lei do imposto.

c) O pagador dos rendementos do traballo non estea obrigado a reter de acordo co previsto no artigo 74 deste regulamento.

B) Rendementos íntegros do capital mobiliario e ganancias patrimoniais sometidos a retención ou ingreso á conta, co límite conxunto de 1.600 euros anuais.

C) Rendas inmobiliarias imputadas, ás cales se refire o artigo 87 da Lei do imposto, que procedan dun único inmovible, rendementos íntegros do capital mobiliario non suxeitos a retención derivados de letras do Tesouro e subvencións para a adquisición de vivendas de protección oficial ou de prezo taxado, co límite conxunto de 1.000 euros anuais.

4. A presentación da declaración, nos supostos en que exista obriga de efectual, será necesaria para solicitar devolucións por razón dos pagamentos á conta efectuada.

5. O ministro de Economía e Facenda aprobará os modelos de declaración e establecerá a forma, o lugar e os prazos da súa presentación, así como os supostos e condicións de presentación das declaracións por medios telemáticos. Os contribuíntes deberán cubrir a totalidade dos datos solicitados nas declaracións e achegar os documentos e xustificantes que se determinen.

O ministro de Economía e Facenda poderá establecer, por causas excepcionais, prazos especiais de declaración para un grupo determinado de contribuíntes ou para os ámbitos territoriais que se determine.

6. No caso de optar por tributar conxuntamente, a declaración será subscrita e presentada polos membros da unidade familiar maiores de idade, que actuarán en representación dos fillos integrados nela, nos termos do artigo 45.1 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

Artigo 62. *Autoliquidación e ingreso.*

1. Os contribuíntes que estean obrigados a declarar por este imposto, ao tempo de presentaren a súa declaración, deberán determinar a débeda tributaria correspondente e ingresala no lugar, forma e prazos determinados polo ministro de Economía e Facenda.

Se, ao tempo de presentar a declaración, se solicitase a suspensión do ingreso da totalidade ou de parte da débeda tributaria resultante da autoliquidación, de acordo co establecido no punto 6 do artigo 98 da Lei do imposto, seguirase o procedemento regulado nel.

A solicitude de suspensión referirase ao ingreso dalgunha das seguintes contías:

a) Á totalidade da débeda tributaria, cando esta sexa igual ou inferior á devolución resultante da autoliquidación presentada polo cónxuxe por este mesmo imposto.

b) Ao mesmo importe que a devolución resultante da autoliquidación presentada polo cónxuxe, cando a débeda tributaria sexa superior.

2. O ingreso do importe resultante da autoliquidación poderase fraccionar, sen xuro nin recarga ningunha, en dúas partes: a primeira, do 60 por cento do seu importe, no momento de presentar a declaración e a segunda, do 40 por cento restante, no prazo que se determine segundo o establecido no punto anterior.

Para gozar deste beneficio será necesario que a declaración se presente dentro do prazo establecido. Non poderá fraccionarse, segundo o procedemento establecido no parágrafo anterior, o ingreso das declaracións-liquidacións complementarias.

3. O pagamento da débeda tributaria poderá realizarse mediante entrega de bens integrantes do patrimonio histórico español que estean inscritos no Inventario Xeral de Bens Mobles ou no Rexistro Xeral de Bens de Interese Cultural, de acordo co disposto no artigo 73 da Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español.

Artigo 63. *Fraccionamento nos supostos de falecemento e de perda da residencia en España.*

1. No caso do falecemento do contribuínte previsto no artigo 14.4 da Lei do imposto, todas as rendas pendentes de imputación deberán integrarse na base imponible do último período impositivo que deba declararse por este imposto.

2. No caso de que o contribuínte perda a súa condición por cambio de residencia, de acordo co previsto no artigo 14.3 da Lei do imposto, todas as rendas pendentes de imputación deberán integrarse na base imponible correspondente ao último período que deba declararse por este imposto, practicándose, se é o caso, declaración-liquidación complementaria, sen sanción, nin xuros de demora nin recarga ningunha, no prazo de tres meses desde que o contribuínte perda a súa condición por cambio de residencia.

3. Nestes supostos, os sucesores do causante ou o contribuínte poderán solicitar o fraccionamento da parte de débeda tributaria correspondente ás ditas rendas, calculada aplicando o tipo regulado no artigo 82.2 da Lei do imposto.

4. O fraccionamento rexerese polas normas previstas no capítulo VII, título primeiro do libro I do Regulamento xeral de recadación, coas seguintes especialidades:

a) As solicitudes deberán formularse dentro do prazo regulamentario de declaración.

b) O solicitante deberá ofrecer garantía en forma de aval solidario de entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca, nos termos previstos no Regulamento xeral de recadación.

c) En caso de concesión do fraccionamento solicitado, a contía e o prazo de cada fracción concederáse en función dos períodos impositivos aos que correspondería imputar as ditas rendas en caso de que o falecemento ou a perda da condición de contribuínte non se producise, co límite de catro anos. A parte correspondente a períodos que superen o dito límite imputarase por partes iguais durante o período de fraccionamento.

Artigo 64. Comunicación de datos polo contribuínte e solicitude de devolución.

1. Os contribuíntes que non se atopen obrigados a presentar declaración polo imposto poderán, no entanto, obter a devolución do exceso das retencións e ingresos á conta soportados e dos pagamentos fraccionados efectuados sobre a cota líquida total do imposto minorada no importe das deducións por dobre imposición de dividendos e internacional, mediante, se é o caso, a presentación dunha comunicación dirixida á Administración tributaria, solicitando a devolución que resulte procedente.

Os modelos de comunicación serán aprobados polo ministro de Economía e Facenda, quen establecerá o prazo e o lugar da súa presentación e os supostos nos que procede. Así mesmo, determinará os supostos e as condicións de presentación das comunicacións por medios telemáticos ou telefónicos e os casos en que os datos comunicados se entenderán subsistentes para anos sucesivos, se o contribuínte non comunica variación neles. A comunicación poderá ir precedida do envío ao contribuínte dos datos que consten previamente en poder da Administración tributaria e afecten a determinación da cota a que se refire o parágrafo anterior.

Cando non obtivesen de forma anticipada a dedución por maternidade, poderán solicitar a percepción da dedución por maternidade que, en aplicación do disposto nos puntos 1 e 2 do artigo 83 da Lei do imposto, lles corresponda. A solicitude efectuarase utilizando o modelo que, para estes efectos, aprobe o ministro de Economía e Facenda, quen establecerá o lugar, a forma e os prazos de presentación, así como os casos en que a dita solicitude se poida realizar por medios telemáticos ou telefónicos.

2. A Administración tributaria á vista, se é o caso, da comunicación recibida, dos datos e antecedentes que constan no seu poder e dos xustificantes presentados polo contribuínte coa comunicación ou requiridos para o efecto, efectuará, se procede, de oficio a devolución do exceso das retencións e ingresos á conta soportados sobre a cota a que se refire o punto 1 anterior.

3. A devolución efectuarase no prazo que media entre a presentación da comunicación, ou a apertura do período de presentación de comunicacións, cando non sexa preceptiva a dita presentación, e os dous meses seguintes ao termo do citado período. Para efectos meramente informativos, notificaráselles aos contribuíntes por correo ordinario ou por vía telemática, o resultado dos cálculos efectuados para a determinación do importe da devolución.

Recibida a devolución ou, se é o caso, transcorrido o prazo para a realizar, os contribuíntes poderán solicitar, dentro dos tres meses seguintes, que a Administración practique unha liquidación provisional, de acordo co previsto no artigo 104.2 da Lei do imposto e a Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria. A notificación non poderá implicar ningunha obriga a cargo do contribuínte distinta á restitución do previamente devolto máis o xuro de demora a que se refire o artigo 26.6 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria. A este mesmo réxime quedarán igualmente suxeitos os contribuíntes que obtivesen devolucions superiores ás que lles correspondan.

4. Sen prexuízo do disposto no parágrafo segundo do punto 3 anterior, transcorrido o prazo con que conta a Administración tributaria para efectuar a devolución sen que se ordenase o seu pagamento, por causa imputable á Administración tributaria, aplicarase á cantidade pendente de devolución o xuro de demora a que se refire o artigo 26.6 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, desde o día seguinte ao da finalización do dito prazo e até a data en que se ordene o seu pagamento, sen necesidade de que o contribuínte así o reclame.

Artigo 65. Devolucions de oficio.

1. As devolucions a que se refiren os artigos 100 e 105 da Lei do imposto realizaranse por transferencia bancaria.

2. O ministro de Economía e Facenda poderá autorizar as devolucions a que se refire o punto anterior por cheque cruzado ou nominativo cando concorran circunstancias que o xustifiquen.

Artigo 66. Colaboración externa na presentación e xestión de declaracións e comunicacións.

1. A Axencia Estatal de Administración Tributaria poderá facer efectiva a colaboración social na presentación de declaracións e comunicacións por este imposto a través de acordos coas comunidades autónomas e outras administracións públicas, con entidades, institucións e organismos representativos de sectores ou intereses sociais, laborais, empresariais ou profesionais, ou ben directamente con empresas, en relación coa facilitación destes servizos aos seus traballadores.

2. Os acordos a que se refire o punto anterior poderán referirse, entre outros, aos seguintes aspectos:

- a) Campañas de información e difusión.
- b) Asistencia na realización de declaracións e comunicacións e para cubrilas correcta e verazmente.
- c) Remisión de declaracións e comunicacións á Administración tributaria.
- d) Emenda de defectos, logo de autorización dos contribuíntes.
- e) Información do estado de tramitación das devolucions de oficio, logo de autorización dos contribuíntes.

3. A Axencia Estatal de Administración Tributaria proporcionará a asistencia técnica necesaria para o desenvolvemento das indicadas actuacións sen prexuízo de ofrecer os ditos servizos con carácter xeral aos contribuíntes.

4. Mediante orde do ministro de Economía e Facenda estableceranse os supostos e as condicións en que as entidades que subscribisen os citados acordos poderán presentar por medios telemáticos declaracións, comunicacións, declaracións-liquidacións ou calquera outro documento exixido pola normativa tributaria, en representación de terceiras persoas.

A dita orde poderá prever igualmente que outras persoas ou entidades accedan ao dito sistema de presentación por medios telemáticos en representación de terceiras persoas.

CAPÍTULO II

Obrigas formais, contables e rexistrais

Artigo 67. Obrigas formais, contables e rexistrais.

1. Os contribuíntes do imposto sobre a renda das persoas físicas estarán obrigados a conservar, durante o prazo máximo de prescrición, os xustificantes e documentos acreditativos das operacións, rendas, gastos, ingresos, reducións e deducións de calquera tipo que deban constar nas súas declaracións, a achegalos xuntamente coas declaracións e comunicacións do imposto, cando así se estableza e a exhibilos ante os órganos competentes da Administración tributaria, cando sexan requiridos para o efecto.

2. Os contribuíntes que desenvolvan actividades empresariais cuxo rendemento se determine na modalidade normal do método de estimación directa, estarán obrigados a levar contabilidade axustada ao disposto no Código de comercio.

3. Non obstante o disposto no punto anterior, cando a actividade empresarial realizada non teña carácter mercantil, de acordo co Código de comercio, as obrigas contables limitaranse a levar os seguintes libros rexistro:

- a) Libro rexistro de vendas e ingresos.

- b) Libro rexistro de compras e gastos.
- c) Libro rexistro de bens de investimento.

4. Os contribuíntes que desenvolvan actividades empresariais cuxo rendemento se determine na modalidade simplificada do método de estimación directa, estarán obrigados a levar os libros sinalados no punto anterior.

5. Os contribuíntes que exerzan actividades profesionais cuxo rendemento se determine en método de estimación directa, en calquera das súas modalidades, estarán obrigados a levar os seguintes libros rexistro:

- a) Libro rexistro de ingresos.
- b) Libro rexistro de gastos.
- c) Libro rexistro de bens de investimento.
- d) Libro rexistro de provisións de fondos e suplidos.

6. Os contribuíntes que desenvolvan actividades económicas que determinen o seu rendemento neto mediante o método de estimación obxectiva deberán conservar, numeradas por orde de datas e agrupadas por trimestres, as facturas emitidas de acordo co previsto no regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, aprobado polo Real decreto 1496/2003, do 28 de novembro, e as facturas ou xustificantes documentais doutro tipo recibidos. Igualmente, deberán conservar os xustificantes dos signos, índices ou módulos aplicados de conformidade co que, se é o caso, prevexa a orde ministerial que os aprobe.

7. Os contribuíntes acollidos a este método que deduzan amortizacións estarán obrigados a levar un libro rexistro de bens de investimento. Ademais, polas actividades cuxo rendemento neto se determine tendo en conta o volume de operacións deberán levar un libro rexistro de vendas ou ingresos.

8. As entidades en réxime de atribución de rendas que desenvolvan actividades económicas levarán uns únicos libros obrigatorios correspondentes á actividade realizada, sen prexuízo da atribución de rendementos que corresponda efectuar en relación cos seus socios, herdeiros, comuneiros ou partícipes.

9. Autorízase o ministro de Economía e Facenda para determinar a forma de levar os libros rexistro a que se refire este artigo.

10. Os contribuíntes que leven contabilidade de acordo co previsto no Código de comercio non estarán obrigados a levar os libros rexistro establecidos nos puntos anteriores deste artigo.

Artigo 68. *Outras obrigas formais de información.*

1. As entidades que concedan préstamos hipotecarios para a adquisición de vivendas deberán presentar, nos trinta primeiros días naturais do mes de xaneiro do ano inmediato seguinte, unha declaración informativa dos ditos préstamos, con identificación, con nome e apelidos e número de identificación fiscal, dos prestameiros deles, importe total do préstamo, cantidades que estes satisfixesen no exercicio en concepto de xuros e de amortización do capital e indicación do ano de constitución do préstamo e do período de duración del.

2. As entidades beneficiarias de donativos a que se refire o artigo 69.3.b) da Lei do imposto deberán remitir unha declaración informativa sobre os donativos recibidos durante cada ano natural, en que, ademais dos seus datos de identificación, farán constar a seguinte información referida aos doadores:

- a) Nome e apelidos.
- b) Número de identificación fiscal.
- c) Importe do donativo.
- d) Indicación de se o donativo dá dereito á aplicación dalgunha das deducións aprobadas polas comunidades autónomas.

A presentación desta declaración informativa realízase no mes de xaneiro de cada ano, en relación cos donativos percibidos no ano inmediato anterior.

Esta declaración informativa efectuarase na forma e lugar que determine o ministro de Economía e Facenda, quen poderá establecer os supostos en que deberá presentarse en soporte directamente lexible por ordenador ou por medios telemáticos.

3. As entidades xestoras de institucións de investimento colectivo deberán presentar, nos trinta primeiros días naturais do mes de xaneiro do ano inmediato seguinte, declaración informativa das alleamentos de accións ou participacións levadas a cabo polos socios ou partícipes, podendo exixirse que consten nela os seguintes datos:

- a) Nome e apelidos e número de identificación fiscal do socio ou partícipe.
- b) Valor de adquisición e de alleamento das accións ou participacións.
- c) Período de permanencia das accións ou participacións en poder do socio ou partícipe.

Esta obriga entenderase cumprida coa presentación do resumo anual a que se refire o artigo 106.2 deste regulamento, sempre e cando conste nel a información prevista nas letras anteriores.

4. A entidade pública empresarial Lotarías e Apostas do Estado, así como os órganos ou entidades das comunidades autónomas, a Cruz Vermella e a Organización Nacional de Cegos Españóis deberán presentar, nos trinta primeiros días naturais do mes de xaneiro do ano inmediato seguinte, unha declaración informativa dos premios que satisfixesen exentos do imposto sobre a renda das persoas físicas, en que, ademais dos seus datos identificativos, poderá exixirse que conste nela a identificación, con nome e apelidos e número de identificación fiscal, dos perceptores, así como o importe ou valor dos premios recibidos por estes que excedan a contía que para estes efectos fixe o ministro de Economía e Facenda.

5. As entidades aseguradoras que comercialicen os plans de previsión asegurados a que se refire o artigo 60.3 da Lei do imposto deberán presentar, nos trinta primeiros días naturais do mes de xaneiro do ano inmediato seguinte, unha declaración informativa en que se farán constar os datos seguintes:

- a) Nome, apelidos e número de identificación fiscal dos tomadores.
- b) Importe das primas satisfeitas polos tomadores.

Non obstante, no caso de que a declaración se presente en soporte directamente lexible por ordenador, o prazo de presentación finalizará o día 20 de febreiro do ano inmediato seguinte.

6. Os órganos ou entidades xestores da Seguridade Social e as mutualidades deberán subministrar á Axencia Estatal de Administración Tributaria información mensual e anual dos seus afiliados ou mutualistas, no prazo que estableza o ministro de Economía e Facenda, en que poderá exixirse que consten os seguintes datos:

- a) Nome, apelidos, número de identificación fiscal e número de afiliación deles.
- b) Réxime de cotización e período de alta.
- c) Cotizacións e cotas totais devengadas.

7. Os datos que constan no Rexistro Civil relativos a nacementos, adopcións e falecementos deberán subministrarse á Axencia Estatal de Administración Tributaria no lugar, forma, prazos e periodicidade que estableza o ministro de Economía e Facenda, quen poderá exixir, para estes efectos, que conste a seguinte información:

- a) Nome, apelidos e número de identificación fiscal da persoa á cal que se refire a información.
- b) Nome, apelidos e número de identificación fiscal da nai e, se é o caso, do pai no caso de nacemento, adopcións e falecementos de menores de idade.

8. As declaracións informativas a que se refiren os puntos anteriores efectuaranse na forma e lugar que estableza o ministro de Economía e Facenda, quen poderá determinar o procedemento e as condicións en que proceda a súa presentación en soporte directamente lexible por ordenador ou por medios telemáticos.

Artigo 69. Obrigas de información das entidades en réxime de atribución de rendas.

1. As entidades en réxime de atribución de rendas mediante as que se exerza unha actividade económica, ou cuxas rendas excedan 3.000 euros anuais, deberán presentar anualmente unha declaración informativa na cal, ademais dos seus datos identificativos e, se é o caso, os do seu representante, deberá constar a seguinte información:

a) Identificación, domicilio fiscal e número de identificación fiscal dos seus socios, herdeiros, comeneiros ou partícipes, residentes ou non en territorio español, incluíndose as variacións na composición da entidade ao longo de cada período impositivo.

No caso de que algún dos membros da entidade non sexa residente en territorio español, identificación de quen teña a representación fiscal del de acordo co establecido no artigo 10 do texto refundido da Lei do imposto sobre a renda de non-residentes, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2004, do 5 de marzo.

Tratándose de entidades en réxime de atribución de rendas constituídas no estranxeiro, deberanse identificar, nos termos sinalados neste artigo, os membros da entidade contribuíntes por este imposto ou suxeitos pasivos do imposto sobre sociedades, así como os membros da entidade contribuíntes polo imposto sobre a renda de non-residentes respecto das rendas obtidas pola entidade suxeitas ao dito imposto.

b) Importe total das rendas obtidas pola entidade e da renda atribuíble a cada un dos seus membros, especificándose, se é o caso:

1.º Ingresos íntegros e gastos deducibles por cada fonte de renda.

2.º Importe das rendas de fonte estranxeira, sinalando o país de procedencia, con indicación dos rendementos íntegros e gastos.

3.º No suposto a que se refire o punto 5 do artigo 90 da Lei do imposto, identificación da institución de investimento colectivo cuxas accións ou participacións se adquiriron ou subscribiron, data de adquisición ou subscrición e valor de adquisición das accións ou participacións, así como identificación da persoa ou entidade, residente ou non residente, cesionaria dos capitais propios.

c) Bases das deducións.

d) Importe das retencións e ingresos á conta soportados pola entidade e os atribuíbles a cada un dos seus membros.

e) Importe neto da cifra de negocios de acordo co artigo 191 do texto refundido da Lei de sociedades anónimas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1564/1989, do 22 de decembro.

2. As entidades en réxime de atribución de rendas deberanlles notificar por escrito aos seus membros a información a que se refiren as alíneas b), c) e d) do punto anterior. A notificación deberá pórse á disposición dos membros da entidade no prazo dun mes desde a finalización do prazo de presentación da declaración a que se refire o punto 1 anterior.

3. O ministro de Economía e Facenda establecerá o modelo, o prazo, o lugar e a forma de presentación da declaración informativa a que se refire este artigo.

CAPÍTULO III

Acreditación da condición de discapacitado

Artigo 70. Acreditación da condición de discapacitado e da necesidade de axuda doutra persoa ou da existencia de dificultades de mobilidade.

1. Para os efectos do imposto sobre a renda das persoas físicas, terán a consideración de discapacitados aqueles contribuíntes cun grao de minusvalidez igual ou superior ao 33 por cento.

O grao de minusvalidez deberá acreditarse mediante certificado ou resolución expedido polo Instituto de Migracións e Servizos Sociais ou o órgano competente das comunidades autónomas. Non obstante, consideraranse afectos dunha minusvalidez igual ou superior ao 33 por cento os pensionistas da Seguridade Social que teñan recoñecida unha pensión de incapacidade permanente no grao de incapacidade permanente total, absoluta ou grande invalidez e os pensionistas de clases pasivas que teñan recoñecida unha pensión de xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade. Igualmente, consideraranse acreditado un grao de minusvalidez igual ou superior ao 65 por cento cando se trate de discapacitados cuxa incapacidade sexa declarada xudicialmente, aínda que non alcance o dito grao.

2. Para efectos da redución por discapacidade de traballadores activos prevista no artigo 58.3 da Lei do imposto, os contribuíntes discapacitados deberán acreditar a necesidade de axuda de terceiras persoas para desprazarse ao seu lugar de traballo ou para desempeñar este, ou a mobilidade reducida para utilizar medios de transporte colectivos, mediante certificado ou resolución do Instituto de Migracións e Servizos Sociais ou o órgano competente das comunidades autónomas en materia de valoración da minusvalidez, baseándose no ditame emitido polos equipos de valoración e orientación dependentes delas.

CAPÍTULO IV

Declaracións complementarias

Artigo 71. Prazo de presentación de declaracións complementarias.

1. Cando o contribuínte perda a exención da indemnización por despedimento ou cesamento a que se refire o artigo 1 deste regulamento, deberá presentar declaración-liquidación complementaria, con inclusión dos xuros de demora, no prazo que medie entre a data en que volva prestar servizos e a finalización do prazo regulamentario de declaración correspondente ao período impositivo en que se produza a dita circunstancia.

2. Para efectos do previsto no artigo 31.5, letras e) e g) da Lei do imposto, cando o contribuínte realice a adquisición dos elementos patrimoniais ou dos valores ou participacións homoxéneos con posterioridade á finalización do prazo regulamentario de declaración do período impositivo en que computou a perda patrimonial derivada da transmisión, deberá presentar declaración-liquidación complementaria, con inclusión dos xuros de demora, no prazo que medie entre a data en que se produza a adquisición e a finalización do prazo regulamentario de declaración correspondente ao período impositivo en que se realice a dita adquisición.

3. Nos plans xerais de entrega de opcións de compra sobre accións ou participacións regulados no artigo 48 da Lei do imposto, o incumprimento do requisito de mantemento das accións ou participacións adquiridas, polo menos, durante tres anos, motivará a obriga de presentar unha declaración-liquidación complementaria, con inclu-

sión dos xuros de demora, no prazo que medie entre a data en que se incumpra o requisito e a finalización do prazo regulamentario de declaración correspondente ao período impositivo en que se produza o dito incumprimento.

TÍTULO VI Pagamentos á conta

CAPÍTULO I

Retencións e ingresos á conta. Normas xerais

Artigo 72. *Obriga de practicar retencións e ingresos á conta do imposto sobre a renda das persoas físicas.*

1. As persoas ou entidades previstas no artigo 74 deste regulamento que satisfagan ou aboan as rendas previstas no artigo 73, estarán obrigadas a reter e ingresar no Tesouro, en concepto de pagamento á conta do imposto sobre a renda das persoas físicas correspondente ao receptor, de acordo coas normas deste regulamento.

Igualmente existirá obriga de reter nas operacións de transmisión de activos financeiros e de transmisión ou reembolso de accións ou participacións de institucións de investimento colectivo, nas condicións establecidas neste regulamento.

2. Cando as mencionadas rendas se satisfagan ou aboan en especie, as persoas ou entidades mencionadas no punto anterior estarán obrigadas a efectuar un ingreso á conta, en concepto de pagamento á conta do imposto sobre a renda das persoas físicas correspondente ao receptor, de acordo coas normas deste regulamento.

3. Para efectos do previsto neste regulamento, as referencias ao redor entenderanse efectuadas igualmente ao obrigado a efectuar ingresos á conta, cando se trate da regulación conxunta de ambos os pagamentos á conta.

Artigo 73. *Rendas suxeitas a retención ou ingreso á conta.*

1. Estarán suxeitas a retención ou ingreso á conta as seguintes rendas:

- a) Os rendementos do traballo.
- b) Os rendementos do capital mobiliario.
- c) Os rendementos das seguintes actividades económicas:

Os rendementos de actividades profesionais.
Os rendementos de actividades agrícolas e gandeiras.
Os rendementos de actividades forestais.

d) As ganancias patrimoniais obtidas como consecuencia das transmisións ou reembolsos de accións e participacións representativas do capital ou patrimonio das institucións de investimento colectivo.

2. Tamén estarán suxeitas a retención ou ingreso á conta as seguintes rendas, independentemente da súa cualificación:

a) Os rendementos procedentes do arrendamento ou subarrendamento de inmobles urbanos.

Para estes efectos, as referencias ao arrendamento entenderanse realizadas tamén ao subarrendamento.

b) Os rendementos procedentes da propiedade intelectual, industrial, da prestación de asistencia técnica, do arrendamento de bens mobles, negocios ou minas, do subarrendamento sobre os bens anteriores e os procedentes da cesión do dereito á explotación do dereito de imaxe.

c) Os premios que se entreguen como consecuencia da participación en xogos, concursos, rifas ou combinacións aleatorias, estean ou non vinculados á oferta, promoción ou venda de determinados bens, produtos ou servizos.

3. Non existirá obriga de practicar retención ou ingreso á conta sobre as rendas seguintes:

a) As rendas exentas e as axudas de custo e gastos de viaxe exceptuados de gravame.

b) Os rendementos dos valores emitidos polo Banco de España que constitúan instrumento regulador de intervención no mercado monetario e os rendementos das letras do Tesouro.

Non obstante, as entidades de crédito e demais institucións financeiras que formalicen cos seus clientes contratos de contas baseadas en operacións sobre letras do Tesouro estarán obrigadas a reter respecto dos rendementos obtidos polos titulares das citadas contas.

c) As primas de conversión de obrigas en accións.

d) Os rendementos de contas no exterior satisfeitos ou aboados por establecementos permanentes no estranxeiro de entidades de crédito e establecementos financeiros residentes en España.

e) Os dividendos e participacións en beneficios a que se refiren os números 1.º e 2.º da alínea a) do punto 1 do artigo 23 da Lei do imposto, que procedan de beneficios obtidos en períodos impositivos durante os cales a entidade que os distribúe tributou no réxime das sociedades patrimoniais.

f) Os rendementos derivados da transmisión ou reembolso de activos financeiros con rendemento explícito, sempre que cumpran os requisitos seguintes:

1.º Que estean representados mediante anotacións en conta.

2.º Que se negocien nun mercado secundario oficial de valores español.

As entidades financeiras que interveñan na transmisión, amortización ou reembolso de tales activos financeiros estarán obrigadas a calcular o rendemento imputable ao titular do valor e informar deste tanto ao titular como á Administración tributaria, á cal, así mesmo, lle proporcionarán os datos correspondentes ás persoas que interveñan nas operacións antes enumeradas.

Facúltase o ministro de Economía e Facenda para establecer o procedemento para facer efectiva a exclusión de retención regulada neste parágrafo.

Non obstante o sinalado neste parágrafo f), as entidades de crédito e demais institucións financeiras que formalicen cos seus clientes contratos de contas baseadas en operacións sobre os valores anteriores estarán obrigadas a reter respecto dos rendementos obtidos polos titulares das citadas contas.

Igualmente, quedará suxeita a retención a parte do prezo que equivalla ao cupón corrido nas transmisións de activos financeiros efectuadas dentro dos trinta días inmediatamente anteriores ao vencemento do cupón, cando se cumpran os seguintes requisitos:

1.º Que o adquirente sexa unha persoa ou entidade non residente en territorio español ou sexa suxeito pasivo do imposto sobre sociedades.

2.º Que os rendementos explícitos derivados dos valores transmitidos estean exceptuados da obriga de reter en relación co adquirente.

g) Os premios que se entreguen como consecuencia de xogos organizados ao abeiro do previsto no Real decreto lei 16/1977, do 25 de febreiro, polo que se regulan os aspectos penais, administrativos e fiscais dos xogos de sorte, envite ou azar e apostas, así como aqueles cuxa base de retención non sexa superior a 300 euros.

h) Os rendementos procedentes do arrendamento ou subarrendamento de inmobles urbanos nos seguintes supostos:

1.º Cando se trate de arrendamento de vivenda por empresas para os seus empregados.

2.º Cando as rendas satisfeitas polo arrendatario a un mesmo arrendador non superen os 900 euros anuais.

3.º Cando a actividade do arrendador estea clasificada nalgunhas das epígrafes do grupo 861 da Sección Primeira das Tarifas do Imposto sobre Actividades Económicas, aprobadas polo Real decreto legislativo 1175/1990, do 28 de setembro, ou nalgunha outra epígrafe que faculte para a actividade de arrendamento ou subarrendamento de bens inmobles urbanos, e aplicando ao valor catastral dos inmobles destinados ao arrendamento ou subarrendamento as regras para determinar a cota establecida nas epígrafes do citado grupo 861, non resultase cota cero.

Para estes efectos, o arrendador deberá acreditar fronte ao arrendatario o cumprimento do citado requisito, nos termos que estableza o ministro de Economía e Facenda.

i) Os rendementos procedentes da devolución da prima de emisión de accións ou participacións e da redución de capital con devolución de achegas, salvo que procedan de beneficios non distribuídos, de acordo co previsto no segundo parágrafo do artigo 31.3.a) da Lei do imposto.

j) As ganancias patrimoniais derivadas do reembolso ou transmisión de participacións ou accións en institucións de investimento colectivo, cando, de acordo co establecido no artigo 95 da Lei do imposto, non proceda o seu cómputo.

Artigo 74. *Obrigos a reter ou ingresar á conta.*

1. Con carácter xeral, estarán obrigados a reter ou ingresar á conta, en canto satisfagan rendas sometidas a esta obriga:

a) As persoas xurídicas e demais entidades, incluídas as comunidades de propietarios e as entidades en réxime de atribución de rendas.

b) Os contribuíntes que exerzan actividades económicas, cando satisfagan rendas no exercicio das súas actividades.

c) As persoas físicas, xurídicas e demais entidades non residentes en territorio español, que operen nel mediante establecemento permanente.

d) As persoas físicas, xurídicas e demais entidades non residentes en territorio español, que operen nel sen mediación de establecemento permanente, en canto aos rendementos do traballo que satisfagan, así como respecto doutros rendementos sometidos a retención ou ingreso á conta que constitúan gasto deducible para a obtención das rendas a que se refire o artigo 24.2 do texto refundido da Lei do imposto sobre a renda de non-residentes.

Non se considerará que unha persoa ou entidade satisfai rendas cando se limite a efectuar unha simple mediación de pagamento.

Entenderase por simple mediación de pagamento o aboamento dunha cantidade por conta e orde dun terceiro.

Non teñen a consideración de operacións de simple mediación de pagamento as que se especifican a continuación. En consecuencia, as persoas e entidades antes sinaladas estarán obrigadas a reter e ingresar nos seguintes supostos:

1.º Cando sexan depositarias de valores estranxeiros propiedade de residentes en territorio español ou teñan ao seu cargo a xestión de cobramento das rendas derivadas dos ditos valores, sempre que tales rendas non soportasen retención previa en España.

2.º Cando satisfagan ao seu persoal prestacións por conta da Seguridade Social.

3.º Cando satisfagan ao seu persoal cantidades desembolsadas por terceiros en concepto de propina, retribución polo servizo ou outros similares.

4.º Tratándose de cooperativas agrarias, cando distribúan ou comercialicen os produtos procedentes das explotacións dos seus socios.

2. En particular:

a) Están obrigados a reter as entidades residentes ou os establecementos permanentes en que presten servizos os contribuíntes cando se satisfagan a estes rendementos do traballo por outra entidade, residente ou non residente, vinculada con aquelas nos termos previstos no artigo 16 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, ou polo titular no estranxeiro do establecemento permanente radicado en territorio español.

b) Nas operacións sobre activos financeiros estarán obrigados a reter:

1.º Nos rendementos obtidos na amortización ou reembolso de activos financeiros, a persoa ou entidade emisora. Non obstante, en caso de que se lle encomende a unha entidade financeira a materialización desas operacións, o obrigado a reter será a entidade financeira encargada da operación.

Cando se trate de instrumentos de xiro convertidos despois da súa emisión en activos financeiros, no momento do seu vencemento estará obrigado a reter o fedatario público ou institución financeira que interveña na súa presentación ao cobramento.

2.º Nos rendementos obtidos na transmisión de activos financeiros, incluídos os instrumentos de xiro a que se refire o punto anterior, cando se canalice a través dunha ou varias institucións financeiras, o banco, caixa ou entidade financeira que actúe por conta do transmitente.

Para efectos do disposto neste punto, entenderase que actúa por conta do transmitente o banco, caixa ou entidade financeira que reciba daquel a orde de venda dos activos financeiros.

3.º Nos casos non recollidos nos puntos anteriores, o fedatario público que obrigatoriamente debe intervir na operación.

c) Nas transmisións de valores da débeda do Estado deberá practicar a retención a entidade xestora do mercado de débeda pública en anotacións que interveña na transmisión.

d) Nas transmisións ou reembolsos de accións ou participacións representativas do capital ou patrimonio das institucións de investimento colectivo, deberán practicar retención ou ingreso á conta as seguintes persoas ou entidades:

1.º No caso de reembolso das participacións de fondos de investimento, as sociedades xestoras.

2.º No caso de institucións de investimento colectivo domiciliadas no estranxeiro, as entidades comercializadoras ou os intermediarios facultados para a comercialización das accións ou participacións daquelas e, subsidiariamente, a entidade ou entidades encargadas da colocación ou distribución dos valores entre os potenciais subscritores, cando efectúen o reembolso.

3.º No caso de xestoras que operen en réxime de libre prestación de servizos, o representante designado de acordo co disposto no artigo 55.7 e a disposición adicional segunda da Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo.

4.º Nos supostos en que non proceda a práctica de retención conforme os puntos anteriores, estará obrigado a efectuar un pagamento á conta o socio ou participe que efectúe a transmisión ou obteña o reembolso. O mencionado pagamento á conta efectuarase de acordo coas normas contidas nos artigos 94, 95 e 96 deste regulamento.

e) Nas operacións realizadas en España por entidades aseguradoras que operen en réxime de libre prestación de

servizos, estará obrigado a practicar retención ou ingreso á conta o representante designado de acordo co disposto no artigo 86.1 e a disposición adicional décimo sétima da Lei 30/1995, do 8 de novembro, da ordenación e supervisión de seguros privados.

Artigo 75. *Importe da retención ou ingreso á conta.*

1. O importe da retención será o resultado de aplicar á base de retención o tipo de retención que corresponda, de acordo co previsto no capítulo II seguinte. A base de retención será a contía total que se satisfaga ou aboe, sen prexuízo do disposto no artigo 91 para os rendementos de capital mobiliario e no artigo 95 para as ganancias patrimoniais derivadas das transmisións ou reembolsos de accións ou participacións de institucións de investimento colectivo, deste regulamento.

2. O importe do ingreso á conta que corresponda realizar polas retribucións en especie será o resultado de aplicar ao valor delas, determinado segundo as normas contidas neste regulamento, a porcentaxe que corresponda, de acordo co previsto no capítulo III seguinte.

Artigo 76. *Nacemento da obriga de reter ou de ingresar á conta.*

1. Con carácter xeral, a obriga de reter nacerá no momento en que se satisfagan ou aboen as rendas correspondentes.

2. Nos supostos de rendementos do capital mobiliario e ganancias patrimoniais derivadas da transmisión ou reembolso de accións e participacións de institucións de investimento colectivo, atenderase ao previsto, respectivamente, nos artigos 92 e 96 deste regulamento.

Artigo 77. *Imputación temporal das retencións ou ingresos á conta.*

As retencións ou ingresos á conta serán imputados polos contribuíntes ao período en que se imputen as rendas sometidas a retención ou ingreso á conta, con independencia do momento en que se practicasen.

CAPÍTULO II

Cálculo das retencións

SECCIÓN 1.^a RENDEMENTOS DO TRABALLO

Artigo 78. *Importe das retencións sobre rendementos do traballo.*

1. A retención que haberá que practicar sobre os rendementos do traballo será o resultado de aplicar á contía total das retribucións que se satisfagan ou aboen, o tipo de retención que corresponda dos seguintes:

1.º Con carácter xeral, o tipo de retención que resulte segundo o artigo 84 deste regulamento.

2.º O determinado conforme o procedemento especial aplicable a perceptores de prestacións pasivas regulado no artigo 81 deste regulamento.

3.º O 35 por cento para as retribucións que se perciban pola condición de administradores e membros dos consellos de administración, das xuntas que fagan as súas veces e demais membros doutros órganos representativos.

4.º O 15 por cento para os rendementos derivados de impartir cursos, conferencias, coloquios, seminarios e similares, ou derivados da elaboración de obras literarias, artísticas ou científicas, sempre que se ceda o dereito á súa explotación.

2. O tipo de retención resultante dos anteriores divídase por dous cando se trate de rendementos de traballo

obtidos en Ceuta e Melilla que se beneficien da dedución prevista no artigo 69.4 da Lei do imposto.

Artigo 79. *Límite cuantitativo excluínte da obriga de reter.*

1. Non se practicará retención sobre os rendementos do traballo cuxa contía, determinada segundo o previsto no artigo 82.2 deste regulamento, non supere o importe anual establecido no cadro seguinte en función do número de fillos e outros descendentes e da situación do contribuínte:

Situación do contribuínte	N.º de fillos e outros descendentes		
	0	1	2 ou máis
1. ^a Contribuínte solteiro, viúvo, divorciado ou separado legalmente.	–	10.750 euros	12.030 euros
2. ^a Contribuínte cuxo cónxuxe non obteña rendas superiores a 1.502,53 euros anuais, excluídas as exentas.	10.600 euros	11.825 euros	13.135 euros
3. ^a Outras situacións.	7.515 euros	8.215 euros	8.965 euros

Para efectos da aplicación do previsto no cadro anterior, enténdese por fillos e outros descendentes aqueles que dan dereito ao mínimo por descendentes previsto no artigo 43 da Lei do imposto.

En canto á situación do contribuínte, esta poderá ser unha das tres seguintes:

1.^a Contribuínte solteiro, viúvo, divorciado ou separado legalmente. Trátase do contribuínte solteiro, viúvo, divorciado ou separado legalmente con descendentes, cando teña dereito ao mínimo persoal incrementado a que se refire o artigo 86.2.3.º da Lei de imposto para unidades familiares monoparentais.

2.^a Contribuínte cuxo cónxuxe non obteña rendas superiores a 1.500 euros, excluídas as exentas. Trátase do contribuínte casado, e non separado legalmente, cuxo cónxuxe non obteña rendas anuais superiores a 1.500 euros, excluídas as exentas.

3.^a Outras situacións, que inclúe as seguintes:

a) O contribuínte casado, e non separado legalmente, cuxo cónxuxe obteña rendas superiores a 1.500 euros, excluídas as exentas.

b) O contribuínte solteiro, viúvo, divorciado ou separado legalmente, sen descendentes ou con descendentes ao seu cargo, cando, neste último caso, non teña dereito ao importe incrementado do mínimo persoal por darse a circunstancia de convivencia a que se refire o artigo 86.2.3.º da Lei do imposto.

c) Os contribuíntes que non manifesten estar en ningunha das situacións 1.^a e 2.^a anteriores.

2. Os importes previstos no cadro anterior incrementaranse en 600 euros no caso de pensións ou haberes pasivos do réxime de Seguridade Social e de clases pasivas e en 1.200 euros para prestacións ou subsidios por desemprego.

3. O disposto nos puntos anteriores non será de aplicación cando correspondan os tipos fixos de retención, nos casos aos que se refire o punto 1, 3.º e 4.º, do artigo 78 e os tipos mínimos de retención aos que se refire o artigo 84.2 deste regulamento.

Artigo 80. Procedemento xeral para determinar o importe da retención.

Para calcular as retencións sobre rendementos do traballo, ás cales se refire o artigo 78.1.1.º deste regulamento, practícaranse, sucesivamente, as seguintes operacións:

- 1.ª Determinarase, de acordo co previsto no artigo 82 deste regulamento, a base para calcular o tipo de retención.
- 2.ª Determinarase, de acordo co previsto no artigo 83 deste regulamento, a cota de retención.
- 3.ª Determinarase o tipo de retención na forma prevista no artigo 84 deste regulamento.
- 4.ª O importe da retención será o resultado de aplicar o tipo de retención á contía total das retribucións que se satisfagan ou aboan, excluídos os atrasos que corresponda imputar a exercicios anteriores e tendo en conta as regularizacións que procedan de acordo co artigo 85 deste regulamento. Aos atrasos anteriormente citados aplicaráselles o tipo fixo do 15 por cento.

Artigo 81. Procedemento especial para determinar o tipo de retención aplicable a contribuíntes perceptores de prestacións pasivas.

1. Os contribuíntes cuxos únicos rendementos do traballo consistan nas prestacións pasivas a que se refire o artigo 16.2.a) da Lei do imposto, poderanlle solicitar á Administración tributaria que determine a contía total das retencións aplicables aos citados rendementos, de acordo co procedemento previsto neste artigo, sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

- a) Que as prestacións se perciban en forma de renda.
- b) Que o importe íntegro anual non exceda os 22.000 euros.
- c) Que procedan de máis dun pagador.
- d) Que todos os pagadores estean obrigados a practicar retención á conta.

2. A determinación do tipo de retención realizarase de acordo co seguinte procedemento especial:

a) O procedemento iníciarase mediante solicitude do interesado en que se relacionarán os importes íntegros das prestacións pasivas que se percibirán ao longo do ano, así como a identificación dos pagadores. A solicitude irá acompañada do modelo de comunicación ao pagador da situación persoal e familiar do receptor a que se refire o artigo 86.1 deste regulamento.

A solicitude presentarase durante os meses de xaneiro e febreiro de cada ano e o seu contido axustarase ao modelo que se aprobe por resolución do director xeral da Axencia Estatal de Administración Tributaria, quen establecerá o lugar de presentación e as condicións en que será posible a súa presentación por medios telemáticos.

b) Á vista dos datos contidos na solicitude e na comunicación da situación persoal e familiar, a Administración tributaria determinará, tendo en conta a totalidade das prestacións pasivas e de acordo co disposto nos artigos 80, 82 e 83 deste regulamento, o importe anual das retencións que terá que practicar cada pagador e entregarlle ao contribuínte, no prazo máximo de dez días, unha comunicación destinada a cada un dos respectivos pagadores, en que figurará o dito importe.

O contribuínte deberá dar traslado das citadas comunicacións a cada un dos pagadores antes do día 30 de abril, obtendo e conservando constancia do dito traslado.

No suposto de que, por incumprimento dalgún dos requisitos anteriormente establecidos, non proceda a aplicación deste procedemento, seralle comunicada a dita circunstancia ao interesado pola Administración tributaria, con expresión das causas que a motivan.

c) Cada un dos pagadores, á vista da comunicación recibida do contribuínte que conteña o importe total das

retencións anuais a practicar, e tendo en conta as prestacións xa satisfeitas e as retencións xa practicadas, deberá determinar o tipo de retención aplicable ás prestacións pendentes de satisfacer até a fin do exercicio. O tipo de retención será o resultado de multiplicar por 100 o cociente obtido de dividir a diferenza entre as retencións anuais e as retencións xa practicadas entre o importe das prestacións pendentes de satisfacer até o final do exercicio. O dito tipo de retención expresarase en números enteiros, redondeándose ao máis próximo. O pagador deberá conservar a comunicación da Administración tributaria achegada polo contribuínte.

O tipo de retención así determinado non poderá modificarse no resto do exercicio por nova solicitude do contribuínte nin tampouco no caso de que se produza algunha das circunstancias que, a teor do disposto no artigo 85 deste regulamento, determinan a regularización do tipo de retención. Non obstante, cando ao longo do período impositivo se produza un aumento das prestacións a satisfacer por un mesmo pagador, de forma que o seu importe total supere os 22.000 euros anuais, aquel calculará o tipo de retención aplicando o procedemento xeral do artigo 80 deste regulamento, practicando a correspondente regularización.

3. O procedemento a que se refiren os puntos anteriores ten exclusivamente vixencia anual e será irrevogable polo contribuínte para o exercicio respecto do que se solicita, unha vez que dese traslado aos pagadores da comunicación remitida pola Administración tributaria.

No entanto, cada pagador, ao inicio do exercicio seguinte, aplicará provisionalmente o mesmo tipo de retención que viñese aplicando ao finalizar o exercicio inmediato anterior, salvo renuncia expresa do contribuínte ante o respectivo pagador, durante os meses de novembro e decembro.

Unha vez que o contribuínte traslade ao pagador, de acordo co procedemento e prazos previstos no punto anterior, a comunicación da Administración tributaria que conteña o importe anual das retencións para practicar no exercicio, este procederá a calcular o novo tipo de retención conforme o sinalado na alínea c) do punto 2 anterior.

Se, no prazo a que se refire o parágrafo b) do punto 2 anterior, o contribuínte non trasladara ao pagador a comunicación da Administración tributaria citada no parágrafo anterior, este deberá determinar o tipo de retención que resulte aplicable á prestación por el satisfeita conforme o procedemento xeral de determinación do tipo de retención previsto no artigo 80 deste regulamento, practicando a correspondente regularización.

4. O límite excluínte da obriga de declarar de 22.000 euros anuais previsto no artigo 97.3.a), parágrafo 2.º, da Lei do imposto, non resultará aplicable aos contribuíntes acoillidos ao réxime especial regulado neste artigo cando se produza algunha das seguintes circunstancias:

a) Que ao longo do exercicio aumentase o número dos pagadores das prestacións pasivas respecto dos inicialmente comunicados polo contribuínte ao formular a súa solicitude de aplicación do réxime especial.

b) Que o importe das prestacións efectivamente satisfeitas polos pagadores difira do comunicado inicialmente polo contribuínte ao formular a súa solicitude. Para estes efectos, estimarase que o importe das prestacións satisfeitas non difire das comunicadas polo contribuínte cando a diferenza entre ambas non supere a contía de 300 euros anuais.

c) Que durante o exercicio se producise algunha outra das circunstancias previstas no artigo 85 deste regulamento determinantes dun aumento do tipo de retención.

Artigo 82. Base para calcular o tipo de retención.

1. A base para calcular o tipo de retención será o resultado de minorar a contía total das retribucións do traballo, determinada segundo o disposto no punto seguinte, nos conceptos previstos no punto 3 deste artigo.

2. A contía total das retribucións do traballo calcularase de acordo coas seguintes regras:

1.^a Regra xeral: con carácter xeral, tomarase a suma das retribucións, en cartos ou en especie que, de acordo coas normas ou estipulacións contractuais aplicables e demais circunstancias previsibles, vaia normalmente percibir o contribuínte no ano natural, con excepción das contribucións empresariais aos plans de pensións e ás mutualidades de previsión social que reduzan a base imponible do contribuínte, así como dos atrasos que corresponda imputar a exercicios anteriores. Para estes efectos, as retribucións en especie computaranse polo seu valor determinado conforme o que establece o artigo 47 da Lei do imposto, sen incluír o importe do ingreso á conta.

A suma das retribucións, calculada de acordo co parágrafo anterior, incluírá tanto as retribucións fixas como as variables previsibles. Para estes efectos, presumiranse retribucións variables previsibles, como mínimo, as obtidas no ano anterior, salvo que concorran circunstancias que permitan acreditar de maneira obxectiva un importe inferior.

2.^a Regra específica: cando se trate de traballadores manuais que perciban as súas retribucións por peonadas ou xornais diarios, consecuencia dunha relación esporádica e diaria co empregador, tomarase como contía das retribucións o resultado de multiplicar por 100 o importe da peonada ou xornal diario.

3. A contía total das retribucións de traballo, en cartos e en especie, calculadas de acordo ao punto anterior, minorarase nos importes seguintes:

a) Nas reducións previstas nos artigos 17, puntos 2 e 3, e 94 da Lei do imposto.

b) Nas cotizacións á Seguridade Social, ás mutualidades xerais obrigatorias de funcionarios, deducións por dereitos pasivos e cotizacións a colexios de orfos ou entidades similares, ás que se refiren as alíneas a), b) e c) do artigo 18.2 da Lei do imposto.

c) No importe dos mínimos persoal e por descendentes, sen que sexa de aplicación o mínimo persoal incrementado a que se refire o artigo 86.2.3.º da Lei do imposto.

Os descendentes computaranse por metade, excepto cando o contribuínte teña dereito, de forma exclusiva, á aplicación da totalidade do mínimo familiar por este concepto.

d) Nas reducións por rendementos do traballo, prolongación da actividade laboral, mobilidade xeográfica e discapacidade de traballadores activos. Para o cómputo das ditas reducións o pagador deberá ter en conta, exclusivamente, a contía do rendimento neto do traballo resultante das minoracións previstas nas alíneas a) e b) anteriores.

e) Nas reducións por coidado de fillos, idade, asistencia e discapacidade, excepto a situación de discapacidade prevista na alínea d) anterior.

Sen prexuízo do disposto no artigo 54 da Lei do imposto, en relación cos menores acollidos e cos descendentes adoptados, a idade do perceptor e dos descendentes e ascendentes que dean dereito a minoración entenderase referida á data de devengo do imposto, aplicando, ademais, as seguintes especialidades:

1.º O retedor non deberá ter en conta a circunstancia prevista no artigo 57.2.^a da Lei do imposto.

2.º Os descendentes computaranse por metade, excepto cando o contribuínte teña dereito, de forma exclu-

siva, á aplicación da totalidade da correspondente redución.

f) No importe que proceda, segundo as seguintes circunstancias:

Cando se trate de contribuíntes que perciban pensións e haberes pasivos do réxime de Seguridade Social e de clases pasivas ou que teñan máis de dous descendentes que dean dereito á aplicación do mínimo por descendentes previsto no artigo 43 da Lei do imposto, 600 euros.

Cando sexan prestacións ou subsidios por desemprego, 1.200 euros.

Estas reducións son compatibles entre si.

g) Cando o perceptor de rendementos do traballo estivese obrigado a satisfacer por resolución xudicial unha pensión compensatoria ao seu cónxuxe, o importe desta poderá diminuír a contía resultante do disposto nos parágrafos anteriores. Para tal fin, o contribuínte deberá pór en coñecemento do seu pagador, na forma prevista no artigo 86 deste regulamento, as ditas circunstancias, xuntando testemuño literal total ou parcial da resolución xudicial determinante da pensión.

Artigo 83. Cota de retención.

1. Con carácter xeral, a cota de retención obterase aplicando á base para calcular o tipo de retención, sempre que esta sexa positiva, as porcentaxes que se indican na seguinte escala:

Base para calcular o tipo de retención – Até euros	Cota de retención – Euros	Resto base para calcular o tipo de retención – Até euros	Tipo aplicable – Porcentaxe
0	0	4.000	
4.000	600	9.800	24
13.800	2.952	12.000	28
25.800	6.312	19.200	37
45.000	13.416	En diante	45

2. Cando o perceptor de rendementos do traballo satisfaga anualidades por alimentos en favor dos fillos por decisión xudicial, sempre que o seu importe sexa inferior á base para calcular o tipo de retención, procederá determinar por separado a parte de cota de retención correspondente ao importe das ditas anualidades e a que se refire ao resto da base para calcular o tipo de retención. Para tal fin, o contribuínte deberá pór en coñecemento do seu pagador, na forma prevista no artigo 86 deste regulamento, a dita circunstancia, xuntando testemuño literal total ou parcial da resolución xudicial determinante da anualidade.

3. Cando o contribuínte obteña unha contía total de retribución, á cal se refire o artigo 82.2 deste regulamento, non superior a 22.000 euros anuais, a cota de retención, calculada de acordo co previsto nos puntos anteriores, terá como límite máximo a menor das dúas seguintes contías:

a) O resultado de aplicar a porcentaxe do 35 por cento á diferenza positiva entre o importe desa contía e o que corresponda, segundo a súa situación, dos mínimos excluídos de retención previstos no artigo 79 deste regulamento.

b) Cando se produzan regularizacións, o resultado de aplicar a porcentaxe do 45 por cento sobre a contía total das retribucións que se satisfagan até final de ano.

4. O límite do 45 por cento anterior aplicarase a calquera contribuínte.

Artigo 84. *Tipo de retención.*

1. O tipo de retención obtérase multiplicando por 100 o cociente obtido de dividir a cota de retención pola contía total das retribucións a que se refire o artigo 82.2 do presente regulamento. Cando a base para calcular o tipo de retención fose cero ou negativa, o tipo de retención será cero.

O tipo de retención, calculado conforme o establecido no parágrafo anterior, exprésase en números enteiros. Nos casos en que o tipo de retención non sexa un número enteiro, redondearase por defecto se o primeiro decimal é inferior a cinco, e por exceso cando sexa igual ou superior a cinco.

2. O tipo de retención resultante do disposto no punto anterior non poderá ser inferior ao 2 por cento cando se trate de contratos ou relacións de duración inferior ao ano, nin inferior ao 15 por cento cando os rendementos do traballo deriven de relacións laborais especiais de carácter dependente.

Non obstante, non será de aplicación o mínimo do 15 por cento de retención a que se refire o parágrafo anterior aos rendementos obtidos polos penados nas institucións penitenciarias nin aos rendementos derivados de relacións laborais de carácter especial que afecten a discapacitados.

Artigo 85. *Regularización do tipo de retención.*

1. Procederá regularizar o tipo de retención nos supostos a que se refire o punto 2 seguinte e levarase a cabo na forma prevista no punto 3 e seguintes deste artigo.

2. Procederá regularizar o tipo de retención nas seguintes circunstancias:

1.º Se ao concluír o período inicialmente previsto nun contrato ou relación o traballador continuase prestando os seus servizos ao mesmo empregador ou volveuse a facelo dentro do ano natural.

2.º Se con posterioridade á suspensión do cobramento de prestacións por desemprego se reiniciase o dereito ou se pasase a percibir o subsidio por desemprego, dentro do ano natural.

3.º Cando en virtude de normas de carácter xeral ou da normativa sectorial aplicable, ou como consecuencia do ascenso, promoción ou descenso de categoría do traballador e, en xeral, cando se produzan durante o ano variacións na contía das retribucións ou dos gastos deducibles que se tivesen en conta para a determinación do tipo de retención que viña aplicándose até ese momento.

4.º Se ao cumprir os sesenta e cinco anos o traballador continuase ou prolongase a súa actividade laboral.

5.º Se no curso do ano natural o pensionista comezase a percibir novas pensións ou haberes pasivos que se engadisen ás que xa viñesen percibindo, ou aumentase o importe destas últimas.

6.º Cando o traballador traslade a súa residencia habitual a un novo municipio e resulte aplicable a redución por mobilidade xeográfica prevista no artigo 47 deste regulamento.

7.º Se no curso do ano natural se producise un aumento no número de descendentes ou unha variación nas súas circunstancias, sobreviñese a condición de discapacitado ou aumentase o grao de minusvalidez no perceptor de rendas de traballo ou nos seus descendentes, sempre que as ditas circunstancias determinasen unha diminución da base para calcular o tipo de retención.

8.º Cando por resolución xudicial o perceptor de rendementos do traballo quedase obrigado a satisfacer unha pensión compensatoria ao seu cónxuxe ou anualidades por alimentos en favor dos fillos, sempre que o importe

destas últimas sexa inferior á base para calcular o tipo de retención.

9.º Se no curso do ano natural o cónxuxe do contribuínte obtivese rendas superiores a 1.500 euros anuais, excluídas as exentas.

10.º Cando no curso do ano natural o contribuínte cambiase a súa residencia habitual de Ceuta ou Melilla, Navarra ou os territorios históricos do País Vasco ao resto do territorio español ou do resto do territorio español ás cidades de Ceuta ou Melilla, ou cando o contribuínte adquira a súa condición por cambio de residencia.

11.º Se no curso do ano natural se producise unha variación no número ou as circunstancias dos ascendentes que dese lugar a unha variación na base para calcular o tipo de retención.

3. A regularización do tipo de retención levarase a cabo do seguinte modo:

a) Procederá a calcular un novo importe da retención, de acordo co procedemento establecido no artigo 80 deste regulamento, tendo en conta as circunstancias que motivan a regularización.

b) Este novo importe da retención minorarase na contía das retencións e ingresos á conta practicados até ese momento. No suposto de contribuíntes que adquiran a súa condición por cambio de residencia, do novo importe da retención minorarase as retencións e ingresos á conta do imposto sobre a renda de non-residentes practicadas durante o período impositivo en que se produza o cambio de residencia, así como as cotas satisfeitas por este imposto devengadas durante o período impositivo en que se produza o cambio de residencia.

c) O novo tipo de retención obtérase multiplicando por 100 o cociente obtido de dividir a diferenza resultante do parágrafo anterior entre a contía total das retribucións a que se refire o artigo 82.2 deste regulamento que resten até o final do ano e exprésase en números enteiros, redondeándose ao máis próximo. Cando a base para calcular o tipo de retención fose cero ou negativa, o tipo de retención será cero.

Neste caso non procederá restitución das retencións anteriormente practicadas, sen prexuízo de que o perceptor solicite posteriormente, cando proceda, a devolución de acordo co previsto na Lei do imposto.

O disposto neste parágrafo entenderase sen prexuízo dos mínimos de retención previstos no artigo 84.2 deste regulamento.

4. Os novos tipos de retención aplicaranse a partir da data en que se produzan as variacións a que se refiren os números 1.º, 2.º, 3.º, 4.º e 5.º do punto 2 deste artigo e a partir do momento en que o perceptor dos rendementos do traballo comunique ao pagador as variacións a que se refiren os números 6.º, 7.º, 8.º, 9.º, 10.º e 11.º do dito punto, sempre e cando tales comunicacións se produzan con, polo menos, cinco días de antelación á confección das correspondentes nóminas, sen prexuízo das responsabilidades en que o perceptor puidese incorrer cando a falta de comunicación das ditas circunstancias determine a aplicación dun tipo inferior ao que corresponda, nos termos previstos no artigo 109 da Lei do imposto.

A regularización a que se refire este artigo poderá realizarse, á opción do pagador, a partir do día 1 dos meses de abril, xullo e outubro, respecto das variacións que, respectivamente, se producisen nos trimestres inmediatamente anteriores a estas datas.

5. O tipo de retención, calculado de acordo co procedemento previsto no artigo 80 deste regulamento, non poderá incrementarse cando se efectúen regularizacións por circunstancias que determinen unha diminución da base para calcular o tipo de retención previa á regularización, ou por quedar obrigado o perceptor por resolución xudicial a satisfacer anualidades por alimentos en favor

dos fillos e resulte aplicable o previsto no punto 2 do artigo 83 deste regulamento.

Así mesmo, nos supostos de regularización por circunstancias que determinen un aumento da base para calcular o tipo de retención previa á regularización, o novo tipo de retención aplicable non poderá determinar un incremento do importe das retencións superior ao incremento producido na dita base de cálculo.

Artigo 86. Comunicación de datos do perceptor de rendas do traballo ao seu pagador.

1. Os contribuíntes deberán comunicar ao pagador a situación persoal e familiar que inflúe no importe excepcional de reter, na determinación do tipo de retención ou nas regularizacións deste, quedando obrigado así mesmo o pagador a conservar a comunicación debidamente asinada.

O contido das comunicacións axustarase ao modelo que se aprobe por resolución do Departamento de Xestión Tributaria da Axencia Estatal de Administración Tributaria.

2. A falta de comunicación ao pagador destas circunstancias persoais e familiares ou da súa variación, determinará que aquel aplique o tipo de retención correspondente sen ter en conta as ditas circunstancias, sen prexuízo das responsabilidades en que o perceptor puidese incurrir cando a falta de comunicación das ditas circunstancias determine a aplicación dun tipo inferior ao que corresponda, nos termos previstos no artigo 109 da Lei do imposto.

3. A comunicación de datos a que se refire o punto anterior deberá efectuarse con anterioridade ao día primeiro de cada ano natural ou do inicio da relación, considerando a situación persoal e familiar que previsiblemente vaia existir nestas dúas últimas datas, sen prexuízo de que, de non subsistir aquela situación nas datas sinaladas, se proceda a comunicar a súa variación ao pagador.

Non será preciso reiterar en cada exercicio a comunicación de datos ao pagador, mentres non varíen as circunstancias persoais e familiares do contribuínte.

4. As variacións nas circunstancias persoais e familiares que se produzan durante o ano e que supoñan un menor tipo de retención, poderán ser comunicadas para efectos da regularización prevista no artigo 85 do presente regulamento e producirán efectos a partir da data da comunicación, sempre e cando resten, polo menos, cinco días para a confección das correspondentes nóminas.

Cando estas variacións supoñan un maior tipo de retención, deberán ser comunicadas no prazo de dez días desde que se produzan e teranse en conta na primeira nómina que se confeccione con posterioridade a esa comunicación, sempre e cando falten, polo menos, cinco días para a confección da nómina.

5. Os contribuíntes poderán solicitar en calquera momento dos seus correspondentes pagadores a aplicación de tipos de retención superiores aos que resulten do previsto nos artigos anteriores, conforme as seguintes normas:

a) A solicitude realizarase por escrito ante os pagadores, os cales virán obrigados a atender as solicitudes que se lles formulen, polo menos, con cinco días de antelación á confección das correspondentes nóminas.

b) O novo tipo de retención solicitado aplicarase, como mínimo, até o final do ano e, mentres non renuncie por escrito á citada porcentaxe ou non solicite un tipo de retención superior, durante os exercicios sucesivos, salvo que se produza variación das circunstancias que determine un tipo superior.

6. O pagador deberá conservar, á disposición da Administración tributaria, os documentos achegados polo contribuínte para xustificar a situación persoal e familiar.

Artigo 87. Procedemento especial para determinar as retencións e ingresos á conta sobre os rendementos do traballo no suposto de cambio de residencia.

1. Os traballadores por conta allea que non sexan contribuíntes por este imposto, pero que vaian adquirir a dita condición como consecuencia do seu desprazamento a territorio español, poderán comunicar á Administración tributaria a dita circunstancia, mediante o modelo de comunicación que aprobe o ministro de Economía e Facenda, quen establecerá a forma, o lugar e o prazo para a súa presentación, así como a documentación que se lle deba xuntar.

Na citada comunicación farase constar a identificación do traballador e do pagador dos rendementos do traballo, a data de entrada en territorio español e a de comezo da prestación do traballo neste territorio para ese pagador, así como a existencia de datos obxectivos nesa relación laboral que fagan previsible que, como consecuencia dela, se produza unha permanencia no territorio español superior a cento oitenta e tres días, contados desde o comezo da prestación do traballo en territorio español, durante o ano natural en que se produce o desprazamento ou, no seu defecto, no seguinte.

2. A Administración tributaria, á vista da comunicación e documentación presentadas, expediralle ao traballador, se procede, no prazo máximo dos dez días hábiles seguintes ao de presentación da comunicación, un documento acreditativo en que conste a data a partir da cal se practicarán as retencións por este imposto.

3. O traballador entregarlle ao pagador dos rendementos de traballo un exemplar do documento expedido pola Administración tributaria, co obxecto de que este último, para os efectos da práctica de retencións, o considere contribuínte do imposto sobre a renda das persoas físicas a partir da data que se indique nel.

4. Recibido o documento, o obrigado a reter, atendendo á data indicada, practicará retencións conforme establece a normativa deste imposto, aplicando, se é o caso, a regularización prevista no artigo 85.2.10.º deste regulamento.

5. Cando o interesado non chegue a ter a condición de contribuínte por este imposto no ano do desprazamento, na súa declaración polo imposto sobre a renda de non-residentes poderá deducir as retencións practicadas á conta deste imposto.

Así mesmo, cando resultase de aplicación o previsto no artigo 32 do texto refundido da Lei do imposto sobre a renda de non-residentes, e o traballador non adquirise a condición de contribuínte polo imposto sobre a renda de non-residentes no ano do desprazamento ao estranxeiro, as retencións e ingresos á conta polo dito imposto terán a consideración de pagamentos á conta polo imposto sobre a renda das persoas físicas.

SECCIÓN 2.ª RENDEMENTOS DO CAPITAL MOBILIARIO

Artigo 88. Importe das retencións sobre rendementos do capital mobiliario.

1. A retención a practicar sobre os rendementos do capital mobiliario será o resultado de aplicar á base de retención a porcentaxe do 15 por cento.

2. Este tipo de retención dividirase por dous cando se trate de rendementos aos cales sexa de aplicación a dedución prevista no artigo 69.4 da Lei do imposto, procedentes de sociedades que operen efectiva e materialmente en Ceuta ou Melilla e con domicilio e obxecto social exclusivo nas ditas cidades.

Artigo 89. *Concepto e clasificación de activos financeiros.*

1. Teñen a consideración de activos financeiros os valores negociables representativos da captación e utilización de capitais alleos, con independencia da forma en que se documenten.

2. Terán a consideración de activos financeiros con rendemento implícito aqueles en que o rendemento se xere mediante diferenza entre o importe satisfeito na emisión, primeira colocación ou endoso e o comprometido a reembolsar no momento do vencemento daquelas operacións cuxo rendemento se fixe, total ou parcialmente, de forma implícita, a través de calquera valor mobiliario utilizado para a captación de recursos alleos.

Inclúense como rendementos implícitos as primas de emisión, amortización ou reembolso.

Exclúense do concepto de rendemento implícito as bonificacións ou primas de colocación, xiradas sobre o prezo de emisión, sempre que se encadren dentro das prácticas de mercado e que constitúan ingreso na súa totalidade para o mediador, intermediario ou colocador financeiro, que actúe na emisión e posta en circulación dos activos financeiros regulados nesta norma.

Considerarase como activo financeiro con rendemento implícito calquera instrumento de xiro, incluso os orixinaos en operacións comerciais, a partir do momento en que se endose ou transmita, salvo que o endoso ou cesión se faga como pagamento dun crédito de provedores ou subministradores.

3. Terán a consideración de activos financeiros con rendemento explícito aqueles que xeran xuros e calquera outra forma de retribución pactada como contraprestación á cesión a terceiros de capitais propios e que non estea comprendida no concepto de rendementos implícitos nos termos que establece o punto anterior.

4. Os activos financeiros con rendemento mixto seguirán o réxime dos activos financeiros con rendemento explícito cando o efectivo anual que produzan desta natureza sexa igual ou superior ao tipo de referencia vixente no momento da emisión, aínda que nas condicións de emisión, amortización ou reembolso se fixase, de forma implícita, outro rendemento adicional. Este tipo de referencia será, durante cada trimestre natural, o 80 por cento do tipo efectivo correspondente ao prezo medio ponderado redondeado que resultase na última poxa do trimestre precedente correspondente a bonos do Estado a tres anos, se se tratase de activos financeiros con prazo igual ou inferior a catro anos; a bonos do Estado a cinco anos, se se tratase de activos financeiros con prazo superior a catro anos pero igual ou inferior a sete, e a obrigas do Estado a 10, 15 ou 30 anos, se se tratase de activos con prazo superior. No caso de que non poida determinarse o tipo de referencia para algún prazo, será de aplicación o do prazo máis próximo ao da emisión planeada.

Para efectos do disposto neste punto, respecto das emisións de activos financeiros con rendemento variable ou flotante, tomarase como xuro efectivo da operación a súa taxa de rendemento interno, considerando unicamente os rendementos de natureza explícita e calculada, se é o caso, con referencia á valoración inicial do parámetro respecto do cal se fixe periodicamente o importe definitivo dos rendementos devengados.

Artigo 90. *Requisitos fiscais para a transmisión, reembolso e amortización de activos financeiros.*

1. Para proceder ao alleamento ou obtención do reembolso dos títulos ou activos financeiros con rendemento implícito e de activos financeiros con rendemento explícito que deban ser obxecto de retención no momento da súa transmisión, amortización ou reembolso, deberá acreditarse a previa adquisición deles con intervención dos

fedatarios ou institucións financeiras obrigados a reter, así como o prezo ao cal se realizou a operación.

Cando un instrumento de xiro se converta en activo financeiro despois da súa posta en circulación, xa o primeiro endoso ou cesión se deberá facer a través de fedatario público ou institución financeira, salvo que o mesmo endosario ou adquirente sexa unha institución financeira. O fedatario ou a institución financeira consignarán no documento o seu carácter de activo financeiro, con identificación do seu primeiro adquirente ou tedor.

2. Para efectos do disposto no punto anterior, a persoa ou entidade emisora, a institución financeira que actúe por conta desta, o fedatario público ou a institución financeira que actúe ou interveña por conta do adquirente ou depositante, segundo proceda, deberán emitir certificación acreditativa dos seguintes extremos:

- a) Data da operación e identificación do activo.
- b) Denominación do adquirente.
- c) Número de identificación fiscal do citado adquirente ou depositante.
- d) Prezo de adquisición.

Da mencionada certificación, que se emitirá por triplicado, entregaránselle dous exemplares ao adquirente, quedando outro en poder da persoa ou entidade que certifica.

3. As institucións financeiras ou os fedatarios públicos absteranse de mediar ou intervir na transmisión destes activos cando o transmitente non xustifique a súa adquisición de acordo co disposto neste artigo.

4. As persoas ou entidades emisoras dos activos financeiros a que se refire este artigo non poderán reembolsar estes cando o tedor non acredite a súa adquisición previa mediante a certificación oportuna, axustada ao indicado no punto 2 anterior.

O emisor ou as institucións financeiras encargadas da operación que, de acordo co parágrafo anterior, non deban efectuar o reembolso ao tedor do título ou activo, deberán constituír pola dita cantidade depósito á disposición da autoridade xudicial.

A recompra, rescate, cancelación ou amortización anticipada exixirá a intervención ou mediación de institución financeira ou de fedatario público, quedando a entidade ou persoa emisora do activo como mero adquirente en caso de que volva a pór en circulación o título.

5. O tedor do título, en caso de extravío dun certificado xustificativo da súa adquisición, poderá solicitar a emisión do correspondente duplicado da persoa ou entidade que emitiu tal certificación.

Esta persoa ou entidade fará constar o carácter de duplicado dese documento, así como a data de expedición dese último.

6. Para os efectos previstos neste artigo, nos casos de transmisión lucrativa entenderase que o adquirente se subroga no valor de adquisición do transmitente, mentres medie unha xustificación suficiente do referido custo.

Artigo 91. *Base de retención sobre os rendementos do capital mobiliario.*

1. Con carácter xeral, constituirá a base de retención sobre os rendementos do capital mobiliario a contraprestación íntegra exixible ou satisfeita.

2. No caso de amortización, reembolso ou transmisión de activos financeiros, constituirá a base de retención a diferenza positiva entre o valor de amortización, reembolso ou transmisión e o valor de adquisición ou subscripción dos ditos activos. Como valor de adquisición tomarase o que figure na certificación acreditativa da adquisición. Para estes efectos non se minorarán os gastos accesorios á operación.

Sen prexuízo da retención que proceda ao transmitente, no caso de que a entidade emisora adquiera un activo

financeiro emitido por ela, practícarase a retención e o ingreso sobre o rendemento que obteña en calquera forma de transmisión ulterior do título, excluída a amortización.

3. Cando a obriga de reter teña a súa orixe no previsto no último parágrafo do artigo 73.3.f) deste regulamento, constituirá a base de retención a parte do prezo que equivalla ao cupón corrido do valor transmitido.

4. Se aos rendementos anteriores lles fosen de aplicación as reducións a que se refiren os artigos 24.2 e 94.2 da Lei do imposto, a base de retención calcularase aplicando sobre a contía íntegra de tales rendementos as reducións que resulten aplicables.

5. Nas percepcións derivadas de contratos de seguro e nas rendas vitalicias e outras temporais que teñan por causa a imposición de capitais, a base de retención será a contía a integrar na base imponible calculada de acordo coa Lei do imposto.

Artigo 92. *Nacemento da obriga de reter e de ingresar á conta sobre os rendementos do capital mobiliario.*

1. Con carácter xeral, as obrigas de reter e de ingresar á conta nacerán no momento da exixibilidade dos rendementos do capital mobiliario, en cartos ou en especie, suxeitos a retención ou ingreso á conta, respectivamente, ou no do seu pagamento ou entrega se é anterior.

En particular, entenderanse exixibles os xuros nas datas de vencemento sinaladas na escritura ou contrato para a súa liquidación ou cobramento, ou cando doutra forma se recoñezan en conta, aínda cando o receptor non reclame o seu cobramento ou os rendementos se acumulen ao principal da operación, e os dividendos na data establecida no acordo de distribución ou a partir do día seguinte ao da súa adopción na falta da determinación da citada data.

2. No caso de rendementos do capital mobiliario derivados da transmisión, amortización ou reembolso de activos financeiros, a obriga de reter nacerá no momento da transmisión, amortización ou reembolso.

A retención practícarase na data en que se formalice a transmisión, calquera que sexan as condicións de cobramento pactadas.

SECCIÓN 3.^a RENDEMENTOS DE ACTIVIDADES ECONÓMICAS

Artigo 93. *Importe das retencións sobre rendementos de actividades económicas.*

1. Cando os rendementos sexan contraprestación dunha actividade profesional, aplicarase o tipo de retención do 15 por cento sobre os ingresos íntegros satisfeitos.

Non obstante, no caso de contribuíntes que inicien o exercicio de actividades profesionais, o tipo de retención será do 7 por cento no período impositivo de inicio de actividades e nos dous seguintes, sempre e cando non exercesen actividade profesional ningunha no ano anterior á data de inicio das actividades.

Para a aplicación do tipo de retención previsto no parágrafo anterior, os contribuíntes deberanlle comunicar ao pagador dos rendementos a concorrencia da dita circunstancia, quedando obrigado o pagador a conservar a comunicación debidamente asinada.

O tipo de retención será do 7 por cento no caso de rendementos satisfeitos a:

- Representantes garantidos de «Tabacalera, Sociedad Anónima».
- Recadadores municipais.
- Axentes de seguros e corredores de seguros que utilicen os servizos de subaxentes ou colaboradores mercantís.
- Delegados comerciais da entidade pública empresarial Lotarías e Apostas do Estado.

Estas porcentaxes dividiranse por dous cando os rendementos teñan dereito á dedución na cota prevista no artigo 69.4 da Lei do imposto.

2. Para efectos do disposto no punto anterior, consideraranse comprendidos entre os rendementos de actividades profesionais:

a) En xeral, os derivados do exercicio das actividades incluídas nas seccións segunda e terceira das tarifas do imposto sobre actividades económicas, aprobadas polo Real decreto legislativo 1175/1990, do 28 de setembro.

b) En particular, terán a consideración de rendementos profesionais os obtidos por:

1.º Os autores ou tradutores de obras, provenientes da propiedade intelectual ou industrial. Cando os autores ou tradutores editen directamente as súas obras, os seus rendementos comprenderanse entre os correspondentes ás actividades empresariais.

2.º Os comisionistas. Entenderase que son comisionistas os que se limitan a acercar ou a aproximar as partes interesadas para a celebración dun contrato.

Polo contrario, entenderase que non se limitan a realizar operacións propias de comisionistas cando, ademais da función descrita no parágrafo anterior, asuman o risco e ventura de tales operacións mercantís, caso en que o rendemento se comprenderá entre os correspondentes ás actividades empresariais.

3.º Os profesores, calquera que sexa a natureza das ensinanzas, que exerzan a actividade, ben no seu domicilio, casas particulares ben en academia ou establecemento aberto. O ensino en academias ou establecementos propios terá a consideración de actividade empresarial.

3. Non se considerarán rendementos de actividades profesionais as cantidades que perciban as persoas que, a soldo dunha empresa, polas funcións que realizan nela veñen obrigadas a inscribirse nos seus respectivos colexios profesionais nin, en xeral, as derivadas dunha relación de carácter laboral ou dependente. As ditas cantidades comprenderanse entre os rendementos do traballo.

4. Cando os rendementos sexan contraprestación dunha actividade agrícola ou gandeira, aplicaranse as seguintes porcentaxes de retención:

1.º Actividades gandeiras de engorda de porcino e avicultura: 1 por cento.

2.º Restantes casos: 2 por cento.

Estas porcentaxes aplicaranse sobre os ingresos íntegros satisfeitos, con excepción das subvencións correntes e de capital e das indemnizacións.

Para estes efectos, entenderanse como actividades agrícolas ou gandeiras aquelas mediante as cales se obtéñan directamente das explotacións produtos naturais, vexetais ou animais e non se sometan a procesos de transformación, elaboración ou manufactura.

Considerarase proceso de transformación, elaboración ou manufactura toda actividade para cuxo exercicio sexa preceptiva a alta nunha epígrafe correspondente a actividades industriais nas tarifas do imposto sobre actividades económicas.

Entenderanse incluídas entre as actividades agrícolas e gandeiras:

- A gandaría independente.
- A prestación, por agricultores ou gandeiros, de traballos ou servizos accesorios de natureza agrícola ou gandeira, cos medios que ordinariamente son utilizados nas súas explotacións.
- Os servizos de cría, garda e engorda de gando.

5. Cando os rendementos sexan contraprestación dunha actividade forestal, aplicarase o tipo de retención do 2 por cento sobre os ingresos íntegros satisfeitos, con

excepción das subvencións correntes e de capital e das indemnizacións.

SECCIÓN 4.^a GANANCIAS PATRIMONIAIS

Artigo 94. *Importe das retencións sobre ganancias patrimoniais derivadas das transmisións ou reembolsos de accións e participacións de institucións de investimento colectivo.*

A retención a practicar sobre as ganancias patrimoniais derivadas das transmisións ou reembolsos de accións e participacións de institucións de investimento colectivo será o resultado de aplicar á base de retención a porcentaxe do 15 por cento.

Artigo 95. *Base de retención sobre as ganancias patrimoniais derivadas de transmisións ou reembolsos de accións e participacións de institucións de investimento colectivo.*

A base de retención sobre as ganancias patrimoniais derivadas de transmisións ou reembolsos de accións ou participacións de institucións de investimento colectivo será a contía a integrar na base imponible calculada de acordo coa normativa reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas.

Artigo 96. *Nacemento da obriga de reter.*

A obriga de reter nacerá no momento en que se formalice a transmisión ou reembolso das accións ou participacións de institucións de investimento colectivo, calquera que sexan as condicións de cobramento pactadas.

Artigo 97. *Importe das retencións sobre premios.*

A retención que se practicará sobre os premios en metálico será do 15 por cento do seu importe.

SECCIÓN 5.^a OUTRAS RENDAS

Artigo 98. *Importe das retencións sobre arrendamentos e subarrendamentos de inmobles.*

A retención que se practicará sobre os rendementos procedentes do arrendamento ou subarrendamento de inmobles urbanos, calquera que sexa a súa cualificación, será o resultado de aplicar a porcentaxe do 15 por cento sobre todos os conceptos que se satisfagan ao arrendador, excluído o imposto sobre o valor engadido.

Esta porcentaxe dividirase por dous cando o inmoble urbano estea situado en Ceuta ou Melilla, nos termos previstos no artigo 69.4 da Lei do imposto.

Artigo 99. *Importe das retencións sobre dereitos de imaxe e outras rendas.*

1. A retención que se practicará sobre os rendementos procedentes da cesión do dereito á explotación do dereito de imaxe, calquera que sexa a súa cualificación, será o resultado de aplicar o tipo de retención do 20 por cento sobre os ingresos íntegros satisfeitos.

2. A retención que se practicará sobre os rendementos dos restantes conceptos previstos no artigo 73.2.b) deste regulamento, calquera que sexa a súa cualificación, será o resultado de aplicar o tipo de retención do 15 por cento sobre os ingresos íntegros satisfeitos.

CAPÍTULO III

Ingresos á conta

Artigo 100. *Ingresos á conta sobre retribucións en especie do traballo.*

1. A contía do ingreso á conta que corresponda realizar polas retribucións satisfeitas en especie calcularase aplicando ao seu valor, determinado conforme as regras do artigo 47.1 da Lei do imposto, e mediante a aplicación, se é o caso, do procedemento previsto na disposición adicional segunda deste regulamento, o tipo que corresponda dos previstos no artigo 78 deste regulamento.

2. Non existirá obriga de efectuar ingresos á conta respecto ás contribucións satisfeitas polos promotores de plans de pensións e de mutualidades de previsión social que reduzan a base imponible.

Artigo 101. *Ingresos á conta sobre retribucións en especie do capital mobiliario.*

A contía do ingreso á conta que corresponda realizar polas retribucións satisfeitas en especie calcularase aplicando a porcentaxe prevista na sección 2.^a do capítulo II anterior ao resultado de incrementar nun 20 por cento o valor de adquisición ou custo para o pagador.

Artigo 102. *Ingresos á conta sobre retribucións en especie de actividades económicas.*

A contía do ingreso á conta que corresponda realizar polas retribucións satisfeitas en especie calcularase aplicando ao seu valor de mercado a porcentaxe que resulte do disposto na sección 3.^a do capítulo II anterior.

Artigo 103. *Ingresos á conta sobre premios.*

A contía do ingreso á conta que corresponda realizar polos premios satisfeitos en especie, que constitúan ganancias patrimoniais, calcularase aplicando a porcentaxe prevista no artigo 97 do presente regulamento ao resultado de incrementar nun 20 por cento o valor de adquisición ou custo para o pagador.

Artigo 104. *Ingreso á conta sobre outras rendas.*

A contía do ingreso á conta sobre as rendas en especie a que se refiren os artigos 98 e 99 do presente regulamento calcularase aplicando ao seu valor de mercado a porcentaxe prevista neles.

Artigo 105. *Ingreso á conta sobre dereitos de imaxe.*

A porcentaxe para calcular o ingreso á conta que debe practicarse no suposto previsto polo punto 8 do artigo 93 da Lei do imposto, será do 15 por cento.

CAPÍTULO IV

Obrigas do retedor e do obrigado a ingresar á conta

Artigo 106. *Obrigas formais do retedor e do obrigado a ingresar á conta.*

1. O suxeito obrigado a reter e practicar ingresos á conta deberá presentar, nos primeiros vinte días naturais dos meses de abril, xullo, outubro e xaneiro, declaración das cantidades retidas e dos ingresos á conta que corres-

pondan polo trimestre natural inmediato anterior, e ingresar o seu importe no Tesouro Público.

Non obstante, a declaración e o ingreso a que se refire o parágrafo anterior efectuarase nos vinte primeiros días naturais de cada mes, en relación coas cantidades retidas e os ingresos á conta que correspondan polo mes inmediato anterior, cando se trate de retedores ou obrigados nos cales concorran as circunstancias a que se refiren os números 1.º e 1.ºbis do punto 3 do artigo 71 do Regulamento do imposto sobre o valor engadido, aprobado polo Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro. Como excepción, a declaración e ingreso correspondente ao mes de xullo efectuarase durante o mes de agosto e os vinte primeiros días naturais do mes de setembro inmediato posterior.

O disposto no parágrafo anterior resultará igualmente aplicable cando se trate de retedores ou obrigados a ingresar á conta que teñan a consideración de administracións públicas, incluída a Seguridade Social, cuxo último orzamento anual aprobado con anterioridade ao inicio do exercicio supere a cantidade de 6 millóns de euros, en relación coas cantidades retidas e os ingresos á conta correspondentes ás rendas a que se refiren as alíneas a) e c) do punto 1 e a alínea c) do punto 2 do artigo 73 do presente regulamento.

Non obstante o anterior, a retención e ingreso correspondente, cando a entidade pagadora do rendemento sexa a Administración do Estado e o procedemento establecido para o seu pagamento así o permita, efectuarase de forma directa.

O retedor ou obrigado a ingresar á conta presentará declaración negativa cando, a pesar de ter satisfeito rendas sometidas a retención ou ingreso á conta, non procedese, por razón da súa contía, a práctica de retención ou ingreso á conta ningún. Non procederá presentación de declaración negativa cando non se satisfixesen, no período de declaración, rendas sometidas a retención e ingreso á conta.

2. O retedor ou obrigado a ingresar á conta deberá presentar, no mesmo prazo da última declaración de cada ano, un resumo anual das retencións e ingresos á conta efectuados. Non obstante, no caso de que o resumo se presente en soporte directamente lexible por ordenador ou fose xerado mediante a utilización, exclusivamente, dos correspondentes módulos de impresión desenvolvidos, para estes efectos, pola Administración tributaria, o prazo de presentación será o comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de xaneiro do ano seguinte a aquel a que corresponde o resumo anual.

Neste resumo, ademais dos seus datos de identificación, poderá exixirse que conste unha relación nominativa dos perceptores cos seguintes datos:

- a) Nome e apelidos.
- b) Número de identificación fiscal.
- c) Renda obtida, con indicación da identificación, descripción e natureza dos conceptos, así como do exercicio en que a dita renda se devengase, incluíndo as rendas non sometidas a retención ou ingreso á conta por razón da súa contía, así como as axudas de custo exceptuadas de gravame e as rendas exentas.
- d) Reducións aplicadas conforme o previsto nos artigos 17, puntos 2 e 3, 24.2 e 94 da Lei do imposto.
- e) Gastos deducibles a que se refiren os artigos 18.2 e 24.1.a) da Lei do imposto, con excepción das cotas satisfeitas a sindicatos e colexios profesionais e os de defensa xurídica, sempre que fosen deducidos polo pagador dos rendementos satisfeitos.
- f) Circunstancias persoais e familiares e importe das reducións que fosen tidas en conta polo pagador para a aplicación da porcentaxe de retención correspondente.
- g) Importe das pensións compensatorias entre cónxuxes e anualidades por alimentos que se tivesen en conta para a práctica das retencións.

h) Retención practicada ou ingreso á conta efectuado.

i) Cantidades reintegradas ao pagador procedentes de rendas devengadas en exercicios anteriores.

As mesmas obrigas establecidas nos parágrafos anteriores estarán suxeitas as entidades domiciliadas residentes ou representantes en España, que paguen por conta allea rendas suxeitas a retención ou que sexan depositarias ou xestionen o cobramento das rendas de valores.

3. O retedor ou obrigado a ingresar á conta deberá expedir en favor do contribuínte certificación acreditativa das retencións practicadas ou dos ingresos á conta efectuados, así como dos restantes datos referentes ao contribuínte que deben incluírse no resumo anual a que se refire o punto anterior.

A citada certificación deberase pór á disposición do contribuínte con anterioridade á apertura do prazo de comunicación ou de declaración por este imposto.

As mesmas obrigas establecidas nos parágrafos anteriores estarán suxeitas as entidades domiciliadas, residentes ou representadas en España, que paguen por conta allea rendas suxeitas a retención ou que sexan depositarias ou xestionen o cobramento de rendas de valores.

4. Os pagadores deberanlles comunicar aos contribuíntes a retención ou ingreso á conta practicado no momento que satisfagan as rendas indicando a porcentaxe aplicada, salvo en rendementos de actividades económicas.

5. As declaracións a que se refire este artigo realizáranse nos modelos que para cada clase de rendas establece o ministro de Economía e Facenda, quen, así mesmo, poderá determinar os datos que deben incluírse nas declaracións, dos previstos no punto 2 anterior, estando obrigado o retedor ou obrigado a ingresar á conta a cubrir a totalidade dos datos así determinados e contidos nas declaracións que o afecten.

A declaración e o ingreso efectuaranse na forma e lugar que determine o ministro de Economía e Facenda, quen poderá establecer os supostos e as condicións de presentación das declaracións por medios telemáticos e ampliar o prazo correspondente ás declaracións que se poidan presentar por esta vía, atendendo a razóns de carácter técnico, así como modificar a contía do orzamento anual e a natureza das rendas a que se refire o parágrafo terceiro do punto 1 deste artigo.

6. A declaración e o ingreso do pagamento á conta a que se refire o punto 3.º do artigo 74.2.d) deste regulamento efectuarase na forma, lugar e prazo que determine o ministro de Economía e Facenda.

CAPÍTULO V

Pagamentos fraccionados

Artigo 107. *Obrigados ao pagamento fraccionado.*

1. Os contribuíntes que exerzan actividades económicas estarán obrigados a autoliquidar e ingresar no Tesouro, en concepto de pagamento á conta do imposto sobre a renda das persoas físicas, a cantidade que resulte do establecido nos artigos seguintes, sen prexuízo das excepcións previstas nos puntos seguintes.

2. Os contribuíntes que desenvolvan actividades profesionais non estarán obrigados a efectuar pagamento fraccionado en relación con elas se, no ano natural anterior, polo menos o 70 por cento dos ingresos da actividade foron obxecto de retención ou ingreso á conta.

3. Os contribuíntes que desenvolvan actividades agrícolas ou gandeiras non estarán obrigados a efectuar pagamento fraccionado en relación con elas se, no ano natural anterior, polo menos o 70 por cento dos ingresos proce-

dentes da explotación, con excepción das subvencións correntes e de capital e das indemnizacións, foron obxecto de retención ou ingreso á conta.

4. Os contribuíntes que desenvolvan actividades forestais non estarán obrigados a efectuar pagamento fraccionado en relación con elas se, no ano natural anterior, polo menos o 70 por cento dos ingresos procedentes da actividade, con excepción das subvencións correntes e de capital e das indemnizacións, foron obxecto de retención ou ingreso á conta.

5. Para efectos do disposto nos puntos 2, 3 e 4 anteriores, en caso de inicio da actividade terase en conta a porcentaxe de ingresos que fosen obxecto de retención ou ingreso á conta durante o período a que se refire o pagamento fraccionado.

Artigo 108. *Importe do fraccionamento.*

1. Os contribuíntes a que se refire o artigo anterior ingresarán, en cada prazo, as cantidades seguintes:

a) Polas actividades que estivesen no método de estimación directa, en calquera das súas modalidades, o 20 por cento do rendemento neto correspondente ao período de tempo transcorrido desde o primeiro día do ano até o último día do trimestre a que se refire o pagamento fraccionado.

Da cantidade resultante por aplicación do disposto nesta letra deduciranse os pagamentos fraccionados ingresados polos trimestres anteriores do mesmo ano.

b) Polas actividades que estivesen no método de estimación obxectiva, o 4 por cento dos rendementos netos resultantes da aplicación do dito método en función dos datos-base do primeiro día do ano a que se refire o pagamento fraccionado ou, en caso de inicio de actividades, do día en que estas comezasen.

Non obstante, no suposto de actividades que teñan só unha persoa asalariada a porcentaxe anterior será o 3 por cento, e no suposto de que non dispoña de persoal asalariado a dita porcentaxe será o 2 por cento.

Cando algún dos datos-base non puidese determinarse o primeiro día do ano, tomarase, para efectos do pagamento fraccionado, o correspondente ao ano inmediato anterior. No suposto de que non puidese determinarse ningún dato-base, o pagamento fraccionado consistirá no 2 por cento do volume de vendas ou ingresos do trimestre.

c) Tratándose de actividades agrícolas, gandeiras, forestais ou pesqueiras, calquera que fose o método de determinación do rendemento neto, o 2 por cento do volume de ingresos do trimestre, excluídas as subvencións de capital e as indemnizacións.

2. As porcentaxes sinaladas no punto anterior divídanse por dous para as actividades económicas que teñan dereito á dedución na cota prevista no artigo 69.4 da Lei do imposto.

3. Da cantidade resultante por aplicación do disposto nos puntos anteriores, deduciranse, se é o caso:

a) As retencións practicadas e os ingresos á conta efectuados correspondentes ao período de tempo transcorrido desde o primeiro día do ano até o último día do trimestre a que se refire o pagamento fraccionado, cando se trate de:

1.º Actividades profesionais que determinen o seu rendemento neto polo método de estimación directa, en calquera das súas modalidades.

2.º Arrendamento de inmobles urbanos que constitúa actividade económica.

3.º Cesión do dereito á explotación da imaxe ou do consentimento ou autorización para a súa utilización que constitúa actividade económica, e demais rendas previstas no artigo 73.2.b) do presente regulamento.

b) As retencións practicadas e os ingresos á conta efectuados conforme o disposto nos artigos 93 e 102 deste regulamento correspondentes ao trimestre, cando se trate de:

1.º Actividades profesionais que determinen o seu rendemento neto polo método de estimación obxectiva.

2.º Actividades agrícolas ou gandeiras.

3.º Actividades forestais.

4. Os contribuíntes poderán aplicar en cada un dos pagamentos fraccionados porcentaxes superiores ás indicadas.

Artigo 109. *Declaración e ingreso.*

1. Os empresarios e profesionais estarán obrigados a declarar e ingresar trimestralmente no Tesouro Público as cantidades determinadas conforme o disposto no artigo anterior nos prazos seguintes:

a) Os tres primeiros trimestres, entre o día 1 e o 20 dos meses de abril, xullo e outubro.

b) O cuarto trimestre, entre o día 1 e o 30 do mes de xaneiro.

Cando da aplicación do disposto no artigo anterior non resultasen cantidades a ingresar, os contribuíntes presentarán unha declaración negativa.

2. O ministro de Economía e Facenda poderá prorrogar os prazos a que fai referencia este artigo, así como establecer supostos de ingreso semestral coas adaptacións que procedan das porcentaxes determinadas no artigo anterior.

3. Os contribuíntes presentarán as declaracións ante o órgano competente da Administración tributaria e ingresarán o seu importe no Tesouro Público.

A declaración axustarase ás condicións e requisitos e o ingreso efectuarase na forma e lugar que determine o ministro de Economía e Facenda.

Artigo 110. *Entidades en réxime de atribución de rendas.*

O pagamento fraccionado correspondente aos rendementos de actividades económicas obtidos por entidades en réxime de atribución de rendas efectuarao cada un dos socios, comuneiros ou partícipes, en proporción á súa participación no beneficio da entidade.

Disposición adicional primeira. Exención das indemnizacións por danos persoais.

Para os efectos do disposto no artigo 7.d) da Lei do imposto, as indemnizacións pagadas conforme o disposto no punto 2 do artigo 1 da Lei sobre responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos de motor, e concordantes do seu regulamento, terán a consideración de indemnizacións na contía legalmente recoñecida, para os efectos da súa cualificación como rendas exentas, en tanto sexan aboadas por unha entidade aseguradora como consecuencia da responsabilidade civil do seu asegurado.

Disposición adicional segunda. *Acordos previos de valoración das retribucións en especie do traballo persoal para efectos da determinación do correspondente ingreso á conta do imposto sobre a renda das persoas físicas.*

1. As persoas ou entidades obrigadas a efectuar ingresos á conta como consecuencia dos rendementos do traballo en especie que satisfagan, poderán solicitar á Administración tributaria a valoración das ditas rendas, conforme as regras do imposto, para os exclusivos efectos de determinar o ingreso á conta correspondente.

2. A solicitude deberá presentarse por escrito antes de efectuar a entrega de bens ou prestación de servizos a que se refira e irá acompañada dunha proposta de valoración formulada polo solicitante.

O dito escrito conterá, como mínimo, o seguinte:

- a) Identificación da persoa ou entidade solicitante.
- b) Identificación e descrición das entregas de bens e prestacións de servizos respecto das cales se solicita a valoración.
- c) Valoración proposta, con referencia á regra de valoración aplicada e ás circunstancias económicas que fosen tomadas en consideración.

3. A Administración tributaria examinará a documentación referida no punto anterior, podendo requirir aos solicitantes cantos datos, informes, antecedentes e xustificantes teñan relación coa proposta.

Así mesmo, os solicitantes poderán, en calquera momento do procedemento anterior ao trámite de audiencia, presentar as alegacións e achegar os documentos e xustificantes que estimen oportunos.

Os solicitantes poderán propor a práctica das probas que entendan pertinentes por calquera dos medios admitidos en dereito. Así mesmo, a Administración tributaria poderá practicar as probas que estime necesarias.

Tanto a Administración tributaria como os solicitantes poderán solicitar a emisión de informes periciais que versen sobre o contido da proposta de valoración.

Unha vez instruído o procedemento e con anterioridade á redacción da proposta de resolución, a Administración tributaria poraa de manifesto aos solicitantes, xunto co contido e as conclusións das probas efectuadas e os informes solicitados, os cales poderán formular as alegacións e presentar os documentos e xustificantes que estimen pertinentes no prazo de quince días.

O procedemento deberá finalizar no prazo máximo de seis meses, contados desde a data en que a solicitude tivese entrada en calquera dos rexistros do órgano administrativo competente ou desde a data da súa emenda por requirimento da Administración tributaria. A falta de resolución da Administración tributaria no prazo indicado implicará a aceptación dos valores propostos polo solicitante.

4. A resolución que poña fin ao procedemento poderá:

- a) Aprobar a proposta formulada inicialmente polos solicitantes.
- b) Aprobar outra proposta alternativa formulada polos solicitantes no curso do procedemento.
- c) Desestimar a proposta formulada polos solicitantes.

A resolución será motivada e, no caso de que se aprobe, conterá polo menos as seguintes especificacións:

- a) Lugar e data de formalización.
- b) Identificación dos solicitantes.
- c) Descrición das operacións.
- d) Descrición do método de valoración, con indicación dos seus elementos esenciais e do valor ou valores que derivan del, así como das circunstancias económicas que deban entenderse básicas para a súa aplicación, destacando as hipóteses fundamentais.
- e) Período ao cal se refire a proposta. O prazo máximo de vixencia será de tres anos.
- f) Razóns ou motivos polos que a Administración tributaria aproba a proposta.
- g) Indicación do carácter vinculante da valoración.

5. A resolución que se dite non será recorrible, sen prexuízo dos recursos e reclamacións que se poidan interpor contra os actos de liquidación que se efectúen como consecuencia da aplicación dos valores establecidos na resolución.

6. A Administración tributaria e os solicitantes deberán aplicar a valoración das rendas en especie do traballo aprobadas na resolución durante o seu prazo de vixencia, sempre que non se modifique a lexislación ou varíen signi-

ficativamente as circunstancias económicas que fundamentaron a valoración.

7. O órgano competente para informar, instruír e resolver o procedemento será o Departamento de Inspección Financeira e Tributaria da Axencia Estatal de Administración Tributaria.

Disposición adicional terceira. *Información aos tomadores dos plans de previsión asegurados.*

Sen prexuízo das obrigas de información establecidas na normativa de seguros privados, mediante resolución da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións estableceranse as obrigas de información que as entidades aseguradoras que comercialicen plans de previsión asegurados deberán pór en coñecemento dos tomadores, con anterioridade á súa contratación, sobre tipo de xuro garantido, prazos de cada garantía e gastos previstos.

Disposición transitoria primeira. Transmisións de elementos patrimoniais afectos realizadas con anterioridade ao 1 de xaneiro de 1998.

1. Para a aplicación do disposto no artigo 21.3 da Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades, na redacción vixente até o 1 de xaneiro de 2002, na transmisión, con anterioridade ao 1 de xaneiro de 1998, de elementos patrimoniais afectos ao exercicio de actividades económicas desenvolvidas por contribuíntes que determinasen o seu rendemento neto mediante o método de estimación obxectiva, tomarase como período de amortización o período máximo de amortización segundo táboas oficialmente aprobadas vixentes no momento do reinvestimento.

2. O prazo de permanencia dos elementos patrimoniais afectos a actividades económicas desenvolvidas por contribuíntes que determinasen o seu rendemento neto mediante o método de estimación obxectiva, ao cal se refire o artigo 21.4 da Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades, na redacción vixente até o 1 de xaneiro de 2002, será, cando o reinvestimento se efectuase con anterioridade ao 1 de xaneiro de 1998, de sete anos, excepto que a súa vida útil, calculada segundo o período máximo de amortización segundo táboas oficialmente aprobadas no momento da reinvestimento, fose inferior.

3. Os contribuíntes que determinasen o seu rendemento neto polo método de estimación obxectiva que se acollesen á exención por reinvestimento prevista no artigo 127 da Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades, na redacción vixente até o 1 de xaneiro de 1999, deberán manter afectos ao desenvolvemento da súa actividade económica os elementos patrimoniais obxecto do reinvestimento de acordo coas seguintes regras:

1.^a Cando a transmisión e o reinvestimento tivesen lugar con anterioridade ao 1 de xaneiro de 1998, o prazo de permanencia do elemento patrimonial determinarase segundo o período máximo de amortización segundo táboas oficialmente aprobadas vixentes no momento do reinvestimento. Tamén se entenderá cumprido o requisito de permanencia cando o elemento patrimonial se mantivese durante os sete anos seguintes ao peche do período impositivo en que venceu o prazo dos tres anos posteriores á data de entrega ou posta á disposición do elemento patrimonial cuxa transmisión orixinou a renda exenta.

2.^a Cando o reinvestimento tivese lugar con posterioridade ao 1 de xaneiro de 1998, o período máximo de amortización ao cal se refire a regra anterior determinarase de acordo coa táboa de amortización prevista no artigo 35.2 deste regulamento.

Disposición transitoria segunda. *Reinvestimento de beneficios extraordinarios.*

Os contribuíntes que, en períodos impositivos iniciados con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2002, transmitisen elementos patrimoniais afectos ás actividades económicas por eles desenvolvidas e optasen por aplicar o previsto no artigo 21 da Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades, na redacción vixente até o 1 de xaneiro de 2002, integrarán o importe total da ganancia patrimonial de acordo co disposto nos artigos 36.2 da Lei 40/1998, do 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias, e 40 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 214/1999, do 5 de febreiro, segundo as redaccións vixentes até o 1 de xaneiro de 2003.

Disposición transitoria terceira. *Regularización de deducións por incumprimento de requisitos.*

Cando, por incumprimento dalgún dos requisitos establecidos, se perda o dereito, en todo ou en parte, ás deducións aplicadas en períodos impositivos iniciados con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2002, as cantidades indebidamente deducidas sumaranse á cota líquida estatal e á cota líquida autonómica ou complementaria, do exercicio en que se produza o incumprimento, na mesma porcentaxe que no seu momento se aplicou.

Disposición transitoria cuarta. *Dividendos procedentes de sociedades transparentes.*

Non existirá obriga de practicar retención ou ingreso á conta do imposto sobre a renda das persoas físicas respecto aos dividendos ou participacións en beneficios que procedan de períodos impositivos durante os cales a entidade que os distribúe se atopase en réxime de transparencia fiscal, de acordo co establecido na disposición transitoria primeira da Lei 46/2002, do 18 de decembro, de reforma parcial do imposto sobre a renda das persoas físicas e pola que se modifican as leis dos impostos sobre sociedades e sobre a renda de non-residentes.

Disposición transitoria quinta. *Réxime transitorio das modificacións introducidas en materia de retencións sobre os rendementos do capital mobiliario e sobre ganancias patrimoniais.*

1. A obriga de reter nas transmisións, amortizacións ou reembolsos de activos financeiros con rendemento explícito será aplicable ás operacións formalizadas desde o 1 de xaneiro de 1999.

Nas transmisións de activos financeiros con rendemento explícito emitidos con anterioridade ao 1 de xaneiro de 1999, en caso de non acreditarse o prezo de adquisición, a retención practicarase sobre a diferenza entre o valor de emisión do activo e o prezo de transmisión.

Non se someterán a retención os rendementos derivados da transmisión, troco ou amortización de valores de débeda pública emitidos con anterioridade ao 1 de xaneiro de 1999 que, con anterioridade a esta data, non estivesen suxeitos a retención.

2. Cando se perciban, a partir do 1 de xaneiro de 1999, rendementos explícitos para os que, por ser a frecuencia das liquidacións superior a doce meses, se efectuasen ingresos á conta, a retención definitiva practicarase ao tipo vixente no momento da exixibilidade e regularizarase atendendo aos ingresos á conta realizados.

Disposición derradeira única. *Autorización ao ministro de Economía e Facenda.*

Autorízase o ministro de Economía e Facenda para ditar as disposicións necesarias para a aplicación deste regulamento.

14532 REAL DECRETO 1776/2004, do 30 de xullo, polo que se aproba o Regulamento do imposto sobre a renda de non-residentes. («BOE» 188, do 5-8-2004.)

A disposición adicional cuarta da Lei 46/2002, do 18 de decembro, de reforma parcial do imposto sobre a renda das persoas físicas e pola que se modifican as leis dos impostos sobre sociedades e sobre a renda de non-residentes, na redacción dada pola disposición derradeira décimo oitava da Lei 62/2003, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, habilitou o Goberno para elaborar o texto refundido da Lei do imposto sobre a renda de non-residentes, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2004, do 5 de marzo.

En relación co dito texto refundido, o Consello de Estado, en dous ditames do 16 de outubro de 2003 e do 26 de febreiro de 2004, observou que se debía proceder a refundir nun único corpo normativo todas as disposicións regulamentarias vixentes, aproveitando a ocasión para realizar unicamente os axustes relativos a remisións e nova numeración de artigos.

Atendendo a observación do alto órgano consultivo elabórase este real decreto, polo que se aproba o Regulamento do imposto sobre a renda de non-residentes, co fin de contribuír á necesaria claridade das normas tributarias e á seguridade xurídica da Administración tributaria e, especialmente, dos contribuíntes.

II

O Real decreto 326/1999, do 26 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento do imposto sobre a renda de non-residentes, que agora se derroga, contiña as disposicións regulamentarias que desenvolvían o réxime de tributación dos contribuíntes non residentes establecido pola Lei 41/1998, do 9 de decembro, do imposto sobre a renda de non-residentes e normas tributarias.

A promulgación da Lei 41/1998 supuxo a regulación independente da imposición directa dos contribuíntes non residentes en territorio español, que con anterioridade se contiña na normativa dos impostos sobre sociedades e sobre a renda das persoas físicas, coñecida como «obriga real de contribuír».

Esta integración na nova lei da normativa aplicable aos contribuíntes non residentes exixiu tamén aprobar unha norma regulamentaria independente e propia baixo a rúbrica do Regulamento do imposto sobre a renda de non-residentes.

O Real decreto 326/1999, desde a súa entrada en vigor, experimentou diversas modificacións, entre as que cabe destacar as introducidas polas seguintes normas:

O Real decreto 1968/1999, do 23 de decembro, que posibilitaba o desenvolvemento do procedemento aplicable en certos supostos relativos á retención, ou exoneración da obriga de practicala, en rendementos derivados da emisión de valores negociables.

O Real decreto 579/2001, do 1 de xuño, introduce modificacións do regulamento relativas á exclusión da obriga de reter ou ingresar á conta respecto aos rendementos do capital mobiliario procedentes da devolución da prima de emisión de accións ou participacións e da redución de capital con devolución de achegas.

Finalmente, as modificacións incorporadas polo Real decreto 116/2003, do 31 de xaneiro, que desenvolvía regulamentariamente as melloras introducidas pola Lei 46/2002, norma esta que orixinou a reforma máis substancial no texto da Lei 41/1998 desde que entrou en vigor. O Real decreto 116/2003 modificou o relativo aos elementos afectos ao establecemento permanente, ás obrigas de retención sobre as rendas de traballo en caso de cambio de residencia e ás entidades en atribución de rendas. Por outra parte, ampliouse a catro anos, sempre que exista reciprocidade, o prazo de devolución de cantidades ingre-